

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8

SESION ORDINARIA DO 26 DE MAIO DE 2008

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta

Lago Rey, María Jesús
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Carreira, Xesús
López Font, Carlos
Martiño Gómez, Antonio
Méndez Piñeiro, María
Molares Pérez, Lucía Emilia
Muñoz Posse, Carlota
Porro Martínez, María Corina
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Veloso Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cinco minutos do día vinteseis de maio do ano dous mil oito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local, Sra. Maure Noia e Sr. Mariño Mendoza e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-

los asuntos da orde do día.

1.- (109).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓN EXT. 24 E ORD. 31.03.08)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións do Pleno da Corporación extraordinaria do día 24 de marzo e ordinaria do día 31 de marzo de 2008.

2.- (110).- TOMA DE POSESIÓN DA CONCELEIRA D^a CARLOTA MUÑOZ POSSE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 8 de maio de 2008, Rexistro Xeral de saída do día 9 do mesmo mes, o Presidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleira do Concello de Vigo a D^a Carlota Muñoz Posse, por estar incluída na lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 27 de maio de 2007, en substitución por renuncia de don Javier Guerra Fernández.

Ante o Alcalde-presidente e en presenza do Pleno da Corporación, a Sra. Muñoz Posse procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:

SRA. MUÑOZ POSSE: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade al Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

TRADÚCESE Ó GALEGO NA PRESENTE ACTA O XURAMENTO FEITO EN CASTELÁN POLA SRA. MUÑOZ POSSE EN CUMPRIMENTO DA LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA 5/1997, DO 22 DE XULLO, E ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, BOP 17.05.89.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias e benvida á Corporación.

3.- (111).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 30 DE ABRIL RELATIVA Ó CAMBIO DE DATA NA REALIZACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 30 de abril de 2008, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

"Coa finalidade de evitar os problemas que se producen pola coincidencia nun mesmo día das sesións do Concello Pleno e da Xunta de Goberno e de conformidade co previsto no artigo 112 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, teño a ben ditar a seguinte

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Anulas a resolución desta Alcaldía de data 24 de abril de 2008 sobre este asunto.

Segundo.- Modificar o apartado cuarto da resolución da Alcaldía de data 20 de xuño de 2007, que queda redactado do seguinte xeito:

"Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, previa convocatoria desta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada "Sala de Goberno" todos os luns non festivos de cada semana, ás 8,00 horas en primeira convocatoria e unha hora despois (9 horas) en segunda.

No caso de que coincida no mesmo día sesión do Pleno do Concello ou cando o día luns fixado sexa festivo, a sesión terá lugar o venres anterior á mesma hora.

Non obstante o previsto, a Alcaldía poderá adiantar ou atrasar as sesións ordinarias, así como suspendelas, con ocasión de períodos vacacionais sempre que isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais."

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

4.-(112).- CAMBIO DE USO DOTACIONAL DOCENTE A XERONTOLÓXICO NA PARCELA MUNICIPAL "E-4.1" DO PLAN PARCIAL DE NAVIA (EXPTE. 10890/411).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 19 de maio de 2008, o director da Área de Planeamento e Xestión e máis o secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo informan do que segue:

1.- En data 03/06/1996 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial de Navia (expte. 2444/411, BOP núm. 183, do 20/09/1996), en desenvolvemento do programa de actuación urbanística aprobado no 08/02/1996.

Dito acordo foi clarexado noutro posterior de data 29/04/2002 (expte. 7556/411, BOP 19/07/2002). No 03/10/1997 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización dese ámbito (expte. 3992/401). O 19 de xullo de 2004 aprobouse definitivamente a Modificación Puntual nº 1 do Plan Parcial de Navia (expediente 7849/411).

Trátase a actuación urbanística de NAVIA dunha operación de iniciativa pública desenvolvida polo Instituto Galego da vivenda e do Solo (IGVS), a través de "XESTUR PONTEVEDRA", incluída no convenio asinado no 30/01/1992 entre dita Administración autonómica e o Concello de Vigo para a xeración de solo residencial en Vigo.

2.- As parcelas de titularidade municipal no Plan parcial de Navia foron cedidas no seu día polo IGVS ao Concello de Vigo por se tratar de dotacións públicas do Plan Parcial, para equipamento público deportivo, social, educativo e de espazos libres e zonas verdes. O instrumento que serviu de base para a cesión de titularidade ó Concello de Vigo dos espazos libres, equipamentos e aproveitamento urbanístico foi o "Convenio específico de cesión parcial de espazos libres, parte do viario, equipamentos e aproveitamento urbanístico correspondentes ó Concello derivado da execución do sector do Plan Parcial de Navia" aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22.06.05

3.- O 26.04.2007 asinou un protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social da Xunta de Galicia para a construción e posta en marcha dun centro de atención a persoas maiores e dependentes.

4.- En data 18.01.2008 a Concelleira delegada de Benestar Social asinou un informe sobre a necesidade de posta en funcionamento dun Centro de Coidados Xerontolóxicos nun terreo de 10.000 m², a segregarse da parcela dotacional escolar do Plan Parcial de Navia de propiedade municipal, polo que se precisa que por parte da Xerencia de Urbanismo se desenvolvan os trámites oportunos que permitan destinar 10.000 m² da devandita parcela, á instalación dunha dotación de centro de coidados xerontolóxicos.

5.- En data 07.03.2008 a Concelleira Delegada da área de urbanismo e vivenda ditou resolución de incoación do expediente de modificación do uso de equipamento docente E.4 previsto no Plan parcial de Navia (parcela 16) necesario para a colocación dun centro de coidados xerontolóxicos e de asistencia á dependencia, ó abeiro do disposto no artigo 47.4 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

6.- O departamento municipal de Cartografía aportou un plano, que figura no expediente, cunha proposta de delimitación dunha parcela desas dimensións, apto para o uso que se solicita.

7.- No 07.03.2008 outorgóuselle un trámite de audiencia á Concellería de Educación do Concello e ao Instituto Galego da Vivenda e o Solo (promotor do Plan Parcial de Navia), como posibles interesados. No día 24.04.2008 o Director Xeral do IGVS presentou nesta Administración municipal un informe no que manifestou o

seguinte:

"Que de acordo co disposto polo artigo 47.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e visto o protocolo de colaboración asinado con data 26/04/2007 entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, para a construción e posta en marcha dun centro de atención a persoas maiores e dependentes, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) manifesta a súa conformidade para que se leve a cabo a modificación do uso dotacional docente por un dotacional de carácter social axeitado a tal fin na superficie necesaria para levar a cabo o proxecto acordado".

8.- No 15/05/2008 a concelleira de Educación emitiu un informe ao respecto. O mesmo día o Alcalde-Presidente resolveu: *"PRIMEIRO: Entender xustificado e conveniente para o interese público municipal o cambio do uso dotacional público (de "educativo" a "xeriátrico") na parcela 16 (E.4) do Plan Parcial de Navia que se está tramitando no expediente de referencia. SEGUNDO: Que continúe a tramitación do referido procedemento na forma legalmente establecida (...)"*.

VALORACIÓN/FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O art. 47.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que:

"O Concello Pleno, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos".

II.- Para tal fin, no procedemento debe xustificarse o interese público e a viabilidade do pretendido cambio de uso dotacional. Recabouse para iso o pertinente informe das concellerías afectadas, así como do IGVS, que o emitiu en senso favorable. Asemade, o Alcalde-Presidente declarou o interese público municipal do pretendido cambio na citada resolución do 15/05/2008.

III.- O procedemento especial regrado no art. 47.4 LOUGA non require da apertura dun trámite de información pública. Porén, consonte co disposto no art. 86 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Procedemento Administrativo, pode potestativamente abrirse dito período de información pública se se desexa obter unha maior participación pública. O acordo final do cambio de uso deberá publicarse no BOP e no DOG, notificándose á CPTOPT da Xunta de Galicia (art. 92 LOUGA).

IV.- Trala emisión e publicación do devandito acordo, e dado que o terreo de referencia se integra no dominio público municipal, a Concellería de Patrimonio do Concello deberá tramitar a correspondente segregación da finca matriz e cesión á Administración autonómica na forma legalmente establecida."

Polo anteriormente exposto, os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, a máis dun punto terceiro que di o seguinte:

"Notifíquesele o contido íntegro deste acordo ó departamento de Patrimonio do Concello a fin de que coa debida celeridade proceda a efectuar os trámites necesarios para segregar a finca en cuestión e cederlla á Xunta de Galicia na forma legalmente establecida."

Con data 26 de maio, o secretario xeral do Pleno presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 22 de maio, acorda retirar o punto terceiro da proposta transcrito anteriormente e propón ó Pleno da Corporación a aprobación dos puntos primeiro e segundo da da citada proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar o cambio de uso dotacional público da parcela municipal "E-4-2" do Plan Parcial de Navia, de 10.000 m² de superficie, que se segregará da finca matriz "E-4", de educativo a asistencial público -centro de coidados xerontolóxicos- (expte. 10890-411).

Segundo.- Publíquese este acordo no BOP e no DOG, notificándosele aos interesados na forma legalmente establecida. Notifíquesele tamén á CPTOPT da Xunta de Galicia.

5.- (113).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 27/08. SUPLEMENTO DE CRÉDITO "REURBANIZACIÓN DA PRAZA EDUARDO CHAO". EXPTE. 55250/250.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 7 de abril de 2008, a Alcaldía-Presidencia resolveu a incoación do expediente de suplemento de crédito para a "Reurbanización da praza de Eduardo Chao. Fase 2".

Con data 9 de abril, a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 9 de abril, o interventor xeral emite o preceptivo informe co seguinte contido:

"Recibido nesta Intervención Xeral no día de hoxe Decreto do Alcalde, solicitándose inicio de expediente de modificación orzamentaria (suplemento), co fin de suplementalo crédito na partida relativa á "Reurbanización da Praza Eduardo Chao", infórmase o seguinte:

A devandita modificación implica, conforme ó estipulado polo artigo 177 do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, a aprobación dun expediente de suplemento de crédito, xa que, o crédito existente non é suficiente.

O financiamento farase con cargo á partida que figura no referido Decreto e que pertence ao Departamento de Patrimonio Histórico e que, no caso que nos ocupa, se pode prescindir dela, tal e como se deduce coa sinatura de conformidade por parte da Concelleira delegada da Area de Patrimonio Histórico.

Este expediente, previo ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, someterase, segundo o preceptuado polo citado artigo 177 a aprobación plenaria, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos. Serán así mesmo, de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade dos Orzamentos a que se refire o artigo 169 do citado Texto Refundido.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO APLICACIÓN

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
5110.6110038	Reurb. praza Eduardo Chao	34.396,24

ORIXE

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
4531.6110000	1ª fase plan mobilidade Casco Vello	34.396,24

A presente modificación do orzamento por un importe total de 34.396,24 euros infórmase favorablemente por esta Intervención Xeral, ao se axustar a mesma á normativa legal esixible a este tipo de expediente.

Igualmente no expediente figura informe de data 15 de abril emitido polo interventor xeral, igualmente no expediente figura informe de data 15 de abril emitido polo interventor xeral, en cumprimento do establecido no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, manifestando que non afecta o equilibrio orzamentario en termos de estabilidade, xa que non se produce ningunha alteración das cifras totais de previsións de ingresos e créditos de gastos de natureza non financeira, polo que os seus efectos, procedencia e finalidade son os indicados en dito precepto.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de maio de 2008, ditaminou favorablemente a proposta formulada pola concelleira delegada de Economía e Facenda citada anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria núm.27/08, relativa ao gasto que se relaciona no decreto de incoación, por un importe de 34.396,24 euros.

Segundo.- Someter o expediente aos trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do Texto Refundido da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais.

6.- (114).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 32/08. SUPLEMENTO DE CRÉDITO "OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO". EXPTE. 203/322.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 11 de abril de 2008, a Alcaldía-Presidencia resolveu a incoación do expediente de modificación orzamentaria (crédito extraordinario) por importe total de 6.000 €.

Con data 14 de abril, a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 14 de abril, o interventor xeral emite o preceptivo informe co seguinte contido:

"Con data 11 dos correntes, o Alcalde-Presidente desta Corporación, incoa expediente de modificación de créditos para afrontar un cambio de finalidade do crédito existente: en concreto, cambia-lo crédito relativo aos Convenios (existentes no Capítulo II, partida 2270601) e traspasa-lo importe ao capítulo IV, creándose, para elo, a partida 4890000, por un importe total de 6.000 euros, cantidade esta igual á que figura actualmente no orzamento.

A devandita modificación implica, conforme ao estipulado polo artigo 177 do Real Decreto 2/2004, de data 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a aprobación dun expediente de concesión de crédito extraordinario, ao non existir no presuposto vixente crédito presupostario co que atender o mencionado gasto e non poder demorarse ata o exercizo seguinte sen prexuízo do interese xeral.

O financiamento para afrontar a devandita modificación farase con cargo á anulación da partida que figura reflectida no informe-proposta asinado pola xefa da Oficina Municipal de Voluntariado e conformado polo seu concelleiro delegado.

Este expediente, xunto co ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda,

someterase, segundo o preceptuado polo citado artigo 177 do RD 2/2004, a aprobación plenaria, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos. Serán así mesmo, de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade dos presupostos a que se refire o artigo 169 do citado Real Decreto.

APLICACIÓN

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
4634.4890000	Convenios	6.000.00

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>ORIXE</u>	<u>IMPORTE</u>
4634.2270601	Convenios		6.000.00

A presente modificación do orzamento se informa favorablemente por esta Intervención Xeral, ao se axustar a mesma á normativa legal esixible a este tipo de expediente."

Igualmente no expediente figura informe de data 15 de abril emitido polo interventor xeral, en cumprimento do establecido no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, manifestando que non afecta o equilibrio orzamentario en termos de estabilidade, xa que non se produce ningunha alteración das cifras totais de previsións de ingresos e créditos de gastos de natureza non financeira, polo que os seus efectos, procedencia e finalidade son os indicados en dito precepto.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de maio de 2008, ditaminou favorablemente a proposta formulada pola concelleira delegada de Economía e Facenda citada anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.-Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria núm. 32/08, relativa ao gasto que se relaciona no decreto de incoación, por un importe de 6.000 euros.

Segundo.- Someter o expediente aos trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do RD 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. De non se presentar ningunha reclamación ou alegación, no prazo de exposición pública, o acordo inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor ó

día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

7.- (115).- NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE SUPLENTE DO CONCELLO NO
CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de maio de 2008, a concelleira de Economía e
Facenda e mailo concelleiro de Xestión Municipal, informan do que segue:

"Esta Concelleira de Economía e Facenda é vocal designada polo Concello Pleno, en
sesión de 17 de xullo de 2007, para representar a este no Consello Territorial da
Propiedade Inmobiliaria da provincia de Pontevedra.

Formula ó Concello Pleno, previo ditame da Comisión de Xestión Municipal o
nomeamento dun/ha segundo/a representante para o caso en que esta vocal non
puidera asistir a algunha sesión por impedimento, ausencia ou enfermidade.

Así, o punto 10 do acordo plenario do 17 de xullo de 2007 "Nomeamento de
representantes da Corporación en diversos órganos de entidades públicas", no
apartado terceiro relativo á representación do Concello no Consello Territorial da
Propiedade Inmobiliaria da provincia de Pontevedra, quedaría rectificado no
seguintes termos:

"O Concello de Vigo estará representado no Consello Territorial da Propiedade
Inmobiliaria pola súa Concelleira delegada da Area de Economía e Facenda D^a
Raquel Díaz Vázquez. En caso de impedimento, ausencia ou enfermidade,
substituirá á citada concelleira D^a M^a Jesús Magdalena Vila, funcionaria do Concello,
Directora de Ingresos."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de maio, ditaminou
favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros da Corporación,
que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta asinada pola concelleira delegada de Economía e Facenda e
máis polo concelleiro de Xestión Municipal, co texto que se transcribe nos
antecedentes deste acordo.

8.- (116).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS DISPOSICIÓNS COMÚNS
ÁS ORDENANZAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE.
EXPTE. 5739/306.

ANTECEDENTES.- Con data 29 de abril de 2008 o vocal do Tribunal Económico-administrativo do Concello, Sr. Pola Tombo, coa conformidade da concelleira delegada de Medio Ambiente, emite o seguinte informe-proposta:

"Por decreto da alcaldía de 10 de marzo de 2008, encomendouse ó asinante da presente proposta, con carácter transitorio, a instrución dos expedientes sancionadores en materia medioambiental.

Nas conversas mantidas coa Sra. Concelleira Delegada de Medio Ambiente púxose de manifesto a necesidade de efectuar unha serie de modificacións puntuais ó contido das ordenanzas que se citan, co fin de dispoñer dos elementos disuasorios precisos para acadar os obxectivos de control das infraccións en materia de medio ambiente, toda vez que, na materia de referencia, dende o ano 1994 non se efectuou actualización das sancións en materia medioambiental, agás no caso da contaminación acústica.

Por isto, pola Sra. Concelleira encomendouse a redacción de proposta de modificación puntual das citadas ordenanzas neste senso.

XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA.

PRIMEIRO.- A potestade sancionadora da administración, quizais a máis pública de todas as súas potestades, onde esta desenvolve a actividade máis próxima á xurisdiccional, ten coma evidente fin a represión dos ilícitos e non o incremento da recadación. Anticípase este comentario ó fin de que, dende un principio quede claro que, non obstante o incremento das contías das sancións que se propoñen para a modificación das ordenanzas reguladoras que se citarán, non é o fin recadatorio o que move á modificación.

Previamente á fundamentación xurídica que xustificará a legalidade das modificacións que se propoñen, si que convén facer certas reflexións partindo de considerar a Administración e o seu labor dende unha perspectiva económica máis que xurídica có fin de xustificar a oportunidade da medida. Dende esta, a clave atópase na relación entre os medios (humanos, técnicos e financeiros) de que dispón a Administración e os usos dos mesmos, alternativos e cada día máis diversos, no actual contexto da quizais en crise Economía do Benestar e das actuais tendencias de goberno que establecen entre Administración e administrado unha relación máis de cliente que de suxeición.

É por isto que, ó meu entender, calquera actuación que se pretenda acometer debe

partir dun necesario estudo sobre a idoneidade dos métodos a empregar e, sobre todo, das posibilidades de incrementar a eficiencia dos procedementos a fin de que absorban a menor cantidade posible dos escasos recursos e estes poidan ser destinados ós usos alternativos que así mesmo demanda a sociedade cada vez con maior intensidade. A situación ideal se dará cando os mecanismos de control sexan percibidos coma dunha eficacia tal que o potencial infractor perciba a non economía do feito de transgredir a norma. Resumindo, a mellor inspección, sexa cal sexa o seu ámbito, é aquela que non “atopa” traballo.

Aínda que manida, a expresión “quen contamina, paga” non debe ser a cabeceira da actuación: evidentemente, quen contamina debe pagar, pero a actuación administrativa debe guiarse polo obxectivo de que o potencial infractor sexa consciente da economía negativa de infrinxir as normas.

Aínda que referido ó ámbito tributario, é totalmente extrapolable ó aquí indicado o clásico estudo de Allingham e Sandmo do ano 1972 *“Income tax evasion: a theoretical analysis”*. Neste modelo, establécese que os consumidores son racionais e escollerán de xeito óptimo unha porción do seu ingreso (antes de impostos) que non declararán ante o administrador fiscal. Os resultados enfócanse a estudar os efectos das sancións, os trocos nas taxas impositivas e na aversión ó risco dos contribuíntes. Coma non podía ser doutro xeito, establécese a existencia dunha relación inversa entre nivel de fraude e contía das sancións por unha banda e, por outra, a mesma relación inversa cós recursos destinados a detectar a evasión (RDDE).

Sobre o modelo anteriormente descrito, Lara Pulido (2007) en “Recaudador vs contribuyente: el juego de la evasión fiscal”, incorpora os postulados da Teoría de Xogos de Nash na interacción estratéxica entre o contribuínte e o administrador fiscal; mediante as mellores respostas dos xogadores, determina a existencia e unicidade do equilibrio de Nash e conclúe que a evasión diminúe cando existen maiores sancións, disciplina fiscal e esforzos para mellorar a eficiencia dos métodos.

Así pois, e tendo en conta que medidas coma o peche das actividades ou revogación das licenzas incrementan a complexidade e diminúen a eficiencia do procedemento, estas deben ser medidas excepcionais e complementarias no procedemento (ou mesmo parte da progresividade do procedemento sancionador), que debe basearse principalmente en reprimir os ilícitos en base á imposición de sancións económicas coñecidas a priori polos potenciais infractores a fin de lograr a disuasión do maior número posible deles. Isto completárase con procedementos sancionadores levados ata o final, de xeito que non caiba dúbida que calquera conduta anti-xurídica será obxecto da correspondente sanción e prestando toda a adicación a evitar que as mesmas sexan malogradas por vicios propios do procedemento, para o cal se procederá a uniformar os procedementos e a establecer un rigoroso control de prazos.

Coa combinación dos instrumentos de que dispón o xogador “Administración” (sancións monetarias, multas coercitivas, execucións subsidiarias, sancións non monetarias e medidas cautelares) podemos entender que o equilibrio de Nash deberá situarse para o xogador “potencial infractor” nun punto moi próximo á

ausencia de infracción, sempre que, claro está, os procedementos actúen coa eficacia axeitada e non sexan anulados por vicios intrínsecos dos mesmos.

SEGUNDO.- Por outra banda, aínda que poida parecer innovadora, a incorporación dos maiores importes das sancións é, na maioría dos supostos, superflua.

Isto e así porque, ó entender do asinante, nos supostos principais que son incorporados ás ordenanzas, existe unha clara prevalencia da normativa sectorial estatal e autonómica sobre a tipificación contida nas ordenanzas. Compre ter en conta, coma primeiro aspecto, que as obrigas medioambientais veñen impostas normalmente por Directivas Comunitarias e que as irrisorias e non disuasorias sancións que conteñen as vixentes ordenanzas poderían considerarse contrarias ó referido ordenamento, ó ser implicitamente derogadas pola entrada en vigor das normas que incorporan o acervo comunitario ó noso ordenamento. Mesmo as referidas normas sectoriais, conscientes da necesidade de ser inflexible nos asuntos medioambientais, incorporan cláusulas de concorrencia de sancións facendo prevalecer a máis onerosa delas (así, o artigo 34 da Lei 34/2007, de calidade do aire e protección da atmosfera, establece que “Cuando por unos mismos hechos y fundamentos jurídicos, el infractor pudiese ser sancionado con arreglo a esta Ley y a otra u otras leyes que fueran de aplicación, de las posibles sanciones se le impondrá la de mayor gravedad”).

Así pois, aínda que se incorpora ó texto das ordenanzas expresamente a referencia á incorporación de determinadas normas, engádese unha norma residual no artigo 16bis.3 das Disposicións Comúns ás ordenanzas municipais de protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, aclaratoria máis que necesaria segundo o anteriormente dito.

Por outra banda, nas ordenanzas específicas defínese coma grave a resistencia á actuación inspectora e increméntanse as contías das sancións pola comisión de infraccións ós preceptos das ordenanzas en aplicación da modificación que, ó fin de paliar a insuficiencia endémica da potestade sancionadora das Entidades Locais, efectuou a Lei 57/2003, o engadir un artigo 141 á Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

Por outra banda, nos casos en que a Lei así o prevé, régúlase a imposición das multas coercitivas correspondentes, independentes das sancións, para obrigar ós infractores a repoñer a legalidade. Todo isto sen esquecer que, en todo caso, a Administración pode optar pola execución subsidiaria das medidas que teña acordado a costa dos mesmos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

1.- Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como a protección do medio ambiente e da salubridade pública (art. 25.2.d], e], f] e h] LRBRL e art. 80.2.d], e] e arts. 81.d] e 86.1.i] LALGA).

2.- As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (arts. 84.1.a LRBRL e 5 do RSCL) e

constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da L.7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local (LRBRL) e do RD. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 6.1.a) da L.5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

3.- Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (arts. 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).

4.- As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero si tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (arts. 4, 286 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da L.57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local (BOE nº 301, do 17.12.2003).

5.- A teor do disposto na precitada L.57/2003, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF.

6.- De acordo cos artigos 49 da LRBRL (na redacción dada pola L.11/99, do 21 de abril) e 56 do RDLex. 781/86, do 18 de abril (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local: TRRL), a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

- Aprobación inicial polo Pleno.
- Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
- De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

7.- Conforme co previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da LRBRL e 196.2 do ROF, a ordenanza deberá publicarse integramente no BOP e entrará en vigor ós quince (15) días hábiles da súa publicación completa."

Vistos o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 12 de maio, presta a súa aprobación á citada proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de maio, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Engadir un artigo 16bis ás Disposicións Comúns ás ordenanzas Municipais de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, aprobadas definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo do 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 do 18/10/1994), que terá o seguinte literal:

“Artigo 16bis.

1.- A determinación das infraccións, sancións e competencia nas materias ás que se refiren as ordenanzas municipais de protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo será a establecida pola normativa sectorial de aplicación e, supletoriamente, polas referidas ordenanzas.

2.- En concreto, será de aplicación preferente ó réxime sancionador establecido polas ordenanzas:

- a) En materia de contaminación atmosférica, a Lei Estatal 34/2007, do 16 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera e a Lei Autonómica 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia, así coma as normas ditadas no seu desenvolvemento
- b) En materia de residuos sólidos urbanos, a Lei Estatal 10/1998, do 21 de abril, pola que se ditan normas reguladoras en materia de residuos e a Lei Autonómica 10/1997, do 22 de agosto, pola que se regula a xestión dos residuos sólidos urbanos así coma as normas ditadas no seu desenvolvemento

3.- Calquera outra norma estatal ou autonómica que conteña tipificación de infraccións e sancións na materia regulada polas ordenanzas municipais e estableza a competencia municipal nas mesmas será de aplicación preferente ó contido das mesmas tanto na tipificación das infraccións coma na contía das sancións.

4.- Salvo especificación contraria, no caso de sancións establecidas por intervalos e en ausencia de agravantes ou atenuantes, as sancións previstas na normativa de aplicación serán impostas no grao medio do intervalo.

5.- Cando polos mesmos feitos e fundamentos xurídicos o infractor puidera ser sancionado con arranxo a varias leis de aplicación, das posibles sancións seralle imposta a de maior gravidade.

Segundo.- Modificar os artigos 70 e 74 da ordenanza municipal de Protección do Medio Ambiente Atmosférico, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de

Vigo do 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 do 18/10/1994), que terán o seguinte teor literal:

“Artigo 70,

1.- Terán a consideración de infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas nas leis e nesta ordenanza, así coma a desobediencia ós mandatos de establecer as medidas correctoras sinaladas ou de seguir determinada conduta, en relación coas materias que as mesmas regulan.

2.- As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves segundo establecen este e os artigos seguintes.

3.- A resistencia, obstrución, escusa ou negativa á actuación inspectora terá en todo caso a consideración de infracción grave.

4.- Calquera acto ou omisión que contraveña as normas contidas nesta ordenanza e non estea tipificado coma infracción terá o carácter de infracción leve.

5.- As sancións reguladas nesta sección son compatibles, nos supostos nos que a lexislación sectorial así o estableza, coa imposición de multas coercitivas. Todo isto sen prexuízo da execución subsidiaria polo Concello de Vigo ou por quen este designe, por conta do infractor e á súa costa, das actuacións necesarias para a reposición da legalidade.”

“Artigo 74.

Sen prexuízo do establecido polo artigo 16bis das Disposicións Comúns ás ordenanzas municipais de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, as infraccións ós preceptos desta ordenanza sancionaranse da seguinte maneira:

a. Infraccións leves, con multa de ata 750 €.

b. Infraccións graves, con multa de 751 ata 1.500 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.

c. Infraccións moi graves, con multa de 1.501 ata 3.000 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo.”

Terceiro.- Modificar o artigo 32 e engadir un artigo 32bis á ordenanza municipal reguladora dos Vertidos non Domésticos de Augas Residuais, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo do 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 do 18/10/1994), que terán o seguinte literal:

“Artigo 32.

1.- Terán a consideración de infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas nas leis e nesta ordenanza, así coma a

desobediencia ós mandatos de establecer as medidas correctoras sinaladas ou de seguir determinada conduta, en relación coas materias que as mesmas regulan.

2.- As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves segundo establecen este e os artigos seguintes.

3.- A resistencia, obstrución, escusa ou negativa á actuación inspectora terá en todo caso a consideración de infracción grave.

4.- Calquera acto ou omisión que contraveña as normas contidas nesta ordenanza e non estea tipificado coma infracción terá o carácter de infracción leve.

5.- As sancións reguladas nesta sección son compatibles, nos supostos nos que a lexislación sectorial así o estableza, coa imposición de multas coercitivas. Todo isto sen prexuízo da execución subsidiaria polo Concello de Vigo ou por quen este designe, por conta do infractor e á súa costa, das actuacións necesarias para a reposición da legalidade.”

“Artigo 32bis

Sen prexuízo do establecido polo artigo 16bis das Disposicións Comúns ás ordenanzas municipais de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, as infraccións ós preceptos desta ordenanza sancionaranse da seguinte maneira:

- a. Infraccións leves, con multa de ata 750 €.
- b. Infraccións graves, con multa de 751 ata 1.500 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.
- c. Infraccións moi graves, con multa de 1.501 ata 3.000 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo”

Cuarto.- Modificar os artigos 48, 49 e 51 da ordenanza municipal de Limpeza Pública e Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo do 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 do 18/10/1994), que terán o seguinte literal:

“Artigo 48

1.- Terán a consideración de infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas nas leis e nesta ordenanza, así coma a desobediencia ós mandatos de establecer as medidas correctoras sinaladas ou de seguir determinada conduta, en relación coas materias que as mesmas regulan.

2.- As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves segundo establecen este e os artigos seguintes.

3.- A resistencia, obstrución, escusa ou negativa á actuación inspectora terá en todo caso a consideración de infracción grave.

4.- Calquera acto ou omisión que contraveña as normas contidas nesta ordenanza e non estea tipificado coma infracción terá o carácter de infracción leve.

5.- As sancións reguladas nesta sección son compatibles, nos supostos nos que a lexislación sectorial así o estableza, coa imposición de multas coercitivas. Todo isto sen prexuízo da execución subsidiaria polo Concello de Vigo ou por quen este designe, por conta do infractor e á súa costa, das actuacións necesarias para a reposición da legalidade.”

“Artigo 49.

O abandono ou eliminación de vehículos que segundo a normativa de aplicación teñan a consideración de residuos sólidos urbanos, constituirá infracción grave e sancionarase con multa de 3.000€.”

“Artigo 51

Sen prexuízo do establecido polo artigo 16bis das Disposicións Comúns ás ordenanzas municipais de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, as infraccións ós preceptos desta ordenanza sancionaranse da seguinte maneira:

- a. Infraccións leves, con multa de ata 750 €.
- b. Infraccións graves, con multa de 751 ata 1.500 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.
- c. Infraccións moi graves, con multa de 1.501 ata 3.000 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo.”

Quinto.- Modificar o artigo 33 e engadir un artigo 33bis á ordenanza municipal reguladora da instalación de contedores na Vía Pública, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo do 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 do 18/10/1994), que terán o seguinte literal:

“Artigo 33.

1.- Terán a consideración de infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas nas leis e nesta ordenanza, así coma a desobediencia ós mandatos de establecer as medidas correctoras sinaladas ou de seguir determinada conduta, en relación coas materias que as mesmas regulan.

2. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves segundo establecen este e os artigos seguintes.

3.- A resistencia, obstrución, escusa ou negativa á actuación inspectora terá en todo caso a consideración de infracción grave.

4.- Calquera acto ou omisión que contraveña as normas contidas nesta ordenanza e non estea tipificado coma infracción terá o carácter de infracción leve.

5.- As sancións reguladas nesta sección son compatibles, nos supostos nos que a lexislación sectorial así o estableza, coa imposición de multas coercitivas. Todo isto sen prexuízo da execución subsidiaria polo Concello de Vigo ou por quen este designe, por conta do infractor e á súa costa, das actuacións necesarias para a reposición da legalidade.”

“Artigo 33bis.

Sen prexuízo do establecido polo artigo 16bis das Disposicións Comúns ás ordenanzas municipais de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, as infraccións ós preceptos desta ordenanza sancionaranse da seguinte maneira:

- a. Infraccións leves, con multa de ata 750 €.
- b. Infraccións graves, con multa de 751 ata 1.500 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.
- c. Infraccións moi graves, con multa de 1.501 ata 3.000 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo”

Sexto.- Modificar os artigos 27 e 31 da ordenanza municipal de Zonas Naturais e Espazos Verdes, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo do 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 do 18/10/1994), que terán o seguinte literal:

“Artigo 27.

1.- Terán a consideración de infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas nas leis e nesta ordenanza, así coma a desobediencia ós mandatos de establecer as medidas correctoras sinaladas ou de seguir determinada conduta, en relación coas materias que as mesmas regulan.

2.- As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves conforme ás determinacións que para foco contaminador establecen este e os artigos seguintes.

3.- A resistencia, obstrución, escusa ou negativa á actuación inspectora terá en todo caso a consideración de infracción grave.

4.- Calquera acto ou omisión que contraveña as normas contidas nesta ordenanza e non estea tipificado coma infracción terá o carácter de infracción leve.

5.- As sancións reguladas nesta sección son compatibles, nos supostos nos que a lexislación sectorial así o estableza, coa imposición de multas coercitivas. Todo isto sen prexuízo da execución subsidiaria polo Concello de Vigo ou por quen este designe, por conta do infractor e á súa costa, das actuacións necesarias para a reposición da legalidade.”

“Artigo 31.

Sen prexuízo do establecido polo artigo 16bis das Disposicións Comúns ás ordenanzas municipais de Protección do Medio Ambiente do Concello de Vigo, as infraccións ós preceptos desta ordenanza sancionaranse da seguinte maneira:

- a. Infraccións leves, con multa de ata 750 €.
- b. Infraccións graves, con multa de 751 ata 1.500 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.
- c. Infraccións moi graves, con multa de 1.501 ata 3.000 €, precintado do emisor ou do vehículo, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo”

Sétimo.- Entrada en vigor: Os artigos engadidos ou modificados nas ordenanzas mencionadas entrarán en vigor unha vez se teña publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo establecido no artigo 70.2, en relación có artigo 65.2, da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

9.- (117).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS NAS VÍAS URBANAS. EXPTE. 74358/210.

ANTECEDENTES.- Con data 13 de maio de 2008 a técnica de administración xeral Sra. Garcinuño Barreiro, coa conformidade do xefe da área de Mobilidade, Transportes e Seguridade, emite o seguinte informe proposta:

I. ANTECEDENTES DE FEITO:

I.1. En sesión ordinaria do 11.02.2008, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de ordenanza municipal reguladora das operacións de carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas.

I.2. Previo ditame favorable da Comisión Informativa de Mobilidade, o Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 25.02.2008, acordou aprobar inicialmente a ordenanza municipal, abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

I.3. Publicouse anuncio da aprobación inicial plenaria no BOP nº 58, do

26.03.2008, e na prensa local do 28.03.2008 (Faro de Vigo e máis Atlántico Diario).

I.4. Durante o período de información pública, presentáronse un total de cinco alegacións segundo resulta da certificación expedida polo Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local en data 05.05.2008.

II. NORMATIVA APLICABLE:

- CE: Constitución Española de 1978.
- LRXPAC: Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- LRBRL: Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- LMMGL: Lei 57/2003, do 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- LALGA: Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- TRRL: Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- ROF: Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- TALT: Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aprobou o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.
- RXC: Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Circulación.

III. ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO EXPT Nº 74358/210:

ALEGACIÓN Nº 1.

ALEGANTE: "Viguesa de Transportes, S.L".

DATA REXISTRO: 22.04.2008.

NÚM. DOC: 80.048.763.

CONTIDO E VALORACIÓN:

Con relación á habilitación que realiza o art. 8 do carril-bus para a realización das tarefas de carga e descarga, "Viguesa de Transporte, S.L" expón que por seguridade vial tan só debería permitirse cando exista dobre carril ou máis no mesmo sentido da circulación.

Vista esta alegación, e partindo da premisa que esa foi en todo momento a liña a seguir pola Concellería de Mobilidade, debe clarificarse a redacción do art. 8, quedando redactado do seguinte xeito:

"ARTIGO 8.

Permítense realizar tarefas de carga e descarga nos tramos de rúa en que exista carril reservado para o transporte público urbano así como nas zonas reservadas para a súa parada, desde as 00:00 horas ata as 06:00 horas. Esta habilitación do carril-bus para a realización das tarefas de carga e descarga soamente operará nas calzadas con máis dun carril no mesmo sentido de circulación".

PROPOSTA:

- Estimar a alegación presentada o 22.04.2008 por "Viguesa de Transporte, S.L", con nº de doc. 80.048.763.

ALEGACIÓN Nº 2.

ALEGANTE: "Ramilo, S.A".
DATA REXISTRO: 25.04.2008.
Nº DOC.: 80.050.672.

CONTIDO E VALORACIÓN:

Solicita a ampliación das vías nas que non se limita a circulación aos vehículos que superen a masa máxima de 10.000 Kg., co obxecto de poder acceder ás súas instalacións sen ter que contar con autorización especial.

Ao abeiro do disposto no informe técnico de 12.05.2008, non procede ampliar as vías.

PROPOSTA:

- Desestimar a alegación presentada o 25.04.2008 por "Ramilo, S.A", con nº de doc. 80.050.672.

ALEGACIÓN Nº 3.

ALEGANTE: Don José Eladio Viso Veloso, actuando como Presidente da Xunta Directiva da Asociación Provincial de Autopatróns do Taxi da Provincia de Pontevedra, da Sociedade Cooperativa Galega de Autotaxis e Gran Turismo de Vigo e Provincia de Pontevedra e da Sociedade Cooperativa Galega Central Radio Taxi.
DATA REXISTRO: 30.04.2008.
Nº DOC: 80.053.089.

CONTIDO E VALORACIÓN:

Con relación á habilitación do carril-bus para a realización das tarefas de carga e descarga, don José Eladio Viso Veloso, expón que por seguridade vial tan só poderá permitirse cando exista dobre carril no mesmo sentido de circulación.

Vista esta alegación, de igual contido que a presentada por "Viguesa de Transporte, S.L", e partindo da premisa que esa foi en todo momento a liña a seguir pola Concellería de Mobilidade debe clarificarse a redacción do art. 8, quedando redactado do seguinte xeito:

"ARTIGO 8.

Permítense realizar tarefas de carga e descarga nos tramos de rúa en que exista carril reservado para o transporte público urbano así como nas zonas reservadas para a súa parada, desde as 00:00 horas ata as 06:00 horas. Esta habilitación do carril-bus para a realización das tarefas de carga e descarga soamente operará nas calzadas con máis dun carril no mesmo sentido de circulación".

PROPOSTA:

- Estimar a alegación presentada o 30.04.2008 por don José Eladio Viso Veloso, actuando como Presidente da Xunta Directiva da Asociación Provincial de Autopatróns do Taxi da Provincia de Pontevedra, da Sociedade Cooperativa Galega de Autotaxis e Gran Turismo de Vigo e Provincia de Pontevedra e da Sociedade Cooperativa Galega Central Radio Taxi.

ALEGACIÓN Nº 4.

ALEGANTE: Don Gustavo Lago Rey, actuando en representación de "Bernardo Alfageme, S.A".

DATA REXISTRO: 30.04.2008.

Nº DOC: 80.053.244.

Solicita a ampliación das vías nas que non se limita a circulación aos vehículos que superen a masa máxima de 10.000 Kg., co obxecto de poder acceder ás súas instalacións sen ter que contar con autorización especial.

Ao abeiro do disposto no informe técnico de 12.05.2008, non procede ampliar as vías.

PROPOSTA:

- Desestimar a alegación presentada o 30.04.2008 por Don Gustavo Lago Rey, actuando en representación de "Bernardo Alfageme, S.A", con nº de doc. 80.053.244.

ALEGACIÓN Nº 5.

ALEGANTE: Don Santiago Arenas Villarroel.

DATA REXISTRO: 03.05.2008.

Nº DOC: 80.054.119.

Solicita a ampliación do horario de carga e descarga ás 24 horas os domingos e festivos, a ampliación do horario establecido no art.11.2 das 7:30 horas ás 08:00 horas, a supresión da sinal S-17 nas reservas de carga e descarga, fai alegacións varias con relación aos horarios establecidos para a realización de tarefas de carga e descarga.

Ao abeiro do acordo alcanzado pola Concellería de Mobilidade e os representantes dos supermercados de cercanías, na reunión do 30.04.2008, de ampliar o horario establecido no art. 11.2 co obxecto de poder realizar operacións de carga e descarga de mercadorías na vía pública ata as 08:00 horas e non ata as 7:30 horas.

PROPONSE:

- Estimar parcialmente a alegación presentada o 03.05.2008 por don Santiago Arenas Villarroel, con nº de doc. 80.054.119, no senso de ampliar o horario establecido no art. 11.2 de poder realizar operacións de carga e descarga de mercadorías na vía pública ata as 08:00 horas e non ata as 7:30 horas.

IV.- MODIFICACIÓNS DE OFICIO:

A.- Coa finalidade de clarificar que os vehículos mixtos adaptables son vehículos autorizados para realizar as operacións de carga e descarga nos lugares especialmente reservados, cómpre modificar de oficio a redacción establecida no art. 3 da ordenanza, quedando redactado do seguinte xeito:

“ARTIGO 3.

3.1.- Considéranse vehículos autorizados para a realización das operacións de carga e descarga nos lugares reservados para isto, os vehículos mixtos adaptables e aqueles concibidos e construídos para o transporte de mercadorías, xa sexan privados complementarios ou públicos, con independencia de se están obrigados ou non a posuír tarxeta de transporte.

3.2.- Aos efectos da presente ordenanza, enténdese por:

- Vehículos mixtos adaptables: os automóviles especialmente dispostos para o transporte, simultáneo ou non, de mercadorías e persoas ata un máximo de nove, incluído o condutor, e no que se pode substituír eventualmente a carga, parcial ou totalmente, por persoas mediante a adición de asentos.*
- Transportes privados complementarios: aqueles que se levan a cabo por conta propia por empresas ou establecementos, cuxas finalidades principais non son de transporte, como complemento necesario ou axeitado para o correcto desenvolvemento das actividades principais que devanditas empresas ou establecementos realizan. Estes vehículos poden estar rotulados, coa denominación do establecemento, ou sen rotular.*
- Transportes de mercadorías públicos: aqueles que se levan a cabo por conta allea mediante retribución económica.”*

B.- Simplifícase a redacción do art. 6, quedando redactado do seguinte xeito:

“ARTIGO 6.-

6.1.- Por resolución do Concelleiro Delegado competente poderanse establecer zonas reservadas para as tarefas de carga e descarga durante o horario establecido e reflectido na sinalización correspondente.

Fóra do horario indicado na sinalización, as zonas reservadas serán de uso público coas restricións propias segundo o tipo de zona de que se trate (residentes, XER ...).

6.2.- Como regra xeral, permítese a realización de tarefas de carga e descarga fóra das zonas reservadas sempre que a parada ou o estacionamento do vehículo se realice respectando as regras de tráfico, nunca en dobre fila.

6.3.- Exceptúanse desta regra xeral, as tarefas de carga e descarga que se desenvolvan en zonas limitadas en tempo de estacionamento (Zona XER). Nestes casos, soamente poderán realizar tarefas de carga e descarga fóra das zonas reservadas os seguintes vehículos: Motocicletas de reparto urxente, vehículos adscritos aos servizos municipais, vehículos de reparto de produtos derivados do petróleo, vehículos de transportes de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de ancho, cunha marxe de tolerancia de ata 5%, así como os vehículos que contén con autorización municipal.”

C.- Simplifícase a redacción do art. 11, quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 11.-

11.1.- Establécese o seguinte ámbito territorial:

- *Un polígono interior delimitado polas seguintes rúas, incluídas as mencionadas: Concepción Arenal, Areal, Isaac Peral, San Lourenzo, Doutor Antón Beiras, Travesía de Vigo, Pizarro, Pza. de España, Gran Vía, Pza. de América, Coruña, Pza. Industria, Jacinto Benavente, Ribeira do Berbés, Cánovas del Castillo e Montero Ríos.*

- *As seguintes rúas e tramos de rúas exteriores ao polígono delimitado: García Barbón, Sanjurjo Badía, Buenos Aires, Travesía de Vigo, Gregorio Espino, Urzáiz, Aragón (entre a rúa Genaro de la Fuente e Urzáiz), Sagunto, Estrada Provincial (entre Camiño Quirós e Gran Vía), Avda. Castrelos (entre Pza. América e Alcalde Portanet), Alcalde Portanet (entre Castrelos e Val Miñor), Manuel de Castro, Avda. Balaídos, Avda. Fragoso, Avda. Florida (entre Pza. América e Manuel de Castro), Tomás A. Alonso e Camilo Veiga.*

11.2.- No ámbito territorial delimitado no artigo 11.1, non se poderán realizar operacións de carga e descarga de mercadorías na vía pública durante as seguintes horas:

- *Desde as 08:00 horas ata as 09:30 horas, desde as 13:00 horas ata as 15:00 horas e desde as 18:00 horas ata as 22:00 horas, agás domingos e festivos que se prohíbe realizar carga e descarga agás a subministración de combustibles derivados do petróleo a estacións de servizo.*

- *Non estarán suxeitos a limitación horaria ningunha as motocicletas destinadas ao reparto urxente, os vehículos de transporte de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo ata 2 metros de ancho, cunha marxe de tolerancia de ata 5%, nin os vehículos adscritos aos servizos municipais.*

- *O reparto domiciliario de GLP en bombonas non se poderá realizar desde as 13:00 horas ata as 15:00 horas, nin desde as 18:00 horas ata as 22:00 horas."*

D.- Suprímese da redacción do art. 13.1 a habilitación da reserva do vao para realizar carga e descarga, quedando redactado do seguinte xeito:

"Con carácter preferente, a carga e descarga de mercadorías realizarase no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas e posúan autorización de vao para o acceso de vehículos".

Simplifícase a redacción do art. 13 quedando redactado do seguinte xeito:

"Na realización das operacións de carga e descarga observaranse as seguintes prescricións:

13.1.- *Con carácter preferente, a carga e descarga de mercadorías realizarase no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas e posúan autorización de vao para o acceso de vehículos.*

13.2.- *Poderán facer uso das zonas reservadas, dentro do horario establecido na sinalización, os vehículos de transportes de mercadorías autorizados durante un tempo máximo de 15 minutos.*

Nas zonas reservadas, dentro do horario establecido e reflectido na sinalización, prohibese o estacionamento e parada dos vehículos non autorizados e, tamén, daqueles que estando autorizados non estean realizando efectivamente devanditas tarefas. Nestes casos, os vehículos poderán ser inmovilizados ou retirados polos axentes da policía local mediante o emprego de elementos mecánicos idóneos.

13.3.- *As tarefas de carga e descarga realizaranse respectando as regras de tráfico. Prohibese parar ou estacionar en dobre fila para realizar estes labores.*

13.4.- *As tarefas de carga e descarga realizaranse de acordo co disposto no artigo 16 do Regulamento Xeral de Circulación. Respectaranse as disposicións sobre parada e estacionamento; as mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo ao bordo da beirarrúa ou pola parte traseira, sen interferir na circulación rodada da zona e garantindo o paso e a seguridade do tránsito peonil. En ningún caso obstaculizarase o acceso a fincas e comercios.*

13.5.- *As tarefas de carga e descarga levaranse a cabo con medios dabondo para conseguir celeridade, e procurando evitar ruídos e molestias innecesarias. Será de aplicación á realización destas operacións o disposto na ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.*

13.6.- *Queda prohibido depositar as mercadorías na calzada, beiravía e zonas peonís (inclúese dentro do concepto de zonas peonís a beirarrúa, o andén e o paseo)."*

E.- No art. 17 habilítase á Policía Local para inmovilizar os camións que salgan das obras cando as súas rodas no estean limpas de terra e lama e lixen a vía pública.

F.- Modifícase a redacción dos arts. 21 e 22, relativos á tipificación das infraccións administrativas.

V. COMPETENCIA MUNICIPAL:

Segundo o disposto na LMMGL 57/2003, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a) e ao Pleno Municipal a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d).

De acordo co disposto no art. 49 da LRBRL, estase a seguir o seguinte procedemento para a aprobación da ordenanza: Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia dos interesados por un prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións

presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP entrando en vigor na data disposta na disposición final segunda, aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra."

Visto o anteriormente exposto, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 19 de maio de 2008, ditamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Informar que durante o período de exposición houbo unha escasa participación en canto ó que se refire a alegacións. Aceptamos algunha das que se propoñen; en concreto unha presentada pola concesionaria do transporte público e tamén polo presidente da Asociación Provincial do Taxi, no que se refire á habilitación do carril bus para os labores de carga e descarga dende as cero ás seis da madrugada, enténdese que é nas calzadas que teñan máis dun carril no mesmo sentido de circulación. É obvio que naqueles casos onde hai carril exclusivamente bus nunha dirección, sen que haxa a posibilidade de facer o adiantamento, non é aplicable como dende o principio era a intención da concellería de Mobilidade.

Tamén houbo algunha proposta por parte dun par de empresas que piden que se amplíen as vías para a circulación de vehículos de máis de dez toneladas de masa para acceder ás súas instalacións sen contar con autorización especial. Entendemos que non se pode facer así, é necesaria esa autorización especial para non ampliar innecesariamente esas vías para uso libre de transporte pesado.

Tamén hai unha alegación dun particular sobre diversas cuestións secundarias que, aínda era intención da concellería así formulada ás organizacións de transportistas e outras organizacións que teñen que ver coa carga e descarga, se acepta unha que é que o horario para prohibición de carga e descarga modifícase lixeiramente na mañanciña; en lugar comezar a prohibición ás 7,30, vai empezar ás oito da mañá.

O que ten máis relevancia é unha serie de modificacións de oficio porque obviamente, de todas as xuntanzas que mantivemos mesmo posteriormente á súa aprobación provisional e atendendo ademais ó debate que aquí se fixo, entendemos que hai melloras e que era importante clarificar algúns aspectos interesantes.

Quizais o primeiro sexa o de salientar que os vehículos mixtos adaptables, previstos

para o transporte de persoas e de mercadorías, cunha definición que está perfectamente clara na ordenanza, están autorizados ás operacións de carga e descarga nos lugares especialmente reservados de xeito que o queremos deixar claro na ordenanza tal como queda agora no artigo 3.

Así mesmo se simplifica significativamente a redacción do artigo 6, non só en canto á súa claridade senón cunha diferenza que me parece importante, proposta directamente dende á Concellería a todas ás organizacións de transportistas. Non imos diferenciar entre o ámbito central, perfectamente definido na ordenanza, e o resto da cidade á hora de considerar as zonas de carga e descarga como privilexio e obriga ou privilexio só. Imos deixar en todo o ámbito da cidade que as zonas de carga e descarga sexan un privilexio para os transportistas que decidan utilizalas. Agás unha pequena excepción: na zona XER na que soamente poderán realizar carga e descarga os vehículos que estean habilitados para iso; mesmo simplificamos a redacción dese tipo de vehículos, motocicletas, vehículos que non excedan os 5 metros de longo e dous de ancho, etc. É dicir, simplificando ó máximo e deixando perfectamente claro que a achega de zonas de carga e descarga é un privilexio para mellorar ese labor por parte das empresas de transportes, particulares, comercios, etc. que teñan esa necesidade cos seus vehículos, sen que sexa unha obriga. Se atopan algún outro sitio que non sexa a zona de carga e descarga poden utilizalo para eses labores.

Queda clara a ampliación dentro do artigo 11, que tamén se simplifica lixeiramente na súa redacción, que no ámbito central o horario onde non se poden realizar as operacións de carga e descarga no canto de empezar esa prohibición ás sete e media, amplíase e empeza ás oito de xeito que queda de 8 a 9,30, de 13 a 15 e de 18 a 22 horas, horario no que están habilitadas case de xeito xeral as novas zonas de carga e descarga que se porán en canto empece a aplicación definitiva desta ordenanza.

Amplíase polo tanto o horario para esa utilización de carga e descarga nunha hora e media respecto á ordenanza anterior o que penso que é enormemente positivo para esta función.

Así mesmo e tamén dun xeito consensuado como o resto da ordenanza, limitamos o reparto domiciliario de gases licuados do petróleo en bombonas que non se poderá realizar dende as 13 horas ata as 15 nin dende as 18 ás 22 horas. É dicir, dos tramos queda a primeira hora da mañá e por suposto o resto do horario das 24 horas do día.

Suprímese dentro do artigo 13, no que se fala das obrigas para a realización das operacións de carga e descarga, algo que foi proposto pola oposición no seu momento, cando se trouxo aquí a ordenanza para a súa aprobación inicial, como é a posibilidade

de realizar a carga e descarga na reserva de vao. Coincidimos que obviamente unha reserva de vao non é para realizar carga e descarga porque eses labores teñen que se realizar no interior dos locais comerciais e industriais. O resto do artigo 13 tamén resulta simplificado lixeiramente.

No artigo 17 con esta ordenanza habilitamos á Policía Local para inmovilizar ós camións que saian das obras cando as súas rodas non estean limpas de terra e laña e lixen á vía pública.

Así mesmo nos artigos 21 e 22, onde se tipifican as infraccións administrativas, entendemos que o transporte pesado, camións de máis de dez toneladas, cando pasen das vías nas que están autorizados consideramos que esa infracción é importante unha vez que fixemos unha valoración do resto das ordenanzas das principais cidades da comunidade, polo tanto esa infracción debe pasar de leve a grave, cousa que tamén se reclamou na intervención do Grupo do Partido Popular, a pesar de que durante os tres anos e medio anteriores na ordenanza anterior estaba tipificado como leve. Entendemos que é bo que se considere grave esa infracción.

Isto é o fundamental dos cambios que ten a ordenanza para a súa aprobación definitiva. En todo caso todos estes temas, incluídas as alegacións, estudáronse con representantes das empresas de transporte, mesmo de xeito ampliado a sectores vitais como son os supermercados de proximidade e unha vez verificado ese consenso espero que se aprobe por unanimidade esta ordenanza que hoxe se trae a votación.

SR. COELLO BUFILL: Se mo permiten voume retrotraer a aquel Pleno do 25 de febreiro de 2008 e en primeiro lugar pídolles desculpas por me ter que aguantar tanto tempo pero dalgún xeito concitei unha curiosidade, fixen unha intervención prolixa e detallada e coido que se notou unha man estendida con toda a xenerosidade do todopoderoso voceiro do goberno que lle agradezo profundamente.

Ós poucos días atopeime cunha persoa á que aprecio de forma coloquial que é militante do Partido Socialista e dirixe unha institución pública e díxome en bo ton que estivera revoltoso nese Pleno. Se entendo por revoltoso que somos un grupo no que a sagacidade, a inquietude e a rebeldía nos caracterizan, agradezo ese cualificativo. Temos un grupo que quere ser alternativa de goberno e paréceme e así o sinto nestes días porque considero que en política hai que estar ata que un poida ou ata que lle deixen os superiores.

Coido que fixen unha serie de aportacións, evidentemente con outras que se tiveron en conta a través das xuntanzas que tivo a concellería de Mobilidade, tamén digo que é

unha ordenanza que sae con consenso e non tivo contestación o que é positivo para toda a cidade.

Esta ordenanza que substitúe a aquela do ano 91 con xa dezasete anos de pervivencia, coido e espero que polo menos chegue ós vinte anos como mínimo.

Como dixen aquelas críticas que eu fixen non caeron en saco roto. Como dixo o Sr. Calviño houbo modificacións de oficio que melloran substancialmente todo o texto o que fai que estea moi mellorado, que vai facer que a convivencia daquelas persoas que se adican ó transporte e carga e descarga das mercadorías, para que cheguen puntualmente ós supermercados, centros de traballo, etc., teñan a posibilidade de traballar con maior seguridade.

Tamén se corrixiron erros tanto materiais como de fondo. Como dixo o Sr. Calviño na súa intervención queda definitivamente resolto o que eu non entendía do "vehículo complementario" cos vehículos mixtos e unha modificación que me parece moi satisfactoria é que para a realización de tarefas de carga e descarga no carril bus, só se operará nas calzadas con máis dun carril no mesmo sentido da circulación. Obviamente tamén houbo alegacións tanto da empresa concesionaria do transporte público como dos taxistas porque nalgúns carrís, de se manter aquela disposición, podería haber problemas de seguridade e sería unha contradición nunha área na que se vela fundamentalmente por la seguridade.

En canto ó artigo 12 na miña opinión coido que só por resolución adoptada polo propia concelleiro poida ser rectificadada a masa máxima de dez mil quilos, entendo que debería ser polo Pleno que é quen ten a vontade popular porque me parece de gran transcendencia.

No artigo 13 deuse unha volta de porca e mellorouse substancialmente. Tamén falou o Sr. Calviño daquela falta que parecía leve e era unha contradición absoluta, que os camións puideran ir fóra das rutas establecidas e sancionar só cunha falta leve. Tamén se corrixiu e agora está no lugar que lle corresponde como falta grave.

Para rematar, ó mellor non é o texto que nós presentaríamos, queda algún floco como a unificación de prazos. Se dalgún xeito facemos a burocracia máis "lixreira" para os administrados tamén beneficiaría ós nosos funcionarios, pero isto é só unha suxestión. Existe un texto mellorado, menos improvisado, menos ambiguo, máis coherente, máis preciso, máis traballado e adaptado ás novas necesidades da cidade. Moitas grazas e imos votar favorablemente.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Dun xeito absolutamente positivo e agradecendo o voto

favorable porque unha cousa que se vai votar por unanimidade sempre é boa nunha Corporación, con todo o cariño dicirlle que agás nos temas que el mesmo recolleu e que hoxe non fixo referencia a eles, eu tampouco vou insistir, vostede Sr. Coello non só estivo revoltoso no Pleno en que aprobamos inicialmente esta ordenanza, senón que equivocado en moitos dos puntos que citou. Pero non quero insistir neses puntos senón que exclusivamente nos que vostede está a salientar.

Canda fala do artigo 11, das competencias que tería o concelleiro delegado, isto obviamente faise polo necesario dinamismo e vitalidade que ten que ter calquera ordenanza. Sabe moi ben que non se poden establecer modificacións na ordenanza por vía bando da Alcaldía, como vostede utilizou con frecuencia, porque así o di o réxime xurídico das administracións públicas e que quede esa porta aberta, con todas as salvidades que teñen que ter as competencias dun concelleiro delegado, é algo moi importante para unha norma que non se pode estar cambiando cada varios meses ou cada ano.

Non se preocupe que respecto ó punto do que fala vostede vai tardar moitísimo en caso de que sexa necesario modificar a masa máxima autorizada para os vehículos nas rutas establecidas porque o estudo que se fixo asegura que iso vai durar moitos anos.

No artigo 13, unha das cousas que queda simplificada e nese sentido o seu chamamento foi bastante oportuno porque calquera é moi sensible ás posibles modificacións dunha ordenanza que ten que ser seguida por moita xente, dicirlle que en efecto me lembro do que dixo do froiteiro ou do representante de xoias durante a súa intervención no Pleno. O máis curioso do asunto é que vostede utilizou a ordenanza anterior e multando a ese froiteiro e a ese xoieiro durante os últimos tres anos e medio porque así estaba xa na ordenanza.

Sabe que as zonas de carga e descarga non son para que as utilicen os turismos, precisamente por iso queda perfectamente claro o tema co engadido dos vehículos mixtos, adaptables, que entre outras cousas permitirán que ningún xoieiro nin froiteiro teña que mercar dous vehículos porque cun mixto adaptable poderá facer o seu labor como turismo e no traballo de carga e descarga.

O máis curioso é que ó mellor vostede cando propuxo iso no anterior Pleno non se deu de conta que o estivo aplicando durante tres anos e medio con abundantes multas a eses representantes que obviamente necesitan realizar tarefas de distribución de mercadorías.

Coido que o fundamental do asunto, por non incidir nos temas nos que vostede estivo claramente trabucado na súa anterior intervención, é que temos unha ordenanza

mellor, consensuada na que mesmo o Partido Popular está de acordo co que todo deben ser felicitacións e nese sentido felicito ó grupo do Partido Popular por ese apoio.

SR. COELLO BUFILL: Moi breve para replicar ó Sr. Calviño. Eu non falei de multas, vin cunha actitude absolutamente positiva porque coido que no fondo se mellorou substancialmente a ordenanza e non boto a vista atrás. Repito que agradezo a xenerosidade que tivo o seu grupo para mellorar esta ordenanza.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Con base no informe-proposta da técnica da administración xeral da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade do 13.05.2008, transcrito na parte expositiva deste acordo, estimar parcialmente, no sentido indicado no mesmo, a alegación presentada durante o trámite de información pública por don Santiago Arenas Villarroel, con nº de doc. 80.054.119. Desestimar devandita alegación no resto dos seus contidos.

Segundo.- Con base no informe-proposta da técnica da administración xeral da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade do 13.05.2008, transcrito na parte expositiva deste acordo, estimar as alegacións presentadas durante o trámite de información pública por “Viguesa de Transporte, S.L”, co nº de doc. 80.048.763 e por don José Eladio Viso Veloso, actuando como Presidente da Xunta Directiva da Asociación Provincial de Autopatróns do Taxi da Provincia de Pontevedra, da Sociedade Cooperativa Galega de Autotaxis e Gran Turismo de Vigo e Provincia de Pontevedra e da Sociedade Cooperativa Galega Central Radio Taxi, co nº de doc. 80053089.

Terceiro.- Con base no informe-proposta da técnica da administración xeral da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade, transcrito na parte expositiva deste acordo, aprobar as modificacións de oficio que se propón no devandito informe.

Cuarto.- Aprobar definitivamente a ordenanza municipal reguladora das operacións de carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas (exp. nº 74358/210), co texto que se transcribe ao final deste acordo, no que se incorporan as correccións derivadas da estimación das alegacións presentadas e as propostas de oficio.

Quinto.- Ao abeiro do disposto nos artigos 70.2 Lei 7/1985, do 2 de abril,

Reguladora das bases de réxime local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), publicar este acordo e o texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, entrando en vigor aos quince días hábiles desta publicación.

Sexto.- Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 107.3, 109 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da súa impugnación indirecta, conforme cos artigos 26 e 27 da LRX-PAC, e da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS NAS VÍAS URBANAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de abastecemento de mercadorías ás industrias e comercios da cidade de Vigo, así como a subministración de materiais ás obras de construción e reparación de inmobles que se realizan, necesariamente ten que ser compatible co tráfico rodado e peonil.

A presente ordenanza regula as operacións de carga e descarga en vehículos de transporte de mercadorías ou mixtos adaptables nas vías urbanas do término municipal de Vigo coa finalidade de garantir que se executen en condicións idóneas de seguridade e sen causar prexuízo ao tráfico rodado e peonil. Para os efectos da presente ordenanza, considérase vía urbana toda vía pública comprendida dentro da zona urbana da poboación, entendéndose por tal a delimitación establecida no Plan xeral de ordenación urbana.

Considerando que estas vías presentan maior conflictividade en materia de tráfico nas horas puntas de cada xornada e coa finalidade de que non teñan que soportar a dificultade engadida que supón a realización das devanditas operacións, establécense limitacións horarias para desenvolvelas. Asemade, a realización das mesmas deberá ser compatible co resto das actividades que se realizan na vía pública, polo que tamén se regula a forma de realizar ditas tarefas.

Na mesma liña, coa finalidade de axilizar a circulación e diminuír a conflictividade do

tráfico nas vías máis conxestionadas da nosa cidade, establécese que os vehículos con masa máxima autorizada superior a 10.000 Kg. deberán circular polas rutas delimitadas na presente ordenanza, agás autorización especial.

Finalmente, establécese un réxime sancionador aplicable ás infraccións que, do mesmo xeito, tipifícanse nesta Ordenanza.

Por todo isto, cómpre regulamentar este tipo de operacións de carga e descarga mediante esta ordenanza, sendo competencia municipal en virtude do establecido no artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 80.2.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, artigos 7.a).b) e 38.4 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aprobou o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e artigo 93 do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Circulación.

ARTIGO 1.

As operacións de carga e descarga dos vehículos de transporte de mercadorías nas vías urbanas do termo municipal de Vigo rexeranse polas disposicións establecidas na presente ordenanza e, no que non estea previsto nesta, polo establecido, con carácter xeral, no Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, nos regulamentos que a desenvolven e demais normativa aplicable.

ARTIGO 2.

Aos efectos da presente ordenanza, enténdese por operacións de carga e descarga na vía pública a acción e efecto de trasladar unha mercadoría desde un vehículo de transportes de mercadorías estacionado ou parado na mesma a unha finca ou viceversa.

ARTIGO 3.

3.1. Considéranse vehículos autorizados para a realización das operacións de carga e descarga nos lugares reservados para isto, os vehículos mixtos adaptables e aqueles concibidos e construídos para o transporte de mercadorías, xa sexan privados complementarios ou públicos, con independencia de se están obrigados ou non a posuír tarxeta de transporte.

3.2. Aos efectos da presente ordenanza, enténdese por:

- Vehículos mixtos adaptables: Os automóviles especialmente dispostos para o transporte, simultáneo ou non, de mercadorías e persoas ata un máximo de nove, incluído o condutor, e no que se pode substituír eventualmente a carga, parcial ou totalmente, por persoas mediante a adición de asentos.

- Transportes privados complementarios: Aqueles que se levan a cabo por conta propia por empresas ou establecementos, cuxas finalidades principais non son de transporte, como complemento necesario ou axeitado para o correcto

desenvolvemento das actividades principais que devanditas empresas ou establecementos realizan. Estes vehículos poden estar rotulados, coa denominación do establecemento, ou sen rotular.

- Transportes de mercadorías públicos: Aqueles que se levan a cabo por conta allea mediante retribución económica.

ARTIGO 4.

Prohíbese aos turismos realizar operacións de carga e descarga nas zonas especialmente reservadas para estas tarefas durante o horario establecido e reflectido na sinalización correspondente.

ARTIGO 5.

Prohíbese aos vehículos de mudanzas realizar operacións de carga e descarga nas zonas especialmente reservadas para estas tarefas durante o horario establecido e reflectido na sinalización correspondente.

Os titulares destes vehículos deberán solicitar á Policía Local reserva de estacionamento polo tempo que se considere necesario para realizar as súas cargas e descargas, cunha antelación mínima de tres días hábiles á ocupación da vía pública, previo pagamento das correspondentes taxas.

ARTIGO 6.

6.1. Por resolución do Concelleiro Delegado competente poderanse establecer zonas reservadas para as tarefas de carga e descarga durante o horario establecido e reflectido na sinalización correspondente.

Fóra do horario indicado na sinalización, as zonas reservadas serán de uso público coas restricións propias segundo o tipo de zona de que se trate (residentes, XER...).

6.2. Como regra xeral, permítese a realización de tarefas de carga e descarga fóra das zonas reservadas sempre que a parada ou o estacionamento do vehículo se realice respectando as regras de tráfico, nunca en dobre fila.

6.3. Exceptúanse desta regra xeral, as tarefas de carga e descarga que se desenvolvan en zonas limitadas en tempo de estacionamento (Zona XER). Nestes casos, soamente poderán realizar tarefas de carga e descarga fóra das zonas reservadas os seguintes vehículos: Motocicletas de reparto urxente, vehículos adscritos aos servizos municipais, vehículos de reparto de produtos derivados do petróleo, vehículos de transportes de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de ancho, cunha marxe de tolerancia de ata 5%, así como os vehículos que contén con autorización municipal.

ARTIGO 7.

Mediante resolución do Concelleiro Delegado competente, nas zonas limitadas en tempo de estacionamento (Zona XER) poderán establecerse espazos reservados

para que os vehículos autorizados, aos que se refire o artigo 3, realicen carga e descarga dentro do horario establecido e reflectido na sinalización correspondente. Durante este horario, exceptúase a vehículos autorizados que desenvolvan estas tarefas de estar provistos de título habilitante.

Coa finalidade de combinar ambos usos nos espazos reservados que se establezan na zona XER, o mero estacionamento inactivo e mailas tarefas de carga e descarga, o vehículo autorizado non poderá executar estas tarefas ao finalizar o horario permitido, reflectido na sinalización correspondente, debendo abandonar o espazo reservado salvo que se limite ao mero estacionamento inactivo estando provisto do título habilitante. Non obstante, os vehículos de transportes de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de ancho, cunha marxe de tolerancia de ata 5%, poderán executar operacións de carga e descarga ao finalizar o horario permitido, reflectido na sinalización correspondente, estando provistos de título habilitante.

ARTIGO 8.

Permítense realizar tarefas de carga e descarga nos tramos de rúa en que exista carril reservado para o transporte público urbano así como nas zonas reservadas para a súa parada, desde as 00:00 horas ata as 06:00 horas. Esta habilitación do carril-bus para a realización das tarefas de carga e descarga soamente operará nas calzadas con máis dun carril no mesmo sentido de circulación.

ARTIGO 9.

Poderanse autorizar zonas reservadas para carga e descarga, solicitadas a instancia dos comerciantes, de acordo coas operacións que desenvolven e a incidencia das mesmas no tráfico da zona, requirindo, en todo caso, informe previo dos técnicos municipais.

ARTIGO 10.

As zonas reservadas para carga e descarga sinalizaranse horizontalmente con marca amarela zigzag e/ou marca amarela lonxitudinal descontinua e verticalmente co sinal S-17 ou R-307 e panel complementario indicador do horario de realización das tarefas.

ARTIGO 11.

11.1. Establécese o seguinte ámbito territorial:

- Un polígono interior delimitado polas seguintes rúas, incluídas as mencionadas: Concepción Arenal, Areal, Isaac Peral, San Lourenzo, Doutor Antón Beiras, Travesía de Vigo, Pizarro, Pza. de España, Gran Vía, Pza. de América, Coruña, Pza. Industria, Jacinto Benavente, Ribeira do Berbés, Cánovas del Castillo e Montero Ríos.

- As seguintes rúas e tramos de rúas exteriores ao polígono delimitado: García Barbón, Sanjurjo Badía, Buenos Aires, Travesía de Vigo, Gregorio Espino, Urzáiz,

Aragón (entre a rúa Genaro de la Fuente e Urzáiz), Sagunto, Estrada Provincial (entre Camiño Quirós e Gran Vía), Avda. Castrelos (entre Pza. América e Alcalde Portanet), Alcalde Portanet (entre Castrelos e Val Miñor), Manuel de Castro, Avda. Balaídos, Avda. Fragoso, Avda. Florida (entre Pza. América e Manuel de Castro), Tomás A. Alonso e Camilo Veiga.

11.2. No ámbito territorial delimitado no artigo 11.1, non se poderán realizar operacións de carga e descarga de mercadorías na vía pública durante as seguintes horas:

- Desde as 08:00 horas ata as 09:30 horas, desde as 13:00 horas ata as 15:00 horas e desde as 18:00 horas ata as 22:00 horas, agás domingos e festivos que se prohíbe realizar carga e descarga agás a subministración de combustibles derivados do petróleo a estacións de servizo.
- Non estarán suxeitos a limitación horaria ningunha as motocicletas destinadas ao reparto urxente, os vehículos de transporte de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo ata 2 metros de ancho, cunha marxe de tolerancia de ata 5%, nin os vehículos adscritos aos servizos municipais.
- O reparto domiciliario de GLP en bombonas non se poderá realizar desde as 13:00 horas ata as 15:00 horas, nin desde as 18:00 horas ata as 22:00 horas.

ARTIGO 12.

Mediante resolución do Concelleiro Delegado competente, poderanse ditar disposicións que versen sobre as seguintes materias:

- Creación ou supresión das zonas reservadas para carga e descarga.
- Sinalización das zonas de carga e descarga.
- Modificación do horario permitido para desenvolver as operacións de carga e descarga, en relación coa problemática propia nas diferentes rúas e barrios da cidade.
- Prohibición puntual da realización de tarefas de carga e descarga, en determinadas zonas da cidade, considerando razóns de interese xeral, tales como a celebración de procesións relixiosas, celebración de festas ou grandes eventos populares ou culturais.
- Modificación da masa máxima autorizada dos vehículos e das rutas establecidas no artigo 18 da presente Ordenanza.

ARTIGO 13.

Na realización das operacións de carga e descarga observaranse as seguintes prescricións:

13.1. Con carácter preferente, a carga e descarga de mercadorías realizarase no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas e posúan autorización de vao para o acceso de vehículos.

13.2. Poderán facer uso das zonas reservadas, dentro do horario establecido na

sinalización, os vehículos de transportes de mercadorías autorizados durante un tempo máximo de 15 minutos.

Nas zonas reservadas, dentro do horario establecido e reflectido na sinalización, prohibese o estacionamento e parada dos vehículos non autorizados e, tamén, daqueles que estando autorizados non estean realizando efectivamente devanditas tarefas. Nestes casos, os vehículos poderán ser inmovilizados ou retirados polos axentes da Policía Local mediante o emprego de elementos mecánicos idóneos.

13.3. As tarefas de carga e descarga realizaranse respectando as regras de tráfico. Prohibese parar ou estacionar en dobre fila para realizar estes labores.

13.4. As tarefas de carga e descarga realizaranse de acordo co disposto no artigo 16 do Regulamento Xeral de Circulación. Respectaranse as disposicións sobre parada e estacionamento; as mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo ao bordo da beirarrúa ou pola parte traseira, sen interferir na circulación rodada da zona e garantindo o paso e a seguridade do tránsito peonil. En ningún caso obstaculizarase o acceso a fincas e comercios.

13.5. As tarefas de carga e descarga levaranse a cabo con medios dabondo para conseguir celeridade e procurando evitar ruídos e molestias innecesarias. Será de aplicación á realización destas operacións o disposto na ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.

13.6. Queda prohibido depositar as mercadorías na calzada, beiravía e zonas peonís (inclúese dentro do concepto de zonas peonís a beirarrúa, o andén e o paseo).

ARTIGO 14.

14.1. Os vehículos destinados ao transporte de mercadorías perigosas deberán cumprir estritamente o disposto no RD 551/2006, de 5 de maio, que regula as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada e demais normativa aplicable. As operacións de carga e descarga de mercadorías molestas, nocivas, insalubres ou perigosas, rexeranse, ademais, polas disposicións específicas que regulamentan a materia.

14.2. O reparto en vehículos cisterna de produtos derivados do petróleo para uso doméstico, deberá ser comunicado pola compañía subministradora á Policía Local, con tres días hábiles de antelación, a cal fixará itinerario e horario.

ARTIGO 15.

Na construción de edificacións de nova planta así como en calquera obra de reforma total ou parcial, demolición, escavación ou canalización que requiran licenza urbanística municipal, as operacións de carga e descarga deberanse realizar no interior da obra.

Cando non sexa posible dispoñer deste espazo, as zonas de reserva de

estacionamento por obra na vía pública concederanse previa solicitude e autoliquidación da correspondente taxa, acompañada da preceptiva copia compulsada da licenza municipal urbanística así como do informe técnico que acredite a imposibilidade de reservar espazo dentro do recinto da obra. Á vista da documentación aportada polo solicitante, resolverase sobre a procedencia da súa concesión e sobre os condicionantes da mesma no seu caso.

ARTIGO 16.

A instalación de contedores de obra na vía pública realizarase respectando as prescricións establecidas na ordenanza municipal reguladora da instalación de contedores e demais normativa aplicable.

O Concello resérvase o dereito a ordenar a retirada dos contedores de escombros de obra cando así o aconsellen as circunstancias de circulación ou concorran outras razóns de interese xeral debidamente acreditadas.

As operacións específicas de instalación, substitución ou retirada de contedores de escombros só poderán realizarse nos horarios e días fixados no artigo 11.2 da presente ordenanza. En todo caso, tomaranse as medidas oportunas para reducir, na maior medida posible, o tempo de realización da operación.

ARTIGO 17.

Os condutores de vehículos que realicen as tarefas obxecto de regulación nos artigos precedentes, serán responsables da limpeza dos residuos ou verquidos que se produzan sobre a vía pública durante a execución das mesmas. Tras sinalizar convenientemente o obstáculo creado, adoptarán as medidas necesarias para a súa retirada no menor tempo posible, debendo poñelo en coñecemento da Policía Local.

En particular, no caso das obras, deberán coidar que as rodas dos camións estean limpas de terra e lama antes de acceder á vía pública, así como que a vía quede debidamente limpa. En caso contrario, a Policía Local poderá proceder a inmovilizar os vehículos.

ARTIGO 18.

Os vehículos con masa máxima superior a 10.000 Kg. que circulen polo termo municipal de Vigo desde as 08:00 horas ás 22:00 horas, deberán facelo obrigatoriamente polas rutas establecidas no Anexo desta ordenanza. Non poderán circular fóra das rutas establecidas, durante o mencionado horario, sen estar provistos dunha autorización especial que deberá ser colocada no parabrisas dianteiro do vehículo, de forma ben visible.

ARTIGO 19.

19.1. As autorizacións especiais ás que se refire o artigo anterior, solicitaranse perante a Policía Local, cunha antelación mínima de dous días hábiles, ou un en supostos de urxencia debidamente acreditados. Na devandita solicitude, que virá

acompañada de fotocopia dos permisos de circulación dos vehículos para os que se pretende obter autorización, indicárase a matrícula ou matrículas dos mesmos, percorrido a realizar e maillo período temporal para o que se desexa obter autorización especial.

19.2.-Quedan excluídos do disposto nos artigos 18 e 19.1, os vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento, autobuses do transporte de viaxeiros e transporte escolar, debidamente autorizados, vehículos propiedade municipal ou adscritos aos servizos municipais e os vehículos das concesionarias dos servizos públicos.

ARTIGO 20.

Constitúen infraccións a esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o disposto nela, que se clasifican en leves, graves e moi graves. As infraccións a esta ordenanza serán sancionadas polo órgano municipal competente, previa instrución do correspondente expediente.

ARTIGO 21.

Considéranse infraccións leves:

- 1.- Realizar carga ou descarga de mercadorías sen o facer polo lado do vehículo máis próximo ao bordo da beirarrúa ou pola súa parte traseira.
- 2.- Realizar carga ou descarga depositando as mercadorías nas zonas peonís.
- 3.- Realizar operacións de carga e descarga sen se axustar aos horarios permitidos.
- 4.- Realizar operacións de carga e descarga lixando a vía pública.
- 5.- Transportar carga que non estea disposta e sinalizada na forma regulamentariamente determinada.
- 6.- Estacionar ou parar cun vehículo de mudanzas na vía pública, respectando as normas xerais de estacionamento ou parada, realizando carga e descarga sen contar con reserva de estacionamento autorizada ao efecto.
- 7.- Incumprir o disposto no art. 6.3 da ordenanza.
- 8.- Calquera outra infracción ás normas desta ordenanza non cualificada expresamente como grave ou moi grave.

ARTIGO 22.

Considéranse infraccións graves:

- 1.- Estacionar ou parar cun vehículo non autorizado (turismo, vehículo de mudanzas...) nunha zona reservada a carga e descarga, estea ou non realizando estas tarefas, durante as horas de utilización.
- 2.- Estacionar cun vehículo autorizado nunha zona reservada a carga e descarga, durante as horas de utilización, sen realizar efectivamente devanditas tarefas, atopándose o motor do vehículo parado, o sistema de arranque desconectado e sen presenza física do condutor nas inmediacións.

3.- Realizar carga ou descarga de mercadorías obstaculizando a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmovible de persoas ou animais, ou de vehículos nun vao sinalizado correctamente.

4.- Parar ou estacionar en lugares perigosos ou que obstaculicen gravemente a circulación constituíndo un risco ou obstáculo para a circulación nos termos determinados regulamentariamente.

5.- Realizar carga ou descarga depositando as mercadorías na calzada ou beiravía.

6.- Circular polo termo municipal fóra das rutas establecidas no Anexo desta ordenanza, durante o horario comprendido entre as 08:00 horas e as 22:00 horas, sen estar provisto de autorización especial, cun vehículo de masa máxima superior a 10.000 Kg, ou ben, sen ter colocada a autorización especial, á que se refire o artigo 18, no parabrisas dianteiro do vehículo, de forma ben visible.

ARTIGO 23.

Considéranse infraccións moi graves:

1.- A falsificación de autorización ou tarxeta expedida polo Concello.

2.- A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos consignados na solicitude ou documentación anexa aportada en orde á obtención das correspondentes autorizacións ás que se refire esta ordenanza.

ARTIGO 24.

1.- As infraccións á ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas coas sancións previstas no Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

2.- As sancións graduaranse en atención á debida adecuación entre a gravidade e transcendencia do feito, aos antecedentes do infractor e a súa condición de reincidinte, ao perigo potencial creado para el mesmo e para os demais usuarios da vía e ao criterio de proporcionalidade.

ARTIGO 25.

Os prazos de prescrición das infraccións e sancións da presente ordenanza serán os establecidos no Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Queda expresamente derogado o Texto Refundido da ordenanza municipal de Circulación e Transportes, publicado no BOP nº 65, do 18.03.1991 e maila ordenanza municipal complementaria de Tráfico.

Manteñen a súa vixencia o Bando da Alcaldía do 25.05.2001 que regula o acceso rodado ao paseo marítimo e porto deportivo, o Bando de 08.02.2002 que regula a circulación de vehículos no barrio histórico (casco vello) e o Bando do 28.09.2006 regulador da remodelación realizada en distintas rúas do centro da cidade.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

O Concello deberá aprobar no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente ordenanza, un texto que refunda e actualice a normativa existente en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

Non obstante, a presente ordenanza autoriza a implantación na vía pública de medidas para moderar a velocidade. Esta medida pretende facer efectiva a convivencia do tráfico rodado e peonil.

Ao abeiro do disposto no artigo 5.2 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, estas medidas non se considerarán obstáculos na calzada sempre que cumpran a regulación básica establecida ao efecto polo Ministerio de Fomento e se garanta a seguridade vial dos usuarios e, en particular, dos ciclistas.

É pretensión da Administración Municipal evitar converter as nosas rúas e prazas e, en xeral, os espazos públicos da nosa cidade, en meros canles de distribución do tráfico, posto que deben ser espazos de convivencia para todos os usuarios. A situación, ademais vese agravada polo comportamento pouco cívico dalgúns condutores, que incluso chegan a por en perigo a liberdade e seguridade do resto dos usuarios das vías públicas.

O Concello considera prioritario modificar esta tendencia, de xeito que o viario garanta a seguridade e calidade de vida de todos os usuarios, compatibilizando o seu uso tanto polos residentes e viandantes en xeral, como polos vehículos motorizados. Deste xeito, coa finalidade de seguir avanzando na mellora da mobilidade e seguridade vial, autorízase a que por resolución do Concelleiro Delegado competente, previa emisión dos informes técnicos pertinentes, se implanten na vía pública medidas encamiñadas a moderar a velocidade do tráfico

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ao desta ordenanza que afecten ás materias regulamentadas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA

Conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá

en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

ANEXO:

RUTAS DE CIRCULACIÓN DOS VEHÍCULOS CON MASA MÁXIMA SUPERIOR A 10.000 KG

VÍAS PRINCIPALIS DE ACCESO- Plano xeral:
AP-9 e a súa bifurcación cara o centro de Vigo
N-552 ata Av. Buenos Aires.
N-555
A-55 e Avd. de Madrid ata Estación de Autobuses.
VG-20.
AG-57

ZONA BOUZAS-BEIRAMAR-TEIS- Plano 1:

Av. Galicia.
Av. Marina Española
Av. Buenos Aires
R./ Julián Estévez.
Túnel de Beiramar.
R./ Isaac Peral.
R./ Areal ata R./ Serafín Avendaño (entrada ao porto).
R./ Cánovas del Castillo.
Av. Beiramar.
R./ Eduardo Cabello
R./ Jacinto Benavente.

ZONA SAN ANDRÉS-CORUXO-ZONA FRANCA (CITROËN)- Plano 2:

Avd. Citroën e circunvalación do Estadio de Balaídos.
Estr. de Camposancos ata Estr. do Bao.
Estr. do Bao desde Estr. Camposancos ata Av. Ricardo Mella.
Av. Ricardo Mella desde Estr. do Bao ata VG-20.
Cmño. do Caramuxo desde Estr. Camposancos ata Av. Ricardo Mella.
Todas as interiores ao polígono que encerran ás catro últimas.

ZONA SÁRDOMA- Plano 2:

Cmño. do Raviso desde Av. Madrid ata R./ Miraflores.
R.. Miraflores desde R./ do Raviso ata barriada de Laxe.
Estr. Ponte Segade.
Estr. Moledo.
Estr. do Lameiro.
Todas as interiores ao polígono que xunto coa Av. de Madrid encerran ás cinco últimas.
Estr. Provincial desde Av. Madrid ata 350m.
Estr. Fragoño.
Cmño da Coba entre Estr. Moledo e R. do Cacheno.
R./ do Cacheno.

ZONA A BAGUNDA- Plano 2:

R./ Gandarón
Av. Alcalde Lavadores
Estr. vella de Madrid desde Avd. Madrid e Avd. Alcalde Lavadores.

Toda as interiores ao polígono que xunto coa Avd. de Madrid encerran ás tres últimas R./ Bagunda desde R./ Gandarón ata R./ Severino Cobas.
R./ Severino Cobas desde R./ Bagunda ata o Cmño. do Foro.

ZONA PEINADOR- Plano 3:

Estr. N-555 ata Av. do Aeroporto.
Av. do Aeroporto desde N-555 ata o linde municipal.
Av. do Tranvía desde Av. Aeroporto ata acceso a AP-9.

ZONA PUXEIROS- Plano 3:

Av. da Ponte desde acceso A-55 ata Estr. das Plantas.
Estr. das Plantas ata Estr. do Rebullón.
Estr. do Rebullón ata o linde municipal.

ZONA PARQUE TECNOLÓXICO VALLADARES- Plano 4:

Estr. San Cosme ata a Estr. Circunvalación do Campus Lagoas-Marcosende da Universidade de Vigo e a propia circunvalación.
Estr. Clara Campoamor ata R. Ramiro Pascual.
P0-331.

10.- (118).- DENOMINACIÓN DE RÚAS NA ZONA DE OIA-PEDREIRA (EXPTE. 10778/331):

- a) Senra de Arriba.
- b) Ángeles Alvariño.
- c) Xohana Torres.
- d) Mercedes Ruibal.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 14 de maio polo xefe do departamento de Cultura:

"Con data 10 de marzo de 2008 o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo dos seguintes nomes:

- *Senra de Arriba* na Zona de Oia-Pedreira
- *Ángeles Alvariño* na Zona de Oia-Pedreira
- *Xohana Torres* na Zona de Oia-Pedreira
- *Mercedes Ruibal* na Zona de Oia-Pedreira

Solicitáronse informes aos Servizos de Estatística e de Normalización Lingüística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O Servizo de Estatística emite informes individualizados de datas 11 de marzo, 28 de abril e 14 de maio nos que manifesta que os nomes citados non existen no rueiro municipal e delimita os tramos que poderían acoller as denominacións propostas.

O Servizo de Normalización Lingüística informa, con datas 14 de xaneiro e 12 de maio, que o único topónimo a considerar na zona é Senra de Arriba.

O vixente Regulamento de honras e distincións establece a “denominación no rueiro” como unha das posibles distincións a adoptar pola Corporación Municipal e no seu artigo terceiro indica o procedemento do inicio do expediente (moción da Alcaldía ou grupo político da Corporación, por petición popular do 2% da poboación, un número de concelleiros igual á maioría absoluta). Neste caso o expediente iníciase por resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura en virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007.

Na concesión das distincións a persoas físicas e xurídicas deben quedar acreditados os méritos suficientes, pero o Regulamento non establece ningún criterio sobre a forma de cumprimentar esta acreditación. Neste caso as referencias sobre os méritos das persoas que se incluírán no rueiro municipal procede da documentación aportado polo propio concelleiro de Cultura e documentación publicada na páxina de culturagalega.org.

En relación ó nome de MERCEDES RUIBAL, segundo acordo plenario de data 29 de novembro de 2004 asignóuselle ó vial do polígono de Navia que figuraba co número 6 do plano que constaba no expediente. En sesión plenaria do 25 de abril de 2005 o grupo municipal do BNG presentou moción solicitando a suspensión da decisión sobre denominación de rúas de Navia no Pleno do día 29 de novembro, dándolle preferencia á toponimia xa existente na zona. A presidencia retira a moción para estudo, informes técnicos pertinentes e pase previo á comisión informativa de Asuntos Sociais para a emisión de ditame. O Pleno do Concello, en sesión do 12 de setembro de 2005 acordou, entre outros, asinar o nome de “Pozo Cabalo” ó novo vial do Polígono de Navia que figura co número 6 no plano incluído no expediente. Polo tanto, queda sen determinar a rúa a que se lle asignará o nome de “Mercedes Ruibal”.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que “A moción, proposta ou peticións, despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).”

Visto o anterior, o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural, con data 14 de maio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 23 de xuño, ditamina favorablemente a devandita proposta.

INTERVENCIÓN DO SR. LÓPEZ CARREIRA: Como xa dixen no Pleno de marzo deste ano, basta con botar unha ollada ó rúeiro da nosa cidade para que nos deamos de conta da práctica ausencia de nomes de mulleres e de que existe unha clara situación de desigualdade, en definitiva de discriminación de xénero, reflexo dunha sociedade que nunca valorou as achegas da muller, unha achega que sen dúbida ningunha é infinitamente superior ó que a situación actual do noso rúeiro deixa entrever.

Tomando como punto de partida o acordo plenario de xullo de 2006, no Pleno de marzo deste ano acordouse poñer o nome de seis mulleres represaliadas a seis rúas da nosa cidade. Seguindo a liña do acordo plenario de poñer nomes de mulleres ás rúas de nova creación tendendo á procura dun equilibrio inexistente nestes momentos, elevo a este Pleno a proposta de denominación de catro rúas na parroquia de Oia.

Por existir un nome toponímico axeitado segundo os informes emitidos polos departamentos de Estatística e de Normalización Lingüística, denominar rúa "Senra de Arriba" á rúa que comeza na finca catastral 6500143 da Avenida Cesáreo Vázquez e remata sen saída.

Denominar rúa "Angeles Alvariño" á rúa que comeza no número 28 da Avenida Cesáreo Vázquez e remata sen saída. Angeles Alvariño, oceanógrafa, iniciou ás súas investigacións no Instituto Oceanográfico de Vigo, posteriormente traballou no Instituto Oceanográfico West Hall de Massachusetts, e máis tarde no Instituto Scripps de Oceanografía en California e no servizo nacional norteamericano de pesca marítima. Foi a primeira muller en actuar como científica nun barco británico de investigación; descubriu vintedous especies de organismos mariños.

Denominar rúa "Xohana Torres" á rúa que comeza na referencia catastral 6498287 da Avenida Cesáreo Vázquez e remata sen saída. Xohana Torres, poeta, narradora e dramaturga monolingua en galego que reside en Vigo dende hai moitos anos. En 1956 dirixiu en Radio Ferrol o seu primeiro programa destinado a mulleres. Xa en Vigo dirixiu na Voz de Vigo o programa "Raíz e tempo", primeiro espazo cultural de radio integramente en galego. Forma parte dunha xeración de escritores e escritoras que, comprometidos coa lingua nos difíciles tempos da ditadura, contribuíu de forma significativa á normalización da literatura galega. Ingresou na

Real Academia Galega en outubro de 2001.

Denominar rúa "Mercedes Ruibal" á rúa que comeza entre os números 17 e 35 da Avenida Cesáreo Vázquez e remata sen saída. Mercedes Ruibal, pintora que tamén residiu en Vigo, realizou exposicións en numerosas cidades europeas e de América. A súa obra amósase nos museos de arte contemporánea de Galicia, de Madrid, de Nicaragua e de Chile.

Non quero rematar esta intervención para presentar e dar a coñecer publicamente o historial das mulleres ás que se adican as rúas, sen agradecer a colaboración de todos os grupos representados nesta Corporación, como quedou de manifesto na comisión nas que as tres forzas políticas acordamos as propostas a elevar a este Pleno.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Denominar rúa "Senra de Arriba" á rúa que comeza na finca referencia catastral 6500143 da Avda. de Cesáreo Vázquez e remata sen saída, por ser un topónimo axeitado segundo os informes emitidos polos departamento de Estatística e Normalización Lingüística.

Segundo.- Denominar rúa "Ángeles Alvariño" á rúa que comeza no número 28 da Avda. de Cesáreo Vázquez e remata sen saída, en recoñecemento á súa investigación científica como oceanógrafa de gran relevancia no mundo mariño.

Terceiro.- Denominar rúa "Xohana Torres" á rúa que comeza na finca referencia catastral 6498287 da Avda. de Cesáreo Vázquez e remata sen saída, en recoñecemento ó seu labor artístico como poetisa galega de recoñecido prestixio a nivel internacional.

Cuarto.- Denominar rúa "Mercedes Ruibal" á rúa que comeza entre os números 17 e 35 da Avda. de Cesáreo Vázquez e remata sen saída, en recoñecemento ó seu labor artístico como pintora de recoñecido prestixio a nivel internacional.

11.- (119).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO DE DATA 31.03.08 DE DENOMINACIÓN DE RÚA CO NOME DE "O PORBELO" NO BARRIO DE LAVADORES. EXPTE. 1989/234.

ANTECEDENTES.- O xefe do departamento de Cultura, con data 14 de maio de 2008, emite o seguinte informe:

"Con data 31 de marzo de 2008 o Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, acordou por unanimidade denominar "Rúa O Porbelo" a rúa que comeza na rúa Santa Cristina e remata na Avda de Ramón Nieto, por ser un topónimo axeitado segundo os informes emitidos polos departamentos de Estatística e Patrimonio Histórico.

Con data 1 de abril de 2008 a Asociación Veciñal Cultural e Recreativa de Lavadores, presenta solicitude de anulación do acordo plenario e adopción dun novo acordo no senso, entre outros, de que o vial "Baixada a Curros" pase a denominarse "O Porbelo". O concelleiro de distritos, coa mesma data, presenta escrito na mesma liña que a Asociación.

Solicitáronse informes aos Servizos de Estatística e de Normalización Lingüística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O Servizo de Estatística emite informe de data 9 de maio de 2008 delimitando os tramos de "Baixada a Curros" e "Rúa Curros" antes da adopción do acordo plenario de data 31 de marzo de 2008, aportando plano de situación.

O Servizo de Normalización Lingüística informa, con data 12 de maio de 2008, que o topónimo Curros é propio da parroquia de Lavadores.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que "A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)". Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras)."

Polo anteriormente exposto, o concelleiro delegado de Cultura, na mesma data de 14 de maio, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 23 de maio, ditamina favorablemente a devandita moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Anular o acordo plenario de data 31 de marzo de 2008 no que se aprobou por unanimidade "Denominar "Rúa O Porbelo" á rúa que comeza na rúa Santa Cristina e remata na Avda de Ramón Nieto, por ser un topónimo axeitado

segundo os informes emitidos polos departamento de Estatística e Patrimonio Histórico".

Segundo.- Denominar rúa Porbelo á rúa que comeza no nº 170 da Avda de Ramón Nieto e remata no entronque coa rúa Curros (denominada antes do acordo plenario mencionado Baixada a Curros).

Terceiro.- Manter o nome de rúa Curros a rúa que comeza preto do nº 34 da rúa Santa Cristina e remata no entronque coa rúa Cambeses."

12.- (120).- DAR CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 7 DE ABRIL DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DO MANTEMENTO E REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E INVESTIMENTOS DESTINADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS. EXPTE. 3352/224.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 7 de abril de 2008, adoptou o seguinte acordo:

"9.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE "AXUDAS PARA O FINANCIAMENTO TOTAL OU PARCIAL DO MANTEMENTO E REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E INVESTIMENTOS DESTINADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS" DA VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 3352/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 02.04.08, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da orde do 18 de marzo de 2008, da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOG núm. 60, do 28 de marzo de 2008, pola que se convocan as axudas para o financiamento total ou parcial do mantemento e realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, por un importe de 391.836,53 euros, desglosado do seguinte xeito:

<i>Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller)</i>	
<i>Gastos de persoal</i>	<i>163.769,86</i>
<i>Casa de Acollida e piso tutelado para mulleres maltrata-</i>	
<i>das. Gastos de persoal e mantemento</i>	<i>216.000,00</i>

Bolsas de axuda económica para a saída das mulleres da Casa de Acollida

12.066,67

TOTAL EUROS:

391.836,53

2º.- Dar conta da presente solicitude de subvención ao Pleno da Corporación Municipal."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 23 de xuño, ditaminou favorablemente o presente expediente.

De todo o anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no Salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das mulleres vítimas da violencia de xénero.

13.- (121).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á APLICACIÓN EN GALICIA DA LOE (LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de maio, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

"A implantación en Galiza dos distintos currículos das ensinanzas non universitarias en aplicación da LOE (Lei Orgánica de Educación) están producindo graves problemas á hora de establecer un ensino equilibrado e adaptado á realidade galega que promova a formación integral do alumnado.

A LOE e a posterior normativa ditada polo Goberno central, ao igual que o fixeron as anteriores leis da etapa do PP, imponen un sistema educativo centralizador que fixa unha elevada porcentaxe de contidos mínimos, novas áreas do currículo e o ensino da relixión dentro do horario lectivo e con valor académico. Todas estas cuestións impiden avanzar cara a un ensino laico; que Galiza poida exercer as competencias propias e que o sistema educativo e o currículo se axeite á nosa realidade e ás necesidades do alumnado galego.

No que respecta ao bacharelato a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria elaborou un borrador de decreto sobre o currículo desta etapa educativa que supuña a redución do horario lectivo en tres áreas fundamentais, a "Educación Física" que quedaba reducida a unha hora semanal nun só curso, a

"Filosofía" (que pasaba de tres a dúas horas) e tamén unha hora menos para "Historia" (de catro a tres horas).

As áreas obxecto de redución implican consecuencias negativas moi importantes na formación do alumnado. Logo de diferentes mobilizacións e negociacións a Consellería de Educación decidiu manter a carga horaria de "Educación Física" (2 horas) e a redución prevista en "Filosofía" e "Historia", en ambos os dous casos, dunha hora.

A redución na área de "Filosofía", considerando que se incrementan os contidos a impartir (Cidadanía), e en "Historia" vai impedir que os contidos poidan ser impartidos dende unha perspectiva propia galega, o que se traduce en que os currículos das materias impartidas en Galiza se van reducir exclusivamente aos mínimos marcados a nivel de Estado. Esas reducións están directamente relacionadas coa dificultade do punto de vista legal de excluír a "Relixión" do currículo, exclusión que, ademais de ser coherente cun estado aconfesional, permitiría manter a carga lectiva de materias básicas como "Filosofía" e "Historia".

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á administración educativa do Goberno central a que nas leis educativas e demais normativa que as desenvolven respecte as competencias educativas propias de Galicia de xeito que permitan o establecemento de currículos equilibrados e adaptados á realidade galega.

Segundo.- Instar ás administracións educativas central e galega a avanzar cara un ensino laico no que a materia de "Relixión" non forme parte do currículo, garantindo así a actual carga horaria das materias básicas como "Filosofía" e "Historia".

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de maio, quedou informada do contido da anterior moción.

O concelleiro Sr. López Carreira procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

INTERVENCIÓN DA SRA. LÓPEZ ATRIO: Vista a exposición de motivos coido que efectivamente hai moitas cousas que coas que podemos estar de acordo aínda que non con todas. A LOE indiscutiblemente é igual para todas as comunidades e afecta do mesmo xeito ás que temos unha lingua diferente.

Certamente coido que o debate debería facerse na Xunta, entre os grupos que alí existen. Si apoiamos os dous acordos que se propoñen.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, e catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, relativa á aplicación en Galicia da Lei Orgánica de Educación, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do Sr. Figueroa Vila, voceiro do Grupo Popular:

Coido que xa se dixo aquí que tanto o BNG como o Partido Socialista teñen capacidade para tomar decisións no seo do seu goberno na Xunta de Galicia. Parécenos que este é un problema de competencias exclusivas de goberno e polo tanto coidamos que deberían tratar este tema entre os dous grupos políticos porque aquí se acaba de demostrar que parece que as súas posturas non teñen un criterio xeral. Deberían decidilo na Xunta que é onde teñen vostede potestade e capacidade para tomar esta decisión.

14.- (122).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO O APOIO Á FEGAMP NAS ACTUACIÓNS QUE LEVA A CABO RELACIONADAS CO "DECRETO DO HÁBITAT".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de maio, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"O Decreto 262/07, de 20 de decembro, coñecido como Decreto do Hábitat, máis alá de traer o consenso na nosa comunidade trouxo a división, o enfrontamento e o intervencionismo da administración autonómica de xeito moi grave na iniciativa privada.

Un dos colectivos que máis frontalmente ten loitado fronte a norma non só dende o plano político senón tamén dende o xudicial ven sendo a Federación Galega de Municipios e Provincias que ten anunciado recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fronte a norma se non se abre un diálogo entre a Consellería e a FEGAMP. Dende o Partido Popular de Vigo entendemos que Vigo como a cidade máis importante da nosa comunidade debe unir esforzos coa FEGAMP na defensa dos principios de xerarquía e competencia da autonomía municipal, neste caso da nosa cidade.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Apoiar expresamente dende o Pleno da Corporación de Vigo a negociación entre a Consellería de Vivenda e a FEGAMP, e no seu caso o recurso contencioso administrativo formulado pola Federación Galega de Municipios e Provincias perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de maio, quedou enterada do contido da anterior moción, presentada fora da orde do día.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Xa anunciamos no seu día que a posición do noso grupo sería en positivo e en defensa dos intereses da cidadanía de Vigo e por suposto da cidade. Esta moción vai nese sentido, como lembrarán é a segunda vez que traemos ó Pleno o tema do hábitat e facémolo precisamente neste sentido porque entendemos que dende o goberno municipal está a facerse deixamento de funcións en canto á defensa dos intereses deste Concello nos aspectos que logo aludirei.

Esta norma é consecuencia directa da existencia de dous gobernos na Xunta de Galicia. Dous gobernos que tentan constantemente solaparse e que non son quen de renunciar á súa dose de protagonismo. Por parte da Consellería da Vivenda obsérvase unha voracidade cada vez maior cara as competencias urbanísticas o que fai que exista unha colisión clara coa Consellería de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Urbanismo e que aparezan diverxencias cada vez maiores como é o caso da norma que nos ocupa.

Dende o Partido Popular cremos firmemente na autonomía municipal e na necesidade de acometer unha segunda descentralización das comunidades autónomas cara ós concellos e así figuraba no noso programa electoral. Non pola contra que se resten competencias dos concellos e recaian na administración autonómica.

Por isto non podemos estar de acordo coa inxerencia doutras administracións nas

competencias municipais como entendemos que acontece co decreto do hábitat en Galicia.

Tamén é opinión nosa e coido que do resto do grupo a bondade de chegar a acordos polo diálogo, pero en ningún caso coa renuncia á posibilidade de acudir ós tribunais en defensa dos dereitos e intereses que correspondan, neste caso á nosa cidade. Todos coñecemos a existencia de numerosos colectivos que se amosaron contrarios así como a frontal oposición da Federación Galega de Municipios e Provincias á entrada en vigor deste decreto e da súa aplicación. Penso que nos debemos preguntar por que o organismo que aglutina ós municipios galegos amosouse tan belixerante coa norma.

A oposición frontal baséase en dous motivos fundamentais: na infracción do principio de xerarquía normativa contida nos artigos 8.3 e 103 da Constitución Española, e no principio de competencia reflectido no artigo 140 da nosa Carta Magna. Xuridicamente, pois, a norma prexudica seriamente ós concellos e daí a frontal oposición da Federación Galega de Municipios e Provincias e tamén daí a moción que traemos no día de hoxe ó Pleno solicitando o apoio á Federación.

O decreto dista moito de ser unha norma que se limita a regular as condicións de habitabilidade das vivendas. Así impón novas esixencias na formulación e tramitación de planes de urbanismo, crea un órgano de funcións e asesoramento con funcións executivas, integra a aplicación dos solos con ordenación detallada cando non se inicien as obras de urbanización no prazo de catro anos, regulación de supostos que excepcióna a súa aplicación en función de facultades discrecionais, que nos parece moi grave que quede algo á discrecionalidade, esixencia dun anexo complementario dos planes especiais de protección aprobados antes da entrada en vigor do decreto para a súa plena vixencia.

Todo isto revela que non é unha norma específica de habitabilidade. Trátase pois dunha norma complexa que haberá que poñer en relación con outros principios que vincula ó executivo no exercicio das súas funcións e cos que configura o réxime de competencias local derivado doutros títulos diferentes da vivenda. O principio de xerarquía ten aberta a contradición con normas de carácter superior como neste caso é a Lei de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, o principio de competencia, esixe que as normas sexan adoptadas polos órganos que teñan atribuída a competencia específica para iso. Este principio ten

unha vertente que cando estamos ante materias nas que son varias as administracións con competencia require unha especial relevancia, a de preservar o ámbito competencial alleo.

O dereito urbanístico é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia pero cun ámbito competencial propio e específico dos concellos que a Lei debe respectar para non vulnerar o principio de autonomía local recollido na Constitución Española e nos tratados internacionais. Pois ben, o decreto do hábitat de Galicia tamén ten excesos neste ámbito. Intervén aspectos máis propios do exercicio de competencias urbanísticas que no establecemento de estándares de habitabilidade.

Por outra banda o Consello Consultivo de Galicia foi claro neste sentido emitindo senllos informes de carácter preceptivo, necesarios para a tramitación e aprobación da lei, que foron desfavorables á tramitación da mesma. O fin do Consello precisamente é velar pola legalidade dos actos e das disposicións administrativas e en xeral pola observación da Constitución do Estatuto e do resto do ordenamento xurídico.

Por todo isto entendemos que debemos apoiar en primeiro lugar que se produza a negociación entre a FEGAMP e a Consellería de Vivenda, o que parece algo bastante complicado por parte da conselleira e da consellería, e de ser o caso apoiar directamente a formalización do recurso contencioso-administrativo contra a norma ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

SR. MARIÑO MENDOZA: Estamos de acordo en que non é só unha norma, estamos a falar da calidade de vida dos cidadáns e coido que iso é moi importante. Cremos que fai falla máis diálogo entre a Xunta de Galicia e os colectivos. Consideramos moi positivas as normas do hábitat que implican melloras no planeamento e nas vivendas, como vostede se refería, polo tanto melloras na calidade de vida dos cidadáns, algo moi importante.

A presentación dun contencioso-administrativo contra esta norma non é a mellor solución para os cidadáns, polo que solicitamos diálogo entre a Xunta de Galicia e os colectivos afectados. Diálogo para acadar acordos naqueles aspectos nos que neste momento non existen. Estamos convencidos de que este diálogo é posible como tamén é posible acadar acordos onde hoxe non os hai.

Pedimos polo tanto que se activen os mecanismos que existan para que este diálogo sexa posible porque o diálogo é a mellor maneira de chegar a acordos e a solucións que non impliquen os problemas que poden ocasionar ós cidadáns a solución do contencioso. Cremos que ese diálogo é posible, a Xunta e os colectivos afectados só se teñen que sentar a falar para acadar acordos, seguramente máis aclaracións que acordos en moitos dos aspectos que vostede mencionou pero coidamos que ese diálogo é a mellor solución, polo tanto non podemos votar a favor desta moción.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Antes de nada quixera aproveitar esta primeira intervención que teño neste Pleno para no nome do Bloque Nacionalista Galego dar a benvida a dona Carlota Muñoz e desexarlle a mellor sorte e os mellores éxitos nesta nova andaina.

A verdade é que efectivamente Sr. Conde é a segunda vez que vostede trae esta moción aquí. Tróuxoa no anterior Pleno pedíndolle á Corporación que rexeitáramos as normas e o decreto da Consellería da Vivenda sobre o hábitat galego e esa votación perdeuna, a Corporación xa se definiu claramente cunha maioría que estaba a favor dese decreto do hábitat.

Hoxe vostede trae apoiar a negociación entre a Consellería da Vivenda e a FEGAMP e volve dármonos practicamente os mesmos argumentos, agás estes novos que introduciu agora da xerarquía normativa e do principio de competencia.

Estou completamente de acordo en que a Consellería da Vivenda e a FEGAMP negocien e dialoguen pero lle imos votar en contra desta moción porque vostede non se informa. Hai catro semanas que a Consellería da Vivenda sacou un decreto no que se creaba unha comisión técnica e hai exactamente dúas semanas en que esa comisión técnica xa se reuniu. Nesa comisión están dende arquitectos, colectivos profesionais, ata representantes da FEGAMP. Mire vostede se vai haber e se hai ou non diálogo.

En todo caso vostede pode alegar a Constitución, pode alegar ese principio de competencia e eu lle explicaba, pero vexo que non me atendeu moi ben da outra vez, o que se fai con este decreto do hábitat non é nin máis nin menos que cambiar unha lei do hábitat galego xa existente que foi promulgada naquel entón pola propia Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular.

Se naquel momento a Xunta de Galicia era competente para sacar unha Lei do hábitat, por qué non o é agora? Por que é distinto o goberno? É que daquela cambiou a Constitución Española? Había unha Constitución distinta cando gobernando o Partido Popular se emite esa Lei do hábitat? Entón non se conculcaba a xerarquía normativa ou o principio de competencia? É así de claro e iso é o que lle hai que explicar ós cidadáns, que non se trata dunha nova lei, trátase de cambiar a Lei do hábitat existente que ten demostrado a súa ineficacia neste intre.

Antes si e agora non porque vostedes evidentemente fan deste tema un asunto político e queren agochar que por fin hai un goberno galego, hai unha Consellería da Vivenda que se preocupan da calidade de vida dos cidadáns.

Claro que este decreto do hábitat imprime novas esixencias e faino ós construtores, as novas esixencias son para eles, para os promotores inmobiliarios, cousa que vostedes non fixeron, para que aquelas persoas con escasos recursos poidan ter acceso a unha vivenda de protección nas mellores condicións. Esa é a diferenza.

SR. CONDE GIL: Coido que non din os mesmos argumentos, coido que o que se definiu claramente é que o Bloque Nacionalista Galego a nivel autonómico non quere chegar a acordos co resto das forzas políticas. Non o digo eu só, dio o propio Partido Socialista en informacións aparecidas en prensa. Coido que o que aconteceu é que precisamente o Sr. Touriño non quixo enfrontarse ó seu socio de goberno, polas últimas publicacións que apareceron en prensa as sintonías non son excesivamente boas entre o Sr. Touriño e o Sr. Quintana, entre o BNG e PSdeG-PSOE, e iso ten o seu reflexo nesta norma.

Don Ricardo Varela neste sentido tivo a súa participación, apoiou expresamente á FEGAMP no seu principio de autonomía en canto á presentación e ós recursos que caiban.

Eu non quería dar aquí unha charla xurídica sobre o tema pero se quere dígolle especificamente que eu non estaba falando de competencia autonómica ou non para ditar a norma, evidentemente a norma do 92 ditouse polo goberno da Xunta de Galicia do Sr. Fraga e esta tamén foi ditada por un goberno con capacidade xurídica para o facer. Non o negamos. O que estamos dicindo é que este decreto

fai inxerencia en competencias que son propias dos concellos e á vista disto ten aberta contradición con normas de carácter superior o que implica o feito de infrinxir o principio de xerarquía normativa.

Pero ademais o primeiro ditame, porque houbo dous desfavorables do Consello Consultivo de Galicia, di: "...En efecto a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte no seu informe do 7 de xuño de 2007, emitido en fase de consulta correspondente ó procedemento de elaboración do proxecto, recolle textualmente entre outros aspectos dirixidos a emendar este, que porén as normas que se refiran ó planeamento urbanístico trazado ou características do sistema viario non son competencia da Consellería da Vivenda e Solo, nin tampouco se poden exercer no manexo da lexislación urbanística vixente. Certamente a toma en consideración de tal obxección requiriría unha acción conxunta "*ab initio*" dos dous departamentos da Xunta que suporía a posta en común de iniciativas e accións de impulso ata chegar a un texto normativo común, mesmo coa posibilidade de creación de órganos de actuación conxunta e co referendo da Consellería da Presidencia nos termos previstos no artigo 5.2 do decreto 111/84 do Regulamento do réxime interior da Xunta".

O Consello Consultivo de Galicia precisamente está dicindo que dúas Consellerías, unha do Partido Socialista coma é a Consellería de Ordenación do Territorio, e outra do BNG como é a Consellería da Vivenda, están actuando cada unha por separado e, o que me parece máis grave, cun presidente da Xunta de Galicia que máis que presidente dun órgano colexiado parece un señor que pasa por alí e non fai caso de nada.

En todo caso entendemos que o que non se pode facer é tentar impoñer a outros organismos, neste caso á FEGAMP, o feito de que poidan acudir ou non ós Tribunais en defensa dos dereitos. Tamén entendemos que nós, como Concello de Vigo, debemos facer defensa deses dereitos.

En canto ó que dicía o Sr. Mariño de máis diálogo paréceme moi ben, precisamente a primeira parte da nosa moción vai nese sentido de que haxa máis diálogo porque entendemos que non o hai e para mostra o que veño de ler do Consello Consultivo de Galicia que di que xa "*ab initio*" non existiu o mínimo diálogo entre os dous socios de goberno para chegar a un texto consensuado sobre a norma. Como non o houbo coa FEGAMP, co Colexio de Arquitectos de Galicia e con moitos outros

colectivos.

Di que non votan a favor só polo diálogo. Sr. Mariño, a dirección do Partido Socialista de Galicia, por parte do seu secretario de organización, Sr. Varela, di a prensa que entrou en escena e elevou o ton da polémica entre os dous socios de goberno. Ó final non se trata máis que diso, de que vostedes están divididos, que na Xunta de Galicia están cada día cunha postura máis enfrontada e que non son quen de chegar a un acordo.

Di: "Saíu en defensa da FEGAMP e pide ó seu socio de goberno, o BNG, que respecte a autonomía da FEGAMP e en consecuencia a súa decisión de recorrer perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o decreto. A Federación de Municipios ten a lexítima capacidade de resposta cando son vulnerados os dereitos dos Concellos, por exemplo con decisións que poden chocar coa lexislación vixente ou que atenten contra autonomía municipal, asegurou o secretario de organización do PSdeG Ricardo Varela." De verdade penso que nese sentido terían que se aclarar bastante.

Por outra banda "...O PSOE avala as mocións dos seus grupos municipais contra o novo decreto de vivenda", Sr. López Orozco, alcalde de Lugo, quen tamén apoia neste sentido tanto que se produza unha negociación entre a FEGAMP e a Consellería de Vivenda como a presentación do recurso contencioso-administrativo, de ser o caso a formalización do mesmo perante o Tribunal Superior de Xustiza que defende don Carlos Fernández, presidente da FEGAMP.

Por todo isto nós imos votar a favor e que se vostedes fosen un pouco congruentes deberían facer o mesmo pero alá cada quen coa súa conciencia.

SR. MARIÑO MENDOZA: Estamos a favor de calquera medida que mellore a calidade de vida das persoas e esta coido que é unha norma que está pensada para as persoas, para que os edificios teñan mellor orientación, os espazos sexan moito máis habitables, polo tanto non entendo como alguén pode estar en contra disto. Penso que todos os cidadáns están a favor desta medida porque é para eles. As medidas sempre teñen un período de transición e de adaptación ó medio.

Reitérome na postura que a solución dun contencioso-administrativo non é a mellor para este problema. Sabemos que ese diálogo está a existir e que se poden acadar acordos cos colectivos que nestes momentos non os hai e pensamos que esa é a

mellor solución para que os cidadáns non se vexan prexudicados, diálogo porque os puntos de encontro son posibles e porque a norma é boa para os cidadáns.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Conde, por fin me acabo de decatarse por que vostedes están en contra do decreto das normas do hábitat porque a outra vez, aínda que insistín dúas veces e lle dixen que nos dixeran que farían vostedes coa vivenda de protección, evidentemente non dixo nada pero agora xa sabemos por qué o Partido Popular se opón.

O Partido Popular oponse ás normas da Consellería da Vivenda do hábitat galego porque hai diferencias entre o PSOE e o BNG neste tema. Esa é a razón. Paréceme moi ben, quere dicir que se esa é a razón porque non argumentou ningunha outra, insisto en que se informe.

No Consello da Xunta de Galicia, que para que nos entenda a cidadanía é coma a nosa Xunta Local de Goberno, é onde está reunido todo o goberno, pois as normas e o decreto do hábitat galego foron aprobados por unanimidade de todos e todas os membros, polo tanto evidentemente que podemos ter desavinzas, momentos en que un partido na Xunta di unha cousa e outro outra.

De todos os xeitos Sr. Conde, coido que co que está a caer aí fóra, non estan vostedes nun bo momento para falar de desavinzas de dúas forzas políticas distintas cando vostedes están coma están sendo todos da mesma forza política e mesmo lles fan manifestacións diante da súa sede. Argumentar absolutamente que o problema é porque hai diferencias entre o PSOE e o BNG non me parece serio.

A súa hemeroteca está un pouco atrasada. Iso que vostede ven de ler das manifestacións do secretario xeral do Partido Socialista está absolutamente superado, superouse xa nese Consello da Xunta e superouse na posta en marcha desa comisión onde están representados alcaldes representantes da FEGAMP e tamén lle podo dicir que nesa primeira reunión de hai dúas semanas, seguro que non o sabe, foi unha xuntanza moi positiva, construtiva e onde se puxeron enriba da mesa moitos temas.

Aquí non se trata de impoñer nada á FEGAMP, por suposto que a FEGAMP é unha institución absolutamente lexitimada para presentar un recurso contencioso-administrativo cando queira, pero esa mesma liberdade que ten a FEGAMP témola os demais para non a apoiar a imposición dese recurso.

Repítolle o que lle dicía no anterior Pleno: explique que farían vostedes para que a cidadanía deste país teña vivendas de protección máis dignas das que teñen agora. Acúsannos a nós de non dialogar e vostede dixo nesta mesma Corporación textualmente "Se o Partido Popular gaña as eleccións eliminaremos este decreto dunha plumada". Iso é diálogo e iso é confrontar coa cidadanía.

SR. CONDE GIL: Sr. Domínguez Olveira, vexo que segue vostede na liña da demagogia, ven vostede falar aquí de temas do noso partido que nos incumben a nós, coido que a vostedes non e despois de todo as decisións que tomemos nós aféctannos a nós, non ós cidadáns como as que poidan tomar irresponsablemente vostedes. É un goberno que se ve claramente dividido, só temos que ir á prensa a diario e por riba parece que en Vigo estea o "*Llanero Solitario*" porque o que din o resto de alcaldes das sete grandes cidades de Galicia, mesmo na propia prensa dise que tamén na nosa, ó final os acordos que aquí adoptamos mírase que o Sr. alcalde e o Concello de Vigo van por outro lado. Tampouco me parece moi responsable pola súa banda.

De todos os xeitos se quere un informe xurídico comprométome a facilitarllo. Se o que quere é ver exactamente en que puntos nos inflúe ós concellos en canto á competencia e a xerarquía municipal, eu facilítollo sen ningún problema.

Sr. Mariño, volve co mesmo, que está de acordo en que haxa máis diálogo. O movemento se amosa andando e paréceme que aquí non houbo ningún.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Muñoz Posse, e catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido

Popular, Sr. Conde Gil, sobre o Decreto do Hábitat, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.-(123).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA ÁS TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS DE DIPLOMADO EN CIENCIAS EMPRESARIAIS E LICENCIADO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de maio, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"A Lei Orgánica 4/2007 do 12 de abril que modifica á Lei 6/2001 do 21 de decembro, pretende ser un paso adiante na organización do sistema universitario cara a unha estrutura máis aberta e flexible, que sitúe ás universidades españolas nunha mellor posición para a cooperación interna e máis a competencia internacional, co obxectivo de que seren atractivas nun mundo globalizado.

No proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior que se está a levar a cabo na Universidade de Vigo, se ven de aprobar unha proposta por parte do Reitorado para transformar ás dúas titulacións actuais do ámbito empresarial nunha soa.

Na actualidade existen dous títulos: Diplomado en Ciencias Empresariais e máis Licenciado en Administración e Dirección de Empresas. Ambos títulos se imparten en Vigo e coexisten desde 1978-79, cando se estableceu a Licenciatura.

Hoxe en día estes títulos son o segundo e o terceiro con maior demanda de matriculación de toda a Universidade viguesa, cunha entrada de 200 alumnos en primeiro de cadansúa titulación e teñen un índice moi alto de inserción laboral, mantendo unha clara diferenciación entre ambas titulacións.

A Escola de Empresariais conta cun gran prestixio pola súa historia e maila súa tradición xa que nela atopamos o xerme da actual Universidade de Vigo. Mantén dende a data da súa creación en 1920 unha gran demanda de empresas que incorporan aos seus estudantes en prácticas e dispón dos medios humanos e materiais precisos para poder levar a cabo con éxito estes estudos.

Ao reduciren a oferta da Universidade a un só título de Graduado en Administración e Dirección de Empresas, prexudícase aos estudantes destas titulacións e máis ao tecido empresarial da cidade, á súa estrutura laboral e, en definitiva, á toda a sociedade viguesa.

Por todo o exposto, o GM do Partido Popular presenta para a súa aprobación en

Pleno a seguinte proposta de acordo:

- Instar á Universidade de Vigo a ofrecer unha alternativa de transformación en Grao para cada un dos títulos de ámbito empresarial existentes, de modo que se atendan as demandas dos profesores e alumnos da actual Diplomatura en Empresariais.
- Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que non permita a fusión de ambos títulos sen antes acadar o consenso de todos os implicados."

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de maio de 2007, quedou informada do contido da anterior moción.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, por escrito de data 26 de maio:

Acordar: "Instar á Universidade de Vigo a dialogar, con profesores e alumnos da actual diplomatura en Ciencias Empresariais, unha saída satisfactoria á adaptación do plan de estudos actual."

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Molares Pérez, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: A Universidade non só é un punto onde é necesario que se aporten coñecementos senón que tamén necesario que se aprendan actitudes. Cremos que manter o consenso á hora de afrontar este reto, un reto importante para a toda a sociedade, para as Universidades como é a integración no espazo europeo da educación superior que tenta atender ás esixencias da formación superior da sociedade contemporánea, este gran reto que supón para o sistema universitario tamén é un gran reto para a cidade de Vigo. Neste reto temos que chegar todos e con consenso. Por iso nós queremos agradecer o seu esforzo por unha banda ós estudantes e profesores, ese achegamento que houbo a todos os grupos políticos para defender este grao, que esta diplomatura neste espazo europeo tamén teña o seu espazo, e tamén agradecer a oportunidade que nos dan ós grupos políticos de nos implicar para non permitir que esta diplomatura desapareza, que a Escola de Empresariais desapareza ó non se poder transformar no espazo europeo nun grao diferenciado.

Tamén lles queremos pedir a todos os grupos políticos que apoiem esta moción por unanimidade porque cremos que é importante que esta escola de empresariais siga a ter a súa diferenciación. Contamos cuns alumnos que o defenden, cun equipo que tamén o defende e como dicía, a través do consenso, respectando a autonomía da Universidade, cremos que esta Corporación debe implicarse en apoiar esta escola para que a súa longa tradición siga adiante e teña un espazo no reto que conforma a integración do espazo europeo da educación superior no futuro.

SR. LÓPEZ FONT: En primeiro lugar quero trasladar a miña felicitación e benvida a dona Carlota Muñoz Posse como nova concelleira do Partido Popular e desexarlle o mellor porque nos quedan tres anos de traballar conxuntamente.

Con respecto á moción presentada polo Partido Popular quero trasladar a preocupación, dende o primeiro momento en que esta situación se produciu, do conxunto do grupo municipal Socialista. Coincidimos coa exposición de motivos que realizou a Sra. Molares en canto á Universidade debe ter unha estrutura máis aberta e flexible, debemos colocar ás universidades españolas nunha mellor posición e evidentemente a adaptación ó espazo europeo de educación superior debe ser nas mellores condicións. Se desexamos iso en xeral, desexámolo en particular para a universidade de Vigo.

Tamén dende o noso grupo vaia o recoñecemento ó que significou sempre na cidade esta escola en canto á súa tradición, ó tempo que levan dotando de profesionais á nosa cidade e entendemos que debemos ter un signo de recoñecemento precisamente para este labor desenvolvido ate o de agora.

Como ben reiterou a relatora da moción, dámoslle moito valor ó consenso, cremos que esta é precisamente unha situación na que o consenso debe imperar sobre todas as cuestións e opinións que poida haber dende unha ou outra parte. Por iso si cremos que a este Pleno lle corresponde e debe facer un chamamento ó diálogo. Outras cuestións normativas ou outro tipo de decisións é certo que corresponden a outro ámbito e coido que non sería moi lóxico que intercedésemos dun xeito directo sobre as solucións que se poden dar.

Cando hai dúas partes en conflito ou con diferencias de opinións como pode ser neste caso, o máis importante é que impere o diálogo, que se busque unha

solución porque entendo que todos o desexamos en beneficio da cidade.

Ocorre que nós, á vista do texto íntegro que presenta a Sra. Molares a este Pleno, entendemos que se debería dar outra redacción que significando o mesmo incidise moito máis na procura de consenso pero que non crease atrancos sobre a solución final. Entendemos que mesmo se aprobamos a moción así pode haber problemas legais co espazo europeo, coñecido como Boloña, e polo tanto entendemos que sería positivo que o máximo órgano cidadán desta cidade, expresada como vontade democrática neste Pleno, fixese unha petición de diálogo entre as partes á procura dunha solución.

Como queira que dalgunha forma o texto que vou ler deseguido como texto alternativo á moción presentada, entendemos que si se axusta un pouco ás pretensións de todos os grupos e á procura dunha solución, tamén no conxunto deste Pleno chegaríamos a un consenso sobre el. Propoñemos substituír o texto presentado polo seguinte: Instar á Universidade de Vigo a dialogar con profesores e alumnos da actual diplomatura en ciencias empresariais unha saída satisfactoria á adaptación do plan de estudos actual".

Entendemos que con este texto se incide no que realmente nós debemos propoñer ás partes que hoxe teñen posturas discrepantes e coido que pode ser perfectamente apoiado polas tres formacións políticas. Con este texto coido que facemos o máis importante que é esa procura de solución e por iso solicito modestamente ó Partido Popular que valore este texto na seguridade que sería votado polos tres grupos.

Dende o Grupo municipal Socialista tamén mantivemos contacto cos profesores e alumnos e entendemos que daría demanda ás súas reivindicacións e podería ser unha boa escenificación sen poñer ningún tipo de atrancos para a procura dunha solución sobre o desenvolvemento actual da adaptación dos planes de estudos que coido que é o que nos debe preocupar a todos.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós tamén somos coñecedores do problema que se está a producir, en concreto coa diplomatura de Ciencias Empresarias. No noso grupo municipal tamén mantivemos contacto con representantes desta escola e somos perfectamente conscientes de que a Universidade de Vigo, como todas as do Estado e como está a pasar en toda Europa, agora mesmo están sufrindo un

proceso moi complicado para se adaptar ó novo espazo europeo de educación superior.

Todo este proceso de adaptación ademais ven marcado xa pola LOU que se aprobou o ano pasado e que inclúe a desaparición das diplomaturas, por iso incide especialmente sobre elas a complexidade deste proceso.

Sabemos que dende o principio está tentándose levar adiante este proceso de transformación co maior diálogo posible por todas as partes implicadas, de feito as condicións dentro das universidades galegas para este proceso establecéronse polo Consello Galego de Universidades logo dun dilatado proceso de consulta a todas elas e a todos os seus membros.

O que si pensamos é que este diálogo igual que ata o de agora ten que se manter ó longo de todo o proceso de aquí en adiante e por suposto ten que estar presente en toda negociación e en todo momento do diálogo. Para levar adiante esta adaptación da Universidade de Vigo hai que respectar sempre as garantías do alumnado tal e como veñen xa recollidas no Real decreto 1393/2007, que ten unha disposición adicional específica sobre estas garantías. O alumnado en ningún momento se pode ver prexudicado neste proceso de adaptación que seguro que é difícil para todo o mundo.

Por todo isto estamos a favor desta proposta de texto alternativo porque nos parece que o que realmente é importante é insistir sobre a necesidade de dialogar con todas as partes implicadas para chegar a un acordo sobre o proceso de adaptación da diplomatura de Ciencias Empresariais, como de calquera outra titulación actual que se vexa obrigada a esa adaptación agora mesmo, nesta primeira fase que se estableceu polo Consello Galego de Universidade entre 2008-2010.

SRA. MOLARES PÉREZ: Agradezo que por parte dos dous grupos teñan en conta que este é un problema, que a Escola de Empresariais ten que seguir adiante e, como se expoñía na moción, pensamos que debe ser a través do consenso.

Como ben dicía o Sr. Font por parte de alumnos e profesores se dirixiron a todos os grupos políticos e todos tivemos a oportunidade de presentar unha moción pero esta iniciativa a tivo o Partido Popular. Non por iso queremos ter ningún tipo de protagonismo senón que pola contra o que queremos é que todos nos impliquemos

en que a Escola de Empresariais siga adiante, siga a ter vida e espazo nese novo espazo europeo.

Non queremos que esta moción sexa simplemente unha escenificación dos distintos grupos políticos para dar apoio a esta Escola de Empresariais porque estean aquí estes alumnos. Contáronnos as súas reivindicacións e cremos neles e dígollo eu que son licenciada en empresariais e digamos que estou na parte da licenciatura, pero aínda así considero que a diplomatura de Vigo ten que contar cun espazo diferenciado en canto á cualificación dun título de grao.

Na moción hai dous puntos; un é instar á Universidade de Vigo a ofrecer unha alternativa de transformación en grao para cada un dos títulos de ámbito empresarial existentes de xeito que se atendan as demandas dos profesores e alumnos da actual diplomatura de empresariais, que dende o noso grupo non temos inconveniente en cambiar por ese texto alternativo de pretender o diálogo porque de todos os xeitos, por parte do Reitorado consideramos que se tomou esta decisión sen o suficiente diálogo e cremos que nese sentido xa é unha decisión tomada e por tanto se podería propoñer esa substitución de que ese diálogo que non houbo, o haxa.

O punto segundo á hora do redactar tivemos o suficiente coidado, aínda que temos toda a normativa e analizámola e pódolles garantir que polo que mirei non imos adoptar ningún acordo ilegal, non sería eu quen presentara un acordo ilegal. As liñas xerais para a implantación de estudos de grao e posgrao no sistema universitario galego, no artigo 3º, establece perfectamente a posibilidade de que a diplomatura se transforme nun grao ou mesmo, ante a posibilidade que alega o Reitorado de que sexa un título novo, cousa que non cremos, nun dos artigos permite esa excepcionalidade.

Cremos que ese punto segundo "Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que non permita a fusión de ambos títulos sen antes acadar o consenso de todos os implicados", non resta autonomía á Universidade de Vigo. Simplemente aprobar o punto do diálogo coa Universidade de Vigo parécenos unha foto deste Pleno, un quedar ben con todos pero non implica un paso cara adiante nese camiño de que a Escola de Empresariais, logo de tantos anos de vida, deixe de ter o seu espazo en Europa.

Non dicimos como o ten que facer a Universidade de Vigo, son eles, xuntos,

diplomatura, licenciatura, órganos dun sitio e doutro pero se o que pretende esta Corporación é que a Escola de Empresariais sega a ter a súa vida, a súa diferenciación, este punto segundo de salvagardar que non se tome unha decisión sen o consenso necesario, parécenos fundamental para manifestar esa implicación desta Corporación coa Escola de Empresariais.

Por tanto nós aceptamos substituír o punto primeiro pola redacción que propón o Partido Socialista e podo asegurar que a nosa disposición é sempre sacar os temas adiante e conseguir resolver problemas. Cremos que na cidade hai un problema se non se ten en conta por parte do Reitorado que a Escola de Empresariais está dende os anos vinte, soubo coexistir coa licenciatura durante todos estes anos e así tamén o reclama o tecido empresarial porque temos a carta do Ilustre Colexio Oficial de Titulados Mercantís e Empresariais de Vigo na que insta, neste caso ó Consello Social que hoxe se reúne, a que non permita que esta escola quede sen un grao diferenciado.

Como se dicía no encontro que se tivo esta semana pasada do Consello Social co mundo empresarial, unha das demandas fundamentais que ten que atender unha Universidade é a de atender as demandas dos sectores específicos, sectores empresariais e atender tamén, como así establece o documento marco da integración, a colaboración entre os responsables académicos e os de asociacións e colexios profesionais.

Creemos que sería un erro que dende a Corporación de Vigo, neste momento tan importante para as universidades españolas, non o apoiáramos, sempre respectando a autonomía da Universidade. Creemos que con o punto segundo non limitamos a súa liberdade pero si garantido que o que quere esta Corporación é que non se remate esa transformación sen o consenso necesario, non dicimos como pero collendo un texto do propio documento marco da integración do sistema universitario español no espazo europeo de ensinanza superior de febreiro de 2003, di: "No espazo educativo europeo é un obxectivo que debe ser construído entre todo". Coidamos que entre todos tamén está a Escola de Empresariais.

Falta para chegar a esta decisión definitiva pero tamén hai unha cuestión importante, neste caso este reto de Boloña, que algún medio de comunicación cualifícao de envurullo, a min gústame máis utilizar a palabra reto, é complicado e vai ser difícil adaptarse a este espazo. A Universidade de Vigo neste caso foi a

primeira de Galicia, pero non por unha vez que somos os primeiros e pasamos a Coruña, non vaiamos ser os últimos porque realmente na Universidade de A Coruña, segundo a miña información, vai haber unha aposta do Reitorado por manter o grao para a diplomatura e para a licenciatura, por tanto o van facer máis tarde pero van chegar todos e van chegar á meta como se debe chegar.

Non vaia ser que esta Corporación non se molle o suficiente neste Pleno á hora de apoiar esta moción e logo nos levemos a sorpresa de que unha vez máis, o norte fronte o sur, na Universidade de A Coruña se propoñan os dous graos e na Universidade de Vigo quede un só.

Aceptamos o punto primeiro co cambio que propón o Sr. López Font pero coidamos que o punto segundo é necesario para que ese diálogo entre os distintos membros da Universidade de Vigo, sexa un diálogo real e non se quede simplemente plasmado neste papel. Que saia de aquí unha moción por unanimidade pero que esa unanimidade realmente non acade o obxectivo que todos queremos que é que a Escola de Empresariais, logo de ter sido destacada como Viguessa Distinguida no ano 96 por esta Corporación, siga a sentir o apoio da Corporación de Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Agradecemos o xesto do Partido Popular e se non ten inconveniente o Alcalde solicitaríamos unha moi breve interrupción de tres minutos co obxecto de tentar acadar ese consenso entre as tres formacións políticas para que a moción teña a unanimidade absoluta do Pleno.

A PRESIDENCIA: Para este presidente é moi grato porque eu son profesor do departamento de Fundamentos de Análise Económico e dei clase a algunha xente dese departamento na Escola de Empresariais. Nada me gustaría tanto como que houbera un acordo. Suspendemos durante tres minutos a sesión.

Neste intre, sendo as dez horas e trinta e dous minutos, suspendese a sesión para que se xunten os voceiros dos tres grupos municipais. Prosegue a sesión ás dez horas e cincuenta e dous minutos.

A PRESIDENCIA: Procedemos sobre unha proposta conxunta e o acordo sería: Instar á Universidade de Vigo a dialogar, con profesores e alumnos da actual

diplomatura en Ciencias Empresariais, unha saída satisfactoria á adaptación do plan de estudos actual. O segundo punto quedaría: Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acade o consenso de todos os implicados no establecemento simultáneo de dous grados.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Instar á Universidade de Vigo a dialogar, cos profesores e alumnos da actual diplomatura en Ciencias Empresariais, unha saída satisfactoria á adaptación do plan de estudos actual.

Segundo.- Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acade o consenso de todos os implicados no establecemento simultáneo de dous grados.

16.- (124).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO DESTINAR O APROVEITAMENTO DO PERI DE BARREIRO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO SOCIO-COMUNITARIO EN LAVADORES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 14 de maio, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

"Lavadores é unha das parroquias máis populosas de Vigo e unha das máis esquecidas. A súa longa historia como Concello, a profusa actividade sindical durante os anos 40, as personalidades que de alí proceden como Ramón Nieto ou Enrigue Otero, o seu patrimonio cultural e máis o actual dinamismo dos seus veciños, que se agrupan en máis de 30 colectivos, fan deste espazo vigués un referente do que hoxe en día é a cidade.

O Concello de Vigo inicia o procedemento para o que hoxe coñecemos como Barreiro no ano 2000 coa redacción do PERI, pero non é ata o ano 2006 cando a Xunta de Goberno Local e maila Xerencia de Urbanismo, co Partido Popular no goberno municipal, aproba e adxudica o proxecto de urbanización do mesmo.

En termos xerais Barreiro se conforma sobre unha superficie de máis de 100.000 m². O PERI inclúe un gran parque público de 45.000 m² e dispón, xa, dun centro de atención a persoas maiores de 150 prazas. Cen vivendas de protección autonómica están a ser construídas pola cooperativa "Eduardo Chao" constituída pola Federación de Asociacións de Veciños de Vigo. A piscina prevista no PERI foi,

tamén, adxudicada no anterior mandato, cando o PP ostentaba a responsabilidade de goberno. Finalmente, o PERI contempla a construción doutros equipamentos deportivos.

Estas instalacións de uso deportivo, social e máis de ocio carecen, ao noso xuízo, dun espazo propio para o uso veciñal. O aproveitamento urbanístico que lle corresponde ao Concello de Vigo permitiría, entre outros usos, dotar aos veciños de Lavadores dun centro socio-comunitario do que hoxe en día carecen.

De feito, o aproveitamento total ascende a 12.500 m², 2.500 en planta con baixo máis tres plantas e baixo cuberta. Dende o noso punto de vista o uso da planta baixa de 2.500 m² sería o espazo ideal para a creación deste centro que son os propios veciños de Lavadores quen o están a reclamar.

Diante do exposto, o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

- 1.- Destinar 2.500 m² do aproveitamento urbanístico que lle corresponde ao Concello de Vigo no PERI de Barreiro para a construción dun centro socio-comunitario para Lavadores.
- 2.- Que se inicie o procedemento para a redacción do proxecto e que se inclúan nos vindeiros orzamentos as partidas necesarias para a construción deste centro.
- 3.- Que unha vez rematado se ceda o uso aos colectivos veciñais de Lavadores."

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 19 de maio, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Presentamos unha moción relacionada co PERI de Barreiro. Lavadores é unha das parroquias máis populosas da cidade e dende o ano 2000 vense tramitando este PERI. Cando nós ostentábamos o goberno no anterior mandato fixemos un esforzo importante dende o propio Concello para empezar a tramitación da urbanización e facer unha serie de investimentos neste PERI orientados dende a súa aprobación.

Levouse a cabo a adxudicación de cen vivendas protexidas coa Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao e agora mesmo están en construción. Así mesmo tamén se adxudicou a urbanización de Barreiro por un importe de tres millóns e medio de euros e deixouse adxudicada unha piscina cuberta, con zonas de lecer e por suposto co seu ximnasio correspondente que tamén está próxima ós tres millóns de euros.

Polo tanto o goberno anterior fixo adxudicacións e levou a cabo proxectos por un

importe aproximado de nove millóns de euros, uns 1.500 millóns das antigas pesetas.

Agora, para continuar coa planificación que tiñamos en Barreiro, presentamos dentro dunha parcela que hai para espazos e servizos municipais, que esperemos que se poida concretar cun centro socio-cultural, ocupacional, ludoteca, gardería infantil, destinar esa parcela de 2.500 metros aproximadamente de aproveitamento urbanístico para contar cun novo centro veciñal, socio-comunitario e ó mesmo tempo no futuro dotalo dos correspondentes servizos de gardería, ludoteca, biblioteca, etc.

A moción que traemos hoxe é que se destinen 2.500 metros a un centro socio-comunitario ou veciñal e que se inicie o expediente correspondente. Por suposto que unha vez rematadas as obras se ceda ós colectivos veciñais de Lavadores.

Xa anunciamos tamén que a semana próxima presentaremos unha moción correspondente á construción dun campo de fútbol de herba sintética neste recinto. Sabemos que a día de hoxe se está a facer unha negociación conxunta co Real Club celta sobre o campo de fútbol de Barreiro que nós non entramos a discutir agora mesmo, pero si hai un compromiso cun club da cidade que é o Gran Peña que ademais acaba de ascender a terceira división, de que aquí se poida construír un campo de herba sintética, campo que xa había no seu día un convenio entre o Concello e a propia Xunta de Galicia e polo tanto esperemos que a construción desta instalación deportiva se leve a cabo como un pavillón anexo que era o proxecto que estaba no seu inicio concretado.

En calquera caso, aínda que vostedes chegasen a un acordo entre as tres partes que están agora mesmo dentro dese convenio, Celta, Gran Peña, Concello, consideramos que este barrio necesita esa instalación deportiva que sería aberta, non tería que estar pechada senón todo o contrario, coido que agora hai novos modelos para facer campos de fútbol, por exemplo o campo que se fixo na Bouza en Coia, ou o que se fixo en San Andrés de Comesaña ó carón do río Lagares.

Por todo iso esperamos que hoxe apoiem esta moción pero xa anunciamos a seguinte que imos presentar con respecto á urbanización de Barreiro, unha urbanización coa que o goberno do Partido Popular deu mostras de sensibilidade con cuestións que son reais, cen vivendas protexidas cun custo de case tres millóns de euros, a urbanización por tres millóns e medio e outros tres millóns de euros

aproximadamente que coido que vai custar a adxudicación que xa se fixo da piscina cuberta para ese enclave tan importante do barrio de Lavadores.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Na exposición de motivos da propia moción fálase de que Lavadores é unha das parroquias máis populosas e unha das máis esquecidas da nosa cidade. Neste sentido no programa electoral do Partido Socialista precisamente levábamos atender de xeito prioritario aqueles barrios e parroquias e seguimos a mantelo cando faltan escasos días para cumprir un ano da toma de posesión deste goberno.

Coido que esta moción non ten moita razón de ser neste intre, Sr. Figueroa, por canto nós estamos a falar coa Asociación de veciños de Lavadores, queremos contar cos veciños para que o que alí fagamos sexa o mellor para a parroquia e non se vaia xerar ningún problema como o que agora mencionaba vostede e que vai presentar unha moción no vindeiro Pleno, o campo de herba sintética que está traendo problemas e diversas opinións entre os veciños.

É máis, a propia asociación de veciños de Lavadores comprométese mesmo a participar na construción deste centro socio-comunitario que poderán ser os 2.500 metros cadrados dos que vostedes falan, en baixo e varias plantas, ou poderá ser outra superficie. En todo caso vai ser acordado con eles e farase no seu momento, como lle dicía este é o noso primeiro ano de goberno, quédannos aínda tres anos de mandato e faremos para a parroquia o mellor centro socio-comunitario pero sempre de común acordo cos veciños e coa propia asociación.

Con isto quero dicirlle que non imos votar a favor a moción. No seu momento como goberno decidiremos o proxecto que acordemos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Coincidimos plenamente coa filosofía que ven de expoñer, Sr. Figueroa, non pode ser doutro xeito porque como ben di na moción o que hoxe coñecemos como PERI de Barreiro iníciase a súa redacción no ano 2000, cando nós estabamos no goberno e que logo de moitos anos conseguimos desbloquear ese expediente, pagar as expropiacións que había que pagar, acadar eses terreos para o Concello e xa na redacción dese PERI estaban contemplados todos eses espazos que vostede ven de citar, espazos cos que repito que nós estamos absolutamente de acordo.

Tamén coincido co que dixo o concelleiro de Participación Cidadá de que aquí se estivo a falar repetidamente de consenso, mesmo nas últimas mocións que vostedes presentaron, e iso é o que este goberno está facendo, buscar a procura dun consenso.

Evidentemente a construción dun centro socio-comunitario para Lavadores é necesaria e cóstanos que se iniciaron xa negociacións coa asociación de veciños para ir da man na procura desa consecución, de que sexa executable e que sexa máis satisfactoria para os veciños, polo tanto non imos votar esta moción porque cremos que hai un paso previo a que o Concello decida o destino desa parcela e vostedes xa nos antecedentes van máis aló e falan dunha ou dúas plantas. Nós cremos que hai un paso previo á aprobación desta moción que sería xuntármonos todas as partes e definir, planificar, discutir coa asociación de veciños e cos colectivos, o futuro desenvolvemento dese centro socio comunitario.

Con relación ó campo de herba sintética que vostede mencionou, nós tamén estabamos dende o primeiro momento de acordo neste campo pero evidentemente na procura deste consenso hai problemas, a asociación de veciños pon problemas, o concelleiro de Deportes dende o primeiro momento está falando coa asociación veciñal e cos dous equipos, tanto o Gran Peña como o Nieto, que eran ós que loxicamente se lles prometera a utilización dun campo no barrio e estanse levando negociacións co Celta precisamente para buscar o obxectivo que o Gran Peña e o Nieto queren, que non é outro que poder ter un campo nese barrio que poida ser utilizado por todos, polas categorías inferiores así como polos primeiros equipos destes clubs.

Nese sentido estase negociando tamén para buscar unha solución axeitada, solución que en principio están de acordo os dous clubs e que loxicamente estamos a facer todo o posible para que iso saia para adiante.

Polo tanto estamos absolutamente de acordo coa filosofía da moción, nós tamén queremos un centro socio-comunitario que contemple as necesidades que teñan os colectivos, pero simplemente coidamos que hai un paso anterior que é o diálogo e o consenso coa asociación de veciños para que cando decidamos o goberno, que somos quen temos que decidir, implementar as distintas partidas orzamentarias que sexan necesarias, se faga co coñecemento e co consenso de todos os colectivos e loxicamente do máis importante que é a asociación de veciños.

SR. FIGUEROA VILA: Seguramente nós temos outra percepción da situación. Esta moción presentámola porque nos reunimos cos colectivos de Lavadores polo tanto algo non encaixa, ou vostedes non teñen contacto permanente con eles ou alguén toca de oído porque senón non tería ningún sentido que os colectivos nos formularsen esta proposta. Paréceme ben que vostedes leven un ano pero aquí a vontade se demostra con cartos, con adxudicacións e o goberno anterior demostrou a súa implicación co PERI de Barreiro e con Lavadores claramente. Aquí están aproximadamente uns nove millóns e medio de euros de adxudicación na parcela de Barreiro, iso son datos obxectivos que non pode opinar ninguén sobre eles porque está feita a adxudicación de cen vivendas protexidas, a adxudicación da piscina cuberta e climatizada para toda a zona de Barreiro e feita a adxudicación para toda a urbanización que está a piques de rematar.

Sr. Domínguez Olveira, non inventamos nada, claro que puxemos na moción que comezara o PERI de Barreiro no ano 2000, coido que temos que ser claros, actuar con transparencia e con total claridade. Comezouse pero houbo un pacto de todos os grupos, se vostede colle a memoria cos obxectivos que se perseguían di: edificio de servizos municipais no que se situará un centro socio-cultural, un centro ocupacional, atención cidadá, locais para a asociación de veciños, gardería infantil, biblioteca, ludoteca e locais comerciais cunha superficie total construída de 5.852 metros cadrados nun total de tres plantas, baixo máis dúas, con soportal de 1.136 metros e unha praza interior de 1.698 metros. Está no planeamento tal como está debuxada, planos e infografía, que nós tamén as temos aínda que non somos dados a darlles publicidade pero tamén existen, onde está a construción, o campo de fútbol, a posibilidade da piscina, o centro socio-cultural e mesmo un pavillón e cabe perfectamente o campo de fútbol de herba sintética nun complexo que espero que se desenvolva.

Se vostedes non queren votar esta moción coido que é unha cuestión puramente política pero nós imos mantela porque nos parece que esta parroquia de Lavadores, antigo concello, require da atención do Concello de Vigo. Nós demos mostras claras da implicación do goberno anterior do Partido Popular, da Sra. Porro, co barrio de Lavadores.

Os expedientes están aí, investimentos por importe de case dez millóns de euros,

falamos de máis de 1.500 millóns das antigas pesetas neste proxecto, ademais con cuestións puramente sociais: con cen vivendas protexidas totalmente adxudicadas e que teñen xa ás persoas que a van ocupar; a adxudicación da piscina cuberta que se fixo con custo cero para o Concello porque temos que empezar tamén a valorar esas cousas e por suposto agora queremos continuar con este proxecto.

Vostedes críticannos moitas veces que só facemos crítica do goberno. Estamos presentando un proxecto positivo, seguindo coa folla de rota do que estaba planificado; en segundo lugar estamos presentando un proxecto dun xeito positivo e terceiro o máis importante, á parte de que xa o coñecíamos estamos tamén atendendo unha reivindicación dos veciños.

Con respecto ó campo de fútbol ás veces hai que tomar decisións e non creo que un campo de fútbol aberto, como pode ser A Bouza ou o de San Andrés de Comesaña, non pode molestar absolutamente a ninguén porque son trescentos rapaces e rapazas do barrio de Lavadores que se están desprazando ó Meixoeiro ou ó Carballal e consideramos que por moito que vostedes cheguen a un acordo e por un compromiso que poidan ter con algún club deportivo de que Barreiro vai ter un campo de herba sintética, cando iso aconteza seguramente o mandato rematou porque é totalmente imposible construír novos campos de fútbol, se o queren facer na Madroa, a ver quen os constrúe e que os paga, evidentemente unha sociedade anónima, e facer o campo de herba sintética en Barreiro.

No mellor dos casos estamos a falar dun ano e medio ou dos anos co que a pregunta é se os rapaces van seguir dispersos por aí. Consideramos que a instalación é idónea porque é unha instalación totalmente aberta, non hai que facer gradas nin vestiarios porque os teñen no campo de Barreiro e parécenos que sería o axeitado. Mesmo se houbese que facer vestiarios poderían facerse perfectamente no recinto de ó lado que vai un pavillón que pode ser multiusos para recoller todo ese tipo de iniciativas.

Coido que se vostedes non queren votar esta moción é por unha cuestión política ou porque a oposición tivo a oportunidade política da presentar e como non é unha proposta de seu, rexéitana. Coido que non habería ningún motivo para que non votaran a favor pero alá vostedes co seu criterio.

O que está claro é que esta oposición estalles a amosar como se traballa a prol dos cidadáns dun xeito positivo sen facer ningunha crítica. É máis, a moción preséntase

contando a verdade, dicindo que no ano 2000 se inicia a aprobación do PERI pero realmente quen fixo algo fomos os que estamos agora desta banda, esa é a cuestión e non hai máis.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Xa que imos derivando na moción cara outras cousas como os campos de fútbol de herba sintética e xa que falamos de Lavadores, aproveitaba esta ocasión para felicitar ó Gran Peña polo seu ascenso de categoría. A nosa nora boa.

Volvendo á moción, é certo que se invisten en Barreiro eses nove millóns de euros dos que fala o Sr. Figueroa, pero tamén é certo que nos seus catro anos de mandato no resto de Lavadores vostedes non investiron nin un só céntimo. Non investiron nada en rúas, nin en beirarrúas, nin saneamento, nin viais, nin parques infantís, nin transporte urbano, non melloraron absolutamente nada e polo tanto non veñan ó abeiro desta moción a pretender vender que vostedes fixeron algo polos barrios e parroquias.

Ademais lle quero dicir que a mellor garantía para a Asociación de veciños de Lavadores e para os seus veciños de que nós imos cumprir alí o noso programa electoral é que xustamente levábamos isto, está aí o compromiso do Partido Socialista e do noso Alcalde con estes veciños. É máis, a Asociación de veciños está disposta a facer un esforzo como ningunha outra asociación e ó mellor algunha nin o pode facer para que se consiga este centro e hai que lles recoñecer ese esforzo que están dispostos facer para facer ese centro importante que nós coincidimos en que é necesario.

Reitérolle que non ten razón de ser neste momento esta moción. A acción de goberno correspóndenos e nós decidiremos no seu momento, de acordo coa Asociación e cos veciños de Lavadores, o que se fai alí e no momento que se fai. Dende logo o primeiro que temos que facer é redactar un proxecto no que esteamos de acordo con eles e nese momento farémolo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Figueroa, claro que vostede amosa un acordo e xa lle dixen dende o primeiro momento que é un acordo efectivo e que nós apoiamos. Dicir que os únicos que fixeron algo en Barreiro foron vostedes é unha afirmación moi parcial e vostede e a Sra. Porro sábena. Digo isto porque hai que lembrar que

vostedes estiveron gobernando dende o 95 ata o 99, non foron quen de desbloquear o tema de Barreiro, de chegar a acordos cos revisionistas e tivo que ser un goberno nacionalista e do Partido Socialista quen nos anos 99 ó 2003 desbloqueou absolutamente todo ese tema do PERI de Barreiro, redactouse e hoxe a realidade é que vostedes puideron investir aí, e ninguén o vai negar, porque houbo un proxecto e un traballo doutras formacións políticas.

Precisamente por iso nós valoramos positivamente o sentido e a filosofía desta moción, parécenos que efectivamente en Barreiro se fixo un esforzo investidor, non só polo anterior goberno senón tamén polos outros anteriores e aí estamos todos implicados.

Nós non tocamos de oído, vostedes veñen de dicir que traen esta moción porque son reivindicacións veciñais e logo fala vostede o campo de herba sintética. Houbo unha asemblea veciñal, xa lle dixen que nós estamos de acordo con ese campo de herba sintética pero temos que escoitar as recomendacións e as reivindicacións veciñais.

Non sei se o sabe pero houbo unha asemblea veciñal con todos e cada un dos socios de Lavadores que quixeron asistir que aprobou por unanimidade non construír aí ese campo. Nós o que facemos é que imos chegar a acordos para poder satisfacer a todas as partes, ós clubs de fútbol e á propia asociación.

Con respecto ó centro socio-comunitario volvo repetir que o BNG traballará dende este goberno para que a veciñanza teña esas dotacións que son necesarias e que efectivamente reivindicán. Non é unha proposta de vostedes, efectivamente hoxe traen esta moción que nós valoramos como aquelas mocións que a oposición buscando efectivamente o desenvolvemento dunha serie de accións que é o que ten que facer a oposición, pero é unha proposta de todos e que nós empezaremos e traballaremos neste goberno, o BNG o primeiro, para que se teñan estas dotacións en Barreiros pero lle repito que coidamos que este non é o momento do aprobar. Hai un paso previo que, como ben explicaba o concelleiro de Participación Cidadá, é o que estamos dispostos a facer.

Xa verán vostedes como, sen necesidade de traer agora esta moción, este traballo se desenvolve e se leva a cabo.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que vostede pasea pouco polo rural ou pola cidade

porque se di que en Barreiro o goberno anterior non investiu absolutamente nada ou non quere analizar os datos ou que só quere dicir o contrario sen máis.

Se vostede considera que dez millóns de euros non é un investimento importante para unha parroquia desta cidade, imos ver canto invisten vostedes cando rematen o seu mandato e comparamos. Pero á parte deses dez millóns teño un listado de investimentos de máis de dous millóns de euros que non vou ler aquí porque son bastantes actuacións pero coido que vostede o descoñece.

Non me estraña que os colectivos se nos queixen de que vostede non os recibe. Iso é o que nos din a nós, en concreto esta asociación, dinos que o responsable de Participación non lles fai caso porque debe ter moi ocupada a súa axenda e nin os recibe. Hai testemuñas máis que suficientes e senón pregunte porque coido que ten algún representante, algún amigo ou algún veciño nesa asociación e xa verá se faloron de vostede.

Non o ía dicir aquí pero xa que vostede o di, dígolle que se queixaban do concelleiro de Participación porque non os recibe dende hai catro ou cinco meses. Non sei se é certo ou non pero nós recollemos o que nos demandan e preguntando por este tema, nese seguimento que fai este grupo político pola cidade, dixéronnos que de momento ninguén falou con eles para concretar cal era o proxecto.

Por iso pensamos que como xa levan un ano e ninguén di nada iamos presentar unha moción que é onde hai que tratar estes temas. Coido que presentamos unha moción sen ningún tipo de crítica, pola contra é facer un seguimento como imos facer moitos máis, non pensen que vai ser só esta moción. Nós temos claro o que queremos para esta cidade e dende a oposición imos facer ese traballo que coido que temos que facer de tentar que o goberno traballe un pouco máis, acelere un pouco máis os seus compromisos e teña unha actitude cara ós proxectos máis positiva. Non todo se pode quedar en infografías nin fantasías, hai que ir ó terreo que é onde se miran os problemas.

Xa que vostedes votaron en contra o plan parroquias cando gobernabamos nós, a ver se agora todo o que se propoñía, a ver se esa emenda que vostedes presentaron de saneamento se cumpre porque non o miramos por ningún lado. Xa que falamos deste tema gustaríame preguntar ó Sr. Alcalde como está o colector que conectaba co porto e que el arranxaba en quince días cando era presidente da Autoridade Portuaria. Non miramos ningún expediente.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, está vostede pechando un debate, non abra catro.

SR. FIGUEROA VILA: Pecho o debate dicindo que esta parroquia para nós foi importante, fixemos este investimento, xa non lle conto do Meixoeiro que tamén é unha instalación deportiva que ó final está dando cobertura tanto ó club de fútbol Meixoeiro, como Nieto, como Lavadores porque son todos desta parroquia. Nós consideramos que isto debería ser prioritario.

Ademais teñen todas as facilidades para o levar a piques cun convenio urbanístico porque eles teñen unha asociación da súa propiedade co que se pode facer un convenio. Diso xa se falou pero non lle quero dar máis datos, só para que miren que coñecemos o tema perfectamente. Ese enfoque xa se fixo, cando se negociou o Plan Xeral coa Asociación de veciños de Lavadores estaba incluída a posibilidade dun convenio urbanístico para, mesmo con custo cero ou moi pequeno para o Concello, levalo a cabo.

Non entendemos como vostedes estes temas que seguramente nin sequera signifiquen cartos para o presuposto municipal, non sexan quen dos articular. Se cando arranxen isto xa levan un ano, outro ano máis articulalo, pois evidentemente pasarán os catro anos e non poñeremos nin a primeira pedra deste centro socio-comunitario que é un proxecto viable a todas luces e ademais hai ese acordo co propio colectivo.

Coidamos que a instalación deportiva tamén é necesaria porque estamos a falar duns clubs deportivos para os nenos e nenas que viven alí, é compatible porque xa estaba no proxecto inicial redactado dende o ano 2000, a infografía que fixemos nós no ano 2003 ten todo o proxecto desenvolvido polo tanto coido que poñer alí unha instalación deportiva que ademais vai ser aberta, non ten que ser pechada, haberá que poñer algo para que os balóns non saian fóra ou non entre ninguén sen autorización, pero sería cun valado, con sebes ou con algo. Coido que é totalmente compatible.

Se vostede felicita ó Gran Peña, os dous socios que estamos nesta Corporación, o Sr. Domínguez máis eu, esperamos que se sumen moitos máis e que axuden a este club que leva moitos anos deambulando por moitos campos.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, e catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, sobre a construción dun centro socio-comunitario en Lavadores, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (125).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A CANALIZACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS DOS CAMPOS DE SAN ESTEBAN DE BEADE E DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de maio, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, formula a seguinte moción:

"Tratando de evitar todos aqueles "puntos negros" de verquidos que se atopan no termo municipal e que en algúns casos son denunciados polos veciños do contorno, presentamos a necesidade de que o Concello acometa as obras necesarias para canalizar as augas das que a continuación falamos.

Non será a primeira nin a última ocasión na que nos atopemos con estas carencias medioambientais que deben ter resposta en forma de solución polos responsables das concellerías correspondentes.

Hoxe traemos ao Pleno da Corporación a necesidade de canalizar os verquidos que orixinan os vestiarios dos campos de fútbol de San Esteban de Beade e o de San Andrés de Comesaña. O primeiro deles verte directamente aos montes de Beade e o segundo o regato próximo a súas instalacións.

Por todo isto o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a executar a conexión e canalización das augas residuais dos vestiarios dos campos de fútbol do San Esteban de Beade e de San Andrés de Comesaña a rede de saneamento".

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 19 de maio, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COMESAÑA ABALDE: Con esta moción o que tratamos é ir eliminando eses puntos negros que quedan na cidade de vertidos como son neste caso nos campos de fútbol de San Esteban de Beade ou San Andrés de Comesaña. Se ben son dúas instalacións distintas, unha é municipal e outra non, o que tratamos é de instar ó goberno para que se facilite o saneamento ós vestiarios destes dous campos de fútbol.

SR. ALONSO PÉREZ: Anuncio o voto afirmativo á moción porque, se ben é certo que hai un acordo entre as distintas partes no que o Concello se compromete a executar as obras de saneamento no caso de San Esteban, está claro que ese acordo é do ano 2004; estando o goberno do Partido Popular non se acometeu pero nós asumimos os compromisos do goberno anterior e imos votar afirmativamente. As concellerías de Vías e Obras e de Deportes xa estamos en conversas para resolver problemas que son comúns, tanto de electricidade como de saneamento en instalacións deportivas.

SR. COMESAÑA ABALDE: Estamos de acordo en que efectivamente hai un acordo pero tamén debe mirar cando se rematou o campo de fútbol de Beade porque as datas son importantes. De seguir nós teríamos o saneamento feito porque estabamos niso.

Moitas gracias polo voto favorable.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Domínguez Olveira e o Sr. Figueroa Vila)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación dos vinteseite que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro Sr. Comesaña Abalde, pola que se

insta a canalización das augas residuais dos campos de San Esteban de Beade e de San Andrés de Comesaña.

18.- (126).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO UN PLAN DIRECTOR PARA O ARQUIVO PACHECO E QUE SE PROSIGA COS TRABALLOS DE CONSERVACIÓN E INVESTIGACIÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 12 de maio, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

"O Arquivo Pacheco reúne unha colección fotográfica na que, ás calidades estéticas, súmase un excepcional valor documental sobre a cidade de Vigo. Conforman a memoria e a fisionomía das súas xentes, da súa paisaxe urbana e rural, e dos seus acontecementos históricos ou anecdóticos. Pola súa extensión e calidade é un dos arquivos de fotografía máis valioso do país.

Sabedor da importancia deste arquivo, o Partido Popular durante o seu mandato, non só continuou senón que impulsou o Arquivo con gran esforzo ao carecer de presuposto de investimentos. Engadiu, ao feito ata entón, o nomeamento dun director, a dotación de persoal para proseguir coas tarefas de conservación e dixitalización dos fondos, reparando, no posible, o atranco producido polo incumprimento da empresa contratada con anterioridade para a realización deste traballo.

Consciente de que en materia de patrimonio non se debe actuar segundo impulsos, senón de acordo a un programa de actuación técnica, documentada e escrita que sirva de criterio ás actuacións futuras, solicitáronse, por unha banda, as opinións de expertos vinculados a arquivos fotográficos ou de imaxe con experiencias contrastadas a nivel estatal, que visitaron a colección dando o seu parecer sobre os pasos a seguir. Por outra, encargouse a elaboración e redacción dun programa que, recollendo o xa feito, concretase os fins e os plans de traballo do Arquivo.

A necesaria conservación e catalogación dos fondos, traballo oculto, longo no tempo, pero necesario, debe desenvolverse en paralelo a súa difusión. Con este obxectivo multiplicáronse as actividades divulgativas, dándose a coñecer cada vez máis, difundindo a súa presenza entre os vigueses con proxectos como "A Galería", exposicións como "Marcas de Luz" ou "Pano de lona", ou actividades didácticas nas que participaron ó redor de 1.200 escolares. Esta proxección cara o exterior transcendeu o ámbito local, mostrándose a colección non só noutras cidades galegas ou españolas, senón fora do país.

Coa nova legislatura, prodúcese un *parón* na actividade do Arquivo. O actual goberno deixou sen dirección e rematou pechándoo ó público.

Esta situación pon de novo sobre a mesa cuestións que estaban xa superadas, dando marcha atrás sobre os pasos que xa se deran.

Segue sen se determinar cal será o futuro orgánico e funcional do Arquivo, o que se reflicte na inexistencia dunha partida específica nos orzamentos actuais.

Que pasou co Arquivo Pacheco dende maio de 2007 ata agora?. Que vai ser del?

Vigo precisa un arquivo histórico ou un centro de documentación que rescate, protexa e divulgue o legado documental (textual, gráfico...) da cidade, no que se dea prioridade ó traballo de protección, restauración e reprodución dixital daqueles elementos que, tendo un maior perigo de perda ou deterioro, posúan un maior valor estético ou documental.

Por todo o dito o grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación para a súa aprobación:

Instar ao goberno local á aprobación dun plan director para o Arquivo Pacheco e a que se dispoñan todos os recursos precisos para que se poidan continuar os seus traballos de conservación e investigación, así como a súa tarefa divulgadora".

A comisión informativa de Cultura, Industria e Patrimonio Históricos, en sesión do 19 de maio, quedou informada do contido da anterior moción.

A concelleira Sra. Larriba Leira procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. LÓPEZ CARREIRA: Agradézolle realmente de corazón a súa preocupación polo Arquivo Pacheco. Estou absolutamente seguro que actúa de boa fe e con toda honestidade. É máis, concordo con vostede na visión da importancia deste Arquivo. Quédome coas súas palabras, dende logo se conxuga a súa gran

calidade estética cun excepcional valor documental. Non só é o máis importante do país, como apunta na súa moción, senón que sen dúbida está entre os máis importantes do Estado.

Pero coido que se equivoca e voulle pedir con toda a seriedade que merece este Pleno que retire esta moción da orde do día porque neste intre non é o lugar onde debe expoñer a súa preocupación polo Arquivo Pacheco, non mo tome a mal pero lle recomendo que na primeira xuntanza do Partido Popular poña esta moción enriba da mesa e diríxaa á súa voceira, Sra. Porro, que de seguro lle vai explicar por que non debe presentar esta moción aquí e menos nestes termos.

SRA. LARRIBA LEIRA: Agradezo que entenda que é importante o funcionamento do Arquivo Pacheco, que entenda que é unha mágoa que o Arquivo sufra dende hai un ano unha paralización, que entenda que as actividades e todas as accións que se puxeron en marcha non poden quedar paralizadas como están. Lamento que vostede non me traslade argumentos para dar-me a opción dos rebater.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Voullos trasladar xa que non a retira. Antes de nada o que quero é recoñecer ó Partido Popular que ten o don da oportunidade. Sorpréndeme Pleno tras Pleno e chama realmente a atención a capacidade que teñen vostedes de presentar un asunto coma un caso perdido e ó mesmo tempo poñerse como salvadores do mesmo. Non houbo un só Pleno nos meses que levamos en que non aparecera unha moción de seu na que nos fixeran saber a súa gran preocupación por un asunto, que instaran a este goberno a poñer algo en marcha cando realmente xa o estaba. Esta moción vai exactamente polo mesmo vieiro.

Como o seu grupo sempre defendeu, o Arquivo Pacheco debe seguir un proceso de musealización e como tal formar parte da nova rede museística da cidade. Vostedes son perfectamente coñecedores de que nestes momentos expertos están a realizar un proxecto para a reestruturación da situación actual.

Paralelamente xa se está a elaborar un plan de actuación con obxectivos, liñas metodolóxicas, necesidades de recursos e prazos para o Arquivo Pacheco. Nos vindeiros días o Arquivo Pacheco vai contar de novo con persoal para realizar intervencións básicas de conservación, están os expedientes en marcha dende hai días, para posibilitar a consulta dos fondos por parte dos estudosos e

investigadores e mesmo para facilitar o préstamo de imaxes.

Ademais están redactadas as bases para que neste mesmo ano se cumpra un dos compromisos que se asinaron no convenio de adquisición do Arquivo Pacheco, falo do ano 91. Compromiso que vostedes, que gobernaron esta cidade durante anos, non foron quen de cumprir. Neste mesmo ano se vai convocar o primeiro “Premio Pacheco” de fotografía.

Lendo a exposición de motivos da súa moción parece que vostedes si tiveron mentres gobernaron unha actuación de potenciación do Arquivo Pacheco e o certo é que se limitaron a facer que facían. No único momento no que se abordaron traballos serios no Arquivo Pacheco foi no período no que foi Alcalde desta cidade o Sr. Pérez Castrillo e concelleiro de Cultura o Sr. González Príncipe.

De todos os xeitos lle vou lembrar cal é a realidade e as actuacións e isto, Sra. Larriba, é o que lle tiña que ter contado a Sra. Porro.

O 28 de xuño de 2004 o Pleno desta Corporación trata unha moción presentada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns, sobre actuacións a realizar no Arquivo Pacheco. Entre outras propostas pedía “Que se realicen as contratacións necesarias para levar adiante un traballo de dixitalización e documentación das placas do Arquivo. Que paralelamente se realice unha planificación de obxectivos claros do que se quere facer para o divulgar e rendibilizalo culturalmente”. Falamos efectivamente do plan director que vostede mete na exposición de motivos.

Logo comezamos a marear a perdis e o Sr. López-Chaves propón crear unha comisión multidisciplinar na que participen fotógrafos, arquiteiros, documentalistas, bolseiros, etc., para facer primeiro un estudo dos fondos que ten o Arquivo. Mesmo nese Pleno o Sr. Figueroa di que se leve a moción á comisión de Cultura para que alí se desenvolvan todas as anteriores matizacións.

O Pleno acordou por unanimidade remitir esa moción á comisión de Cultura para que, “...respectando o seu contido substancial, se decida a planificación dos traballos a realizar debéndose informar ó Pleno da decisión que neste sentido se adopte”. Este acordo de cando vostedes gobernaban nunca se executou, nin na comisión de Cultura, nin no Pleno, nin na Xunta de Goberno Local, nunca se falou da planificación de traballos.

O 4 de outubro de 2004 a Xunta de Goberno Local quedou informada do informe do

director do Arquivo no que se sinalaba da necesidade de adoptar certas medidas, entre outras a elaboración nese mesmo ano 2004 dun documento guía de traballo para varios anos. Falamos de novo do plan director e vostedes estaban no Goberno. Agora a perdiz xa está totalmente mareada porque nesa Xunta de Goberno Local dáse da constitución dunha comisión inter-departamental integrada por técnicos do Concello de Vigo. Se eu non teño mal a información esta comisión debeu reunirse só dúas veces.

Sen contar cun plan director o 7 de abril de 2005 o concelleiro de Cultura resolve que se inicie un expediente para convocar un concurso público para contratar unha asistencia técnica para a actividade do Arquivo Pacheco.

O 10 de outubro de 2006, dezoito meses logo, é cando queda rexistrado o último trámite deste expediente ó lle pasar ó Arquivo Pacheco para conformidade do concelleiro delegado da área, o informe proposta do xefe de negociado de Contratación da Xunta de Goberno Local sobre a autorización do gasto e aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas. Esta conformidade non se chegou dar nunca pola concellería a pesar de que o expediente ten un informe da Asesoría Xurídica do 9 de outubro de 2006.

Non se lle deu a conformidade a este concurso de contratación para o Arquivo simplemente porque non ha consignación presupostaria. As cativas partidas do Arquivo Pacheco xa estaban gastadas noutras cousas. No mes de xuño xa dixera o informe do interventor que se dispoñía de 124,06 euros.

Dito isto e volvendo ó comentario da súa moción, nela repiten dúas veces que o actual goberno rematou pechando ó público. Quero preguntarlle ós integrantes do Partido Popular se saben realmente quen pechou ó público o Arquivo Pacheco, coido que si o saben.

Sra. Larriba, estou seguro de que vostede non mente, para considerar que algo é mentira ten que ir acompañado da consciencia da falsidade. O grave aquí é quen lle permite acusar en falso. Sabe vostede realmente quen pechou o Arquivo Pacheco.

Vou rematar achegando unhas notas que seguro que se lles queda algunha dúbida vanlla aclarar perfectamente.

O 22 de setembro de 2005 solicítanse fotos da festa da Coca de Redondela para a súa publicación nun programa. Dous meses logo, que xa é tempo para contestar

unha solicitude, o 29 de novembro de 2006 din textualmente: “Lamentamos informarlle que neste momento non é posible atender calquera demanda relacionada coa colección fotográfica do Arquivo Pacheco xa que estamos nun proceso de reforma interna do mesmo que o impide. Quedamos ó seu dispor para nun futuro próximo dar conta á súa solicitude”.

Nese ano 2006 hai máis peticións de material do Arquivo Pacheco das que non consta ningún tipo de resposta e algunhas eran feitas mesmo polo Instituto de Estudos Vigueses que depende do propio Concello.

A Consellería de Vivenda solicita fotografías concretas de tres edificios para unha publicación e o 9 de abril de 2007, que seguían gobernando vostedes, respóndenlle: “Estamos a recompoñer o Arquivo aínda que carecendo dun persoal suficiente para atender as demandas como a presente”.

Á Biblioteca Central de Vigo o 9 de maio de 2007, tamén a unha petición que fai, se lle di: "Comentareille que o Arquivo Pacheco está baixo mínimos xa que se está a traballar na posta a punto da base de datos e noutros traballos internos que impiden unha apertura ó público daquel a pesar das continuas demandas neste sentido". Non sei se lles quedou claro agora. Gracias.

SRA. LARRIBA LEIRA: Coido que estou bastante ben informada do que aconteceu e lamento moito que dende a Concellería de Cultura se suspendan sistematicamente todas as actuacións e que os profesionais que traballaron nas institucións de Vigo se vexan criticados e censurados no seu labor, labor que lles custou moito facer e que vostede, polo que está a dicir aquí, despreza.

Di que moitas peticións de documentación non foron atendidas polo Arquivo Pacheco. Eu pódolle dicir que outras si, pódolle relatar moitas outras peticións de documentación para catálogos, exposicións, etc. que si se atenderon. Vostede sabe que o problema coa catalogación dos fondos e coa base de datos ven de antigo; sabe que o servidor do Arquivo estragouse; sabe que non había presuposto de investimentos; sabe que a partir do ano 2005 en que a Xunta de Galicia suprime os contratos “Labora” era imposible conseguir máis persoal para o Arquivo.

Tivo un director extraordinario que puxemos nós, que con precariedade absoluta de medios, tanto persoais como materiais, conseguiu desenvolver unha actividade de difusión extraordinaria e mesmo tentar arranxar as desfeitas internas que había en

canto á conservación dos fondos que son moi numerosos e en canto á catalogación que un traballo moi lento.

Non se pode prestar material indiscriminadamente e ten que haber un persoal que o controle; cando un arquivo presta un documento, ese documento ten que estar perfectamente catalogado, temos que ter todas as garantías da súa reprodución, que ese obxecto se devolva coas mellores garantías. Vostede fálame de tres ou catro casos en que non se atenderon peticións; eu pódolle dicir outros tantos que si.

O que si está claro é que suspendeu calquera outra tarefa; está suspendendo ós profesionais que alí traballaron e isto é o que máis me doe porque non é unha cuestión dunha mala decisión nun momento determinado; é cuestión dos profesionais que están traballando cunha gran precariedade e que de pouco acadaron facer moito.

Fala de que fomos nós quen pechamos o Arquivo Pacheco. O Arquivo non se pechou, tivo un director que se mantivo ata que vostedes chegaron ó goberno desta cidade. Non podía ter unha actividade de difusión, unha apertura ó público por que non tiña persoal, acabouse o presuposto e o arquivo non tiña capacidade para o contratar.

Vostedes que critican e censuran isto nos últimos meses do ano, como me explican que pasara un ano e que o Arquivo está pechado, que non ten director. Agora si teñen presuposto, si poden contratar, si que podían ter estado todo este ano atendendo peticións, avanzando no traballo de catalogación e conservación. Explíquenme vostedes por que non o fixeron. Esa é a miña pregunta. Por que pasou un ano e o Arquivo Pacheco está paralizado?

(No momento da votación atopase ausente a Sra. Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Porro Martínez e catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez

Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, instando un plan director para o Arquivo Pacheco e que se prosiga cos traballos de conservación e investigación.

19.- (127).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A POSTA EN FUNCIONAMENTO DA OFICINA MUNICIPAL DE VIVENDA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 8 de maio, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"Facilitar o acceso á vivenda, e en particular ós máis mozos, debe ser unha prioridade para as administracións públicas.

Hoxe en día, á hora de solicitar un crédito hipotecario os xoves atópanse nunha situación un tanto excepcional, tendo que adicar ata un 60% do seu salario e tardando unha media de 40 anos en amortizar a cantidade total do préstamo solicitado. A esta situación hai que engadir a subida progresiva dos xuros e dos prezos, en particular a cesta da compra, ademais da inseguridade laboral á que se teñen que enfrontar os traballadores, ou ó incremento do paro. Isto fai que para os máis mozos sexa cada día máis difícil poder acceder a un crédito hipotecario para adquirir unha vivenda en réxime de propiedade.

Unha opción é o contrato de aluguer, pero o seu acceso tampouco é de todo sinxelo. Hoxe en día o 50% dos arrendadores de vivendas só acepta alugar a inquilinos con contratos laborais indefinidos e un 35% a aqueles que teñan unha nómina tres veces superior ó prezo de aluguer. Tamén é habitual que soliciten aval bancario que ten que ser renovado anualmente ao longo da vida do contrato co correspondente gasto que este feito supón.

Tendo en conta esta situación, dende as Administracións débense levar a cabo políticas que garantan que máis de 60.000 xoves vigueses en idade de emancipación poidan alcanzala.

Con estes antecedentes, o pasado 29 de outubro de 2007 o Goberno Local anunciaba que o 2 de xaneiro de 2008 abriríase unha oficina encargada de facilitar vivendas de aluguer para os xoves, pero a realidade é outra ben distinta: esta oficina aínda non se atopa en funcionamento.

Unha vez máis, a política deste Goberno Local quédase nunha mera foto, esta vez a través da firma do convenio entre a Sociedade Pública de Aluguer, dependente do

Ministerio de Vivenda, e o Concello para instalar a tan desexada oficina.

Co todo o anteriormente exposto este grupo político solicita:

Que o Goberno Municipal cumpra o seu compromiso e poña en funcionamento dunha vez por todas a Oficina Municipal de Vivenda."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de maio, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Facilitar o acceso sobre todo á mocidade é unhas das principais tarefas da administración. Nestes momentos tan só hai dúas opcións para poder optar a unha vivenda; unha sería a súa compra. A verdade é que a mocidade hoxe en día para poder optar a unha vivenda neste sentido tería que se hipotecar uns corenta anos e pagar o 60% do seu salario. Pero isto cada vez é máis complicado posto que a suba dos intereses dos prezos, sobre todo a cesta da compra, xunto coa precariedade laboral e o paro provoca que cada vez sexa máis difícil o acceso ós créditos hipotecarios.

A outra opción sería o aluguer que tamén ven prexudicada pola situación actual. Cada vez máis, concretamente o 50% dos propietarios dos inmobles esixen a todas aquelas persoas que queiran alugar a súa vivenda que teñan un contrato laboral fixo e un 35% esixe que o seu salario triplique o propio aluguer ó que queren optar. Non só isto, tamén se complica a situación cando lles solicitan un aval bancario que como todo o mundo sabemos é oneroso para o propio aluguer e cada ano hai que renovar coa contía correspondente. Na actualidade a nosa administración tería que tratar de resolver os tipos de problemas a 60.000 mozos e mozas da cidade de Vigo que se atopan en idade de emancipación.

Con todos estes antecedentes nestes momentos o goberno, presidido polo noso alcalde, o que fixo foi reunirse o 29 de outubro de 2007 para dicir que o día 2 de xaneiro se ía abrir unha oficina de vivenda. Coido que xa pasaron case cinco meses. Nela se ía ofertar unha oficina de alugueres para que todos os mozos puideran optar ó aluguer dunha vivenda pero isto segue a ser improbable posto que en ningún momento se creou.

Tamén é certo que nesta política de goberno actual é constante a foto, neste caso o foi para a sinatura do convenio coa sociedade pública de alugueres, dependente do

Ministerio de Vivenda, onde o Concello se comprometera a crear unha oficina de aluguer. Pola nosa banda instamos que o goberno municipal cumpra o seu compromiso e poña en funcionamento dunha vez por todas a oficina municipal de vivenda.

SR. MARIÑO MENDOZA: Non podo deixar de estar de acordo coa exposición que fai da consecución de vivenda no momento actual, tanto se é en propiedade como de aluguer. Adiántolle que imos votar a favor desta moción pero tamén lle quero lembrar que a execución e formalización de esta oficina de vivenda leva consigo unha tramitación administrativa que se está a levar a cabo.

Isto non é un problema que xurda nuns meses. Vostedes gobernaron esta cidade durante moito tempo e non fixeron nada nesta materia. Alegrámonos que compartan esta vontade de necesidade de creación da oficina de vivenda que se está a levar a cabo.

Infórmolle que a Xerencia de Urbanismo está a traballar no programa para desenvolver esta oficina non dende o 29 de outubro de 2007, senón dende o primeiro día de goberno porque cremos que a vivenda é unha das prioridades que a mocidade desta cidade ten neste intre.

Alegrámonos de que compartan a nosa postura na creación desta oficina que coidamos que vai solucionar moitos problemas que hai neste intre.

SRA. MAURE NOIA: As políticas de vivenda desenvolvidas tanto pola consellería como polo ministerio e o propio Concello, necesitan de oficinas de xestión que faciliten ó acceso da cidadanía á vivenda e en concreto á vivenda de calidade.

Parécenos ben que o Partido Popular se preocupe agora polo problema da vivenda, xa que durante o seu goberno, tanto na Xunta de Galicia como no Concello, non se creou ningunha oficina de vivenda en Vigo que puidese xestionar vivendas de protección, bolsas de aluguer ou demais axudas á vivenda de calidade.

En Vigo xa existe unha oficina da Consellería da Vivenda que xestiona e achega á cidadanía as axudas ás que poden acceder en canto á vivenda de aluguer. É unha oficina na que traballan nove persoas e que se creou cando o BNG se fixo cargo da Consellería da Vivenda. Nun resumo breve do seu traballo podemos dicir que os distintos programas consisten en crear programas de vivenda de aluguer da Xunta

de Galicia do que se tramitaron máis de tres mil expedientes co obxecto de facilitar á cidadanía con menos recursos satisfacción ás necesidades de vivenda.

O investimento anual deste programa en canto as subvencións que se dan tanto ó propietario como ó inquilino acadan nesta cidade os dous millóns de euros, facilitando vivenda á xente con menos recursos, en especial a xente con risco de exclusión social: mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas que non poden pagar rendas de aluguer doutras vivendas, etc.

Ademais se xestiona o programa de renda de emancipación do que se levan tramitados máis de mil cen expedientes nos últimos catro meses, supoñendo unha axuda media para os mozos de 200 euros mensuais o que supón que empezamos falar dunha cobertura importante para os mozos que necesitan vivenda na nosa cidade.

Tamén funciona en Vigo unha oficina que xestiona axudas para conseguir mellorar a calidade das vivendas existentes, como é a oficina municipal de rehabilitación de vivenda. Esta oficina, na que traballan oito persoas, aberta dende o ano 2000, sendo alcalde don Lois Pérez Castrillo, xestiona as seguintes axudas: a cédula de rehabilitación de calidade de inmobles e conxuntos históricos na que o Concello fixo un convenio coa Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia; axudas de áreas de rehabilitación de centros históricos mediante un convenio do Plan Vivenda co Ministerio, a Consellería e o Concello; e axudas para a rehabilitación de cubertas, fachadas e imaxe exterior dos edificios dos cascos históricos da propia Consellería de Patrimonio Histórico.

Ademais dáse información sobre calquera outra axuda que desenvolvan tanto a Xunta de Galicia como o goberno do Estado e que poida interesar ós cidadáns para mellorar a calidade das súas vivendas, como poden ser as axudas da eficiencia enerxética dos edificios, axudas para intervencións arqueolóxicas ou a cédula de rehabilitación para edificios catalogados fóra dos centros históricos.

Por último e como xa dixo o concelleiro de Urbanismo, pronto se abrirá unha nova oficina municipal de vivenda. Polo tanto en breve teremos tres oficinas en Vigo adicadas a facilitar o acceso á vivenda e a obter vivenda de calidade.

Alegrámonos moito que agora o Partido Popular empece a preocuparse polos problemas da vivenda e votaremos a súa moción a favor.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Quédome sorprendido porque ese tema non era para tratar hoxe, era da anterior moción porque realmente me acordou todas as estatísticas que traía o outro día pero non se preocupe que lle contestarei convenientemente.

Efectivamente vostede me sinalaba que a oficina de aluguer de vivenda está en "rodadura". Sorpréndeme que lle bote a culpa aínda hoxe a que o proceso é moi longo; maximo que dende o 29 de outubro, como vostede di porque se foi antes o proceso podía ter empezado hai moito tempo pero indicarei cando o fixo porque hai unha Xerencia de Urbanismo o 28 de marzo que é realmente onde empeza o procedemento. Xa llo lembrarei no momento oportuno.

O que está claro é que dende o 29 de outubro de 2007, cando o alcalde se reúne con Alejandro Inurreta, presidente da Sociedade Pública de Alugueres, e coa directora Amparo Plaza, indicando nese momento que o día 2 de xaneiro se ía proceder á apertura da oficina de aluguer, maximo que naquel intre o alcalde xa sabería facer o pertinente. Mesmo nese momento o ministerio dalgún xeito se puxera de acordo co alcalde para poder asinar ese convenio onde realmente se introducise un proceso conxunto co Ministerio de Vivenda para que se puidese xestionar ese convenio e que unhas semanas despois se asinaría.

Estamos falando sempre do 29 de outubro onde a concellería de Urbanismo nese momento tería que crear unha oficina de vivenda para que as persoas privadas que teñan algún tipo de vivenda e queiran alugala poidan incorporarse a ese sistema, ou mesmo as públicas pero efectivamente iso aínda non existe porque aínda que se producisen movementos de persoal o que está claro é que as xestións poderían ter comezado como vostede ben indicou, pero non o 28 de marzo senón o 29 de outubro de 2007.

O Ministerio de Vivenda coa Sociedade Pública de Alugueres ía encargarse de realizar un seguro para que aquelas persoas que alugasen as súas vivendas, que ó mellor son remisas a iso polas posibles consecuencias que poidan traer ás persoas que se atopan dentro da propia vivenda; ese seguro garantiría o cobramento das cantidades oportunas durante a vida do contrato e ó mesmo tempo os danos que puideran ocasionarlle pero todo coa previa sinatura do convenio que o 29 de outubro se dixo que se ía asinar nas semanas posteriores.

O día 12 de decembro de 2007 o noso alcalde indicaba que tentaría convencer ós propietarios privados, palabras que utilizou, para que introducisen esas vivendas

de alugar ó mercado da vivenda correspondente á oficina que se ía crear, non subindo o IBI nin moito menos, senón doutros xeitos que non explicou no seu momento pero seguro que poderá facelo noutra entrevista.

O 25 de xaneiro de 2008 a concelleira de Urbanismo anunciou a bombo e prato, como é normal no goberno actual, unha inmediata posta en funcionamento da oficina municipal da Vivenda; por inmediatamente eu entendo que xa tiña todos os proxectos preparados, cousa que non mirara en ningunha Xunta de Goberno pero como aquí todo se pode dar, podía ser producido. Para isto se esixía a contratación de tres persoas: un director, un licenciado en dereito e un administrativo. Non se produciu nese momento, 25 de xaneiro, hai que salientar as datas porque son importantes para ver a consecución dos feitos.

Nese intre as únicas oficinas que se podían ofrecer eran aquelas de propiedade privada e pasalas directamente a esta oficina municipal pero coas persoas que eu falei en ningún momento tiveron oficina. Ó parecer existe un teléfono que se vostede chama, eu fíxeno, di que non hai nada a disposición e que aínda non existe nada diso, pero efectivamente a xente está desexosa.

Finalmente o 28 de marzo de 2008, é dicir, dende o 29 de outubro ata o 28 de marzo pasaron moitos meses, vai á Xerencia de Urbanismo a contratación de persoal en prácticas. Se vostede considera que a oficina é tan importante a min realmente me crispa que sexa persoal en prácticas, pero vai un licenciado en dereito e un arquitecto superior. O administrativo non sae, maximo que será noutra Xerencia.

Como vostede sabe os alugueres subiron en España o 4,3%, subiron o 0,1 máis que o IPC que segundo as estatísticas o ano pasado foi do 4,2. No que vai de ano subiu o 1,9% e só no mes de abril o 0,5%.

Se nós non puidemos facelo porque a axencia de Urbanismo, como vostede indicou, non seguiu o procedemento adecuado o que si está claro é que a Consellería da Vivenda si que o fixo. O 27 de xaneiro de 2008 sae publicado en prensa que "O programa vivenda ofrece o primeiro edificio e Vigo destinado todo a aluguer". Isto paréceme estupendo aínda que como non o facemos nós paréceme bastante triste, aínda que as persoas que está alugadas neste inmoble seguramente teñan o beneplácito correspondente.

Con relación á nosa compañeira concelleira indicarlle que sinxelamente esas

características que vostede indicou sabémolas perfectamente e como vostede ben sabe esa oficina que vostede mencionou constantemente do 2002 maximo que tamén estaríamos nós porque gobernamos nun período de tempo e deixámola aberta, así que me parece estraño que diga que non facíamos nada.

O que si está claro é que esa oficina tería que estar máis tempo aberta porque a mocidade que reclaman esas axudas non sei se saberá vostede que traballan de mañá para poder pagar os seus alugueres e esa oficina abre tan só de mañá. En algunha moción que presentamos solicitamos que esa apertura fose maior pero nunca se concedeu.

Vostede falou de cifras de 3.000, 1.500; non teño os datos aquí pero gracias a que teño as mocións arquivadas podo dicirlle que son 1.595 que din que se concederon. A verdade é que falando con moitas persoas, coñecidos, amigos e familiares, aínda non recibiron nada deses cartos, moitas promesas pero á hora da verdade non existe nada. Esperemos que chegue porque din que están concedidas pero os cartos aínda non están chegando.

O único que digo é que esta oficina é de necesidade primordial e deixémonos de falar de se a xerencia necesita máis ou menos persoal.

SR. MARIÑO MENDOZA: En primeiro lugar facer algunha aclaración porque coido que algún dos datos non son correctos. Esas dúas persoas que foron á Xerencia o 28 de marzo, un arquitecto e un xurídico, son para oficina de aluguer por ese convenio que se vai asinar co Ministerio, que non ten nada que ver coas tres persoas que van levar a oficina de Vivenda, son dúas cousas completamente distintas. Aclarar que esas dúas persoas que foron en prácticas son para a oficina de aluguer e non para a de vivenda.

Reitero o que dixen antes, coido que gobernaron moito tempo, isto non é un problema de onte. Alegrámonos de que apoien a nosa idea e por iso imos votar positivamente a súa moción.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Coido que expliquei claramente o que quería dicir con esta oficina pero se vostede non me entendeu é cosa de seu e non vou entrar no tema. O único que solicitamos é que sexan coherentes no que están de acordo así que non enganen máis á cidadanía con falsas promesas. Por iso lles esiximos que

cumpran os seus acordos e que non lle teñan que lembrar cinco meses logo a apertura desta oficina porque vostedes fan unha política de prometer e este partido político non é a súa axenda.

O concelleiro dalgún xeito debería centrarse no que din para poder poñerse ó día e non só falar desas promesas que se non as van cumprir non as digan.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintese membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro Sr. Martiño Gómez, instando a posta en funcionamento da Oficina Municipal de Vivenda co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (128).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO OBRAS DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA PRAZA DE A PEDRA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de maio, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Miguez, formula a seguinte moción:

"Como expresamente se recolle no Preámbulo da Lei 8 /1993, de 22 de xuño, de Promoción da Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas desenvolvida polo Regulamento Técnico aprobado por Decreto 13/2007 do 15 de marzo "a sociedade en xeral, e os poderes públicos en particular, teñen o deber de facilitar a accesibilidade ao medio de todos os cidadáns"

O artigo 49 da CE, encomenda aos poderes públicos a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, aos que prestarán a atención específica que requiran e máis ampararán especialmente para o goce dos dereitos que a Constitución outorga a todos os cidadáns.

A mellora da calidade de vida de toda a poboación, e moi especialmente das persoas con mobilidade reducida ou calquera outra limitación, convértese, así, nun dos obxectivos fundamentais da actuación pública desenvolvida nestas normas.

A accesibilidade interna que comporta a eliminación das barreiras urbanísticas e da edificación en cidades e máis edificios, do transporte e da comunicación vén de se converter nun dos maiores retos cos que a sociedade de hoxe en día se enfrenta.

É indubidable que quen máis precisan das oportunidades e do benestar que creamos todos os vigueses, son as persoas maiores, aquelas que padecen algunha discapacidade ou dependencia e polo tanto de nada serve a prosperidade dunha sociedade se esta non chega a todos os seus membros.

A cidade de Vigo debe acadar a plena integración e participación das persoas con discapacidade en tódolos ámbitos da economía e da sociedade. As persoas con discapacidade teñen dereito a recibir o apoio necesario para o desenvolvemento pleno da súa vida persoal e profesional.

Os poderes públicos teñen, xa que logo, a obriga de garantir a súa igualdade e a súa inclusión en todos os ámbitos sociais. Unha sociedade avanzada esixe a plena integración das persoas con discapacidade.

A accesibilidade arquitectónica, urbanística e máis no transporte é un dereito básico para as persoas con discapacidade. Os problemas de accesibilidade afectan especialmente as persoas que precisan dunha cadeira de rodas para a súa mobilidade, aínda que estes non son os únicos prexudicados. Unha boa accesibilidade beneficia a todos cando se leva a un neno nun carriño, cando se coxea por culpa dunha lesión, cando se leva peso, ou simplemente porque un acceso sinxelo é sinónimo de comodidade.

Na actualidade resulta imposible para unha persoa con discapacidade acceder desde a praza de A Pedra ao Centro Comercial de A Laxe. O acceso desde A Pedra dispón de dúas escaleiras de dous banzos cada unha, ademais dun pequeno espazo existente entre un farol e un banco corrido de pedra de 30 cm de superficie chan.

A afluencia de persoas con discapacidade, nais con carriños de bebé... tense incrementado considerablemente na zona trala instalación da rampla de acceso desde o miradoiro de A Pedra cara Á Laxe.

Por todo o exposto, o GM do PP insta ao Goberno local a levar a cabo as obras necesarias para a supresión de barreiras arquitectónicas na Praza de A Pedra co fin de garantir o libre acceso ao Centro Comercial a todas aquelas persoas que por sufrir dalgunha discapacidade ou por outras condicións xa expostas, non poden acceder na actualidade."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de maio, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Como expresamente se recolle no Preámbulo da Lei 8/1993, do 22 de xuño, de Promoción da Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas desenvolvida polo Regulamento Técnico aprobado por Decreto 13/2007 do 15 de marzo "...a sociedade en xeral, e os poderes públicos en particular, teñen o deber de facilitar a accesibilidade ao medio de todos os

ciudadáns”.

É indubidable que quen máis precisan as oportunidades do benestar que creamos son as persoas maiores, aqueles que padecen algunha discapacidade ou dependencia e por tanto de nada serve a prosperidade dunha sociedade se esta non chega a todos os seus membros. A cidade de Vigo debe acadar a plena integración e participación das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da economía e da sociedade. Teñen dereito a recibir o apoio necesarios para o desenvolvemento pleno da súa vida persoal e profesional.

A accesibilidade arquitectónica, urbanística e máis no transporte é un dereito básico para as persoas con discapacidade. Os problemas de accesibilidade afectan especialmente ás persoas que precisan dunha cadeira de rodas para a súa mobilidade, aínda que estas non son as únicas prexudicadas. Unha boa accesibilidade beneficia a todos cando se leva un neno nun carriño, cando se coxea por culpa dunha lesión, canso se leva peso ou simplemente porque o acceso sinxelo é sinónimo de comodidade.

Na actualidade resulta imposible para unha persoa con discapacidade acceder dende a praza da Pedra ó centro comercial da Laxe. O acceso dende A Pedra dispón de dúas escaleiras de dous chanzos cada unha ademais dun pequeno espazo existente entre un farol e un banco corrido de pedra de trinta centímetros de superficie chan.

Deseguido a Sra. García Míguez procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Ante todo agradecerlle ó Partido Popular e á súa concelleira que presentaran esta moción porque precisamente dende o goberno consideramos que a accesibilidade non é unha cuestión dun grupo político ou dun goberno senón de todo un Pleno.

A accesibilidade é algo fundamental para que verdadeiramente eses colectivos que teñen algún tipo de discapacidade acaden o que todos cremos que deben acadar, que é a igualdade de oportunidades que nestes momentos por desgracia non a teñen.

Todos sabemos, non sei se vostedes o saben, que neste Concello hai un plan de

accesibilidade que se rematou ó final de 2002, feito polo goberno do BNG e o PSOE e que logo de 2002 quedou nun caixón. Cando no ano 2003 ó 2007 eu estaba na oposición en varias ocasións preguntei polo plan e ó final atopámolo.

Hai que recoñecer que ó mellor non é un plan moi utilizable porque ten mil cento e pico páxinas, era un plan quizais demasiado ambicioso para poñer en marcha pero por outra banda si que se podía desglosar e ir poñendo en marcha pequenos obxectivo. Tamén hai que recoñecer que algo se fixo pero non coa ambición que se debería facer nin co entusiasmo que habería que poñer neste terreo a ese plan.

Nese sentido este goberno si vai actuar e ademais queremos ter o seu consenso. Queremos converter a accesibilidade nunha disciplina transversal de todas as concellerías, que todas esteamos implicadas e que vostedes tamén se impliquen como oposición para traballar a prol desta accesibilidade.

Queremos marcámonos obxectivos e o primeiro é precisamente a creación do departamento de accesibilidade, que sería necesario que xa estivese creado co que dalgún xeito algo teríamos avanzado para que todos os proxectos, programas e planes que saíron deste Concello ó longo da toda a lexislatura pasada tiveran saído con criterios de accesibilidade e moito teríamos avanzado. A creación dun departamento de accesibilidade teoricamente non é tan custosa, daquela tampouco se creou o departamento de igualdade para aplicar esa transversalidade. Trátase dun departamento e de toma de conciencia de todos os técnicos e políticos que é o máis importante, vontade política que para nós é fundamental.

Nós si nos preocupamos da accesibilidade e como é así, precisamente neste tema no que respecta ó que citan na moción de que haxa ramplas de acceso, xa no comité executivo da Zona Franca se expuxo este problema por parte do tenente de alcalde Sr. Domínguez Olveira, díxolles que se fixera a accesibilidade como tiña que ser para comunicar a pasarela co casco vello. Hai que dicir que a Zona Franca se preocupou de arranxar a parte de alá pero non a parte de acá. Xa nos demos conta e neste momento está en marcha a contratación dunha empresa para a realización de dúas ramplas accesibles, tanto por un lado como polo outro.

Polo tanto, gracias pola moción, efectivamente xa temos en marcha o proceso e pronto veremos as ramplas para que esta accesibilidade sexa unha realidade.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Alégranos que estea en marcha a nosa petición pero como sexa como todas as actuacións que están prometendo dende o principio, mal van facer. Curiosamente as promesas do Bloque para o 2007 ó 2011 eran creación do departamento municipal de accesibilidade que non se levou a cabo; plan de mellora e axuda á autonomía persoal que tampouco se levou a cabo, tamén estará en marcha; o plan de temporalización para avance na eliminación de barreiras arquitectónicas que tampouco está en funcionamento.

Tamén nos sorprende que dentro dos compromisos do PSOE e do BNG adquiridos no seu acordo de goberno 2007/2011 o único punto con respecto ás persoas con discapacidade está no plan de emprego que logo de case un ano de goberno de momento non se levou nada a cabo.

Tamén dentro das promesas do alcalde, Sr. Caballero, a única actuación que temos con respecto ás persoas con discapacidade é un plan de mobilidade que aínda non hai información sobre ela.

Creemos que é algo importante que debe terse en conta á hora de traballar con estas persoas que realmente si necesitan eses presupostos que din que enfocan cara ás persoas e alégranos que ós poucos, logo dun ano, empecen a tomar cartas no asunto.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Lémbrolle á Sra. García Míguez que nós levamos exactamente once meses no goberno e vostedes estiveron tres anos e medio. A cuestión é que nós si imos cumprir o que dicimos e de feito estamos cumprindo coa posta en marcha de moitas cousas aínda que vostedes non foran quen de dicir a verdade porque lanzan acusacións que algo quedara.

Temos tres anos para poñer en marcha todo iso. Este ano invitarémola a vostedes e a todo o seu grupo a que vexa a posta en marcha de todos eses proxectos e en dúas semanas non se preocupe que tamén os invitaremos á inauguración desas dúas ramplas de acceso.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Debería contar unha actuación que levou a cabo dende o seu goberno logo de once meses con respecto a esta problemática. Voulle contar o que si fixo o goberno da Sra. Porro dende o ano 2003 ó 2007.

Aumentouse o 353% o presuposto en accesibilidade, fixéronse accesibles todas as novas intervencións urbanas que non foron poucas, puxeron en funcionamento catro euro-taxis, Vigo foi a única cidade galega con dous autobuses PMR para discapacitados, aprobouse a gratuidade dos billetes de autobús para persoas con discapacidade e os seus acompañantes, fundáronse tres pisos para programas de vida independente; cando chegamos en 2003 existían 83 prazas de aparcadoiros para discapacitados e deixamos máis de 314 prazas.

A máis de todo iso si se creou o gabinete de accesibilidade e incorporáronse as concellerías de Vías e Obras, Tráfico, Parques e Xardíns, Xerencia de Urbanismo; elaborouse o regulamento para a creación do Consello de Accesibilidade, púxose en marcha o plan de accesibilidade; potenciouse a accesibilidade en todos os ámbitos municipais solicitando a todas as concellerías medidas e accións necesarias para a aplicación da normativa de accesibilidade do ano 2000.

Coido que interminables actuacións e de momento non coñecemos nin unha soa actuación que levara a cabo o seu goberno.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola concelleira Sra. García Miguez, instando obras de eliminación de barreiras arquitectónicas na praza de A Pedra, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (129).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Ó HORARIO DE APERTURA DOS CENTROS SOCIAIS DA XUNTA DE GALICIA E MEDIOS ECONÓMICOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 17 de maio, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

"Durante o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, creáronse a maioría dos Centro Sociais existentes en Vigo e noutras moitas cidades e pobos de toda Galicia.

Ditos centros foron concibidos como lugares de encontro para fomentar as

relacións entre as persoas, en especial aquelas que pola súa situación persoal como os maiores e xubilados dispoñen de tempo de lecer.

Gracias as actividades que se levan a cabo, estes lugares de encontro son agora focos culturais, sociais e de participación dos veciños e veciñas das zonas onde están situados.

Nos centros sociais de Vigo atopámonos cunha diferenza en relación cos centros doutras localidades xa que os nosos pechan os domingos, os festivos e mesmo algúns os sábados.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular sabemos a importancia que para a cidadanía teñen os Centros Sociais e somos coñecedores das demandas dos usuarios, na súa maioría maiores que atopan nestes lugares un xeito de entretemento e de relación e que precisamente os domingos e festivos dispoñen, se cabe, de máis tempo libre.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Que o Goberno Local inste á Xunta de Galicia a que dea as ordes oportunas para que os Centros Sociais de Vigo permanezan abertos todos os días da semana incluíndo os sábados, domingos e festivos.

Que soliciten, ademais, que a Xunta de Galicia aporte os medios económicos necesarios para levar a cabo esta proposta."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de maio, quedou informada do contido da anterior moción.

A concelleira Sra. Iglesias Bueno, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Efectivamente a creación dos centros sociais foi unha obra do Partido Popular. Malo sería que algo non tivera feito, Sra. Iglesias, porque o Partido Popular leva gobernando este país "in eternis", á parte dos dezaseis anos do goberno da Xunta, xa moito antes gobernaba este país o Partido Popular aínda que daquela non se chamaba así.

Coido que os centros sociais son unha necesidade, que foron unha boa idea, era necesario que existisen e precisamente o Partido Popular ou quen gobernase naquel intre na Xunta foi quen de ver esa necesidade e crear algo tan necesario, tanto nas cidades como nos pobos, como lugares onde os nosos maiores se

reunisen e fixesen cousas.

Pero tamén hai que dicir que ata hai ben pouco os centros sociais non estaban dotados de contido, limitándose a ser en moitos casos lugares onde ían os nosos maiores, botaban unha partida, tomaban algo na cafetería e bailaban, o que é moi bo. Dende hai uns anos para acá empezaron a dotarse de contido, cousa positiva porque curiosamente unha das estatísticas que hai hoxe é que acoden moitas máis mulleres dende hai uns anos para acá. Isto porque antes se limitaban a ir os homes a botar a partida, tomar o café e agora non, agora hai programas, hai actos e estanse facendo cousas verdadeiramente positivas para os nosos maiores.

Este contido reflíctese en que cada vez máis xente participa nos centros sociais e hai máis demanda para que se fagan máis cousas. Temos que dicir que na Xunta de Galicia ata hai ben pouco tiveron a posibilidade de poñer en marcha esta opción de dotar máis persoal para que abrisen os centros sociais os festivos, domingos e sábados e non se puxo en marcha. Se os quixesen dotar de persoal suficiente a pregunta que lle hai que facer é por que hai tres anos non e agora si? Que aconteceu dende hai tres anos? Vostedes tiveron esa oportunidade.

En concreto e en canto ós centros de Vigo, dicirlle que polos datos que temos o Calvario abre toda a semana, mesmo os sábados de 10 a 20 horas; o único día que está pechado é o domingo. O centro de Rivera Atienza tamén o único día que está pechado é o domingo. O centro social de Bouzas é ó revés, pecha o sábado e abre o domingo. O centro de Coia abre todo o día o sábado e pecha o domingo. E o centro de Teis igual. Sen embargo o Fogar do Maior abre o sábado e o domingo.

Saben que para que abrisen tamén os domingos, que é o único día da semana que están pechados, habería que duplicar o persoal que os atende porque o que está actualmente hai sentenzas do Xulgado do Social e por convenio colectivo non sería posible pedirles que estivesen máis tempo, por iso se utiliza o feito de que abran as cafeterías o que propicia que se poidan abrir estes centros.

Esta é a realidade, todo o demais dalgún xeito veñen ser brindes ó sol porque repito que o Partido Popular non foi quen de facer o que agora lle está a pedir ó actual goberno, como en todas as demais mocións que teñen presentado e que entendemos que esta é o seu labor como oposición.

É máis, Sra. Iglesias, vostede di algo na proposta de acordo que me chama a atención. Di que ordene á Xunta de Galicia, que dea as ordes oportuna; moito lle

gusta dar as ordes oportunas pero eu non creo que o Concello de Vigo sexa quen para dar as ordes oportunas a unha administración coma a Xunta de Galicia.

SRA. IGLESIAS BUENO: Antes de nada me gustaría unha explicación do comentario de que o Partido Popular gobernou máis de dezaseis anos na Xunta de Galicia. Que o explique ou que o retire.

Xa no referente á moción déixeme dicirlle que é vostede tan predicible e como xa lle dixen en varias ocasións está tan desinformada que maximaba a contestación de que nós levabamos moitos anos e non o fixeramos. Tristemente ese é o seu único argumento e precisamente ese por que non o fixemos nós é o que nos avala porque nós, nese tempo, só na provincia de Pontevedra construímos dezanove centros sociais, iso sen contar cos fogares porque vostede mencionou un e eu non falaba diso senón de centros sociais.

Vostedes atopáronse cunha gran parte do traballo feito e a estas alturas do goberno bipartito que leva xa máis de tres anos, a xente xa non espera de que fagan grandes centros porque en tres anos non se fixo nin un só centro na provincia de Pontevedra. Se en 16 anos fixemos 19 centros vostedes deberían levar construídos aproximadamente neste tempo case catro centros que non se sabe onde están.

Centrándome en Vigo non sei se lembra que no protocolo que asinamos en novembro de 2006 con Vicepresidencia, tamén asinamos a creación de tres centros socio-comunitarios que a día de hoxe e con once meses de goberno tampouco se sabe nada, nin sequera unha primeira pedra, só se saben os obstáculos que pon este goberno.

Como dicía xa non se espera nada de vostedes a estas alturas pero si que ó menos se melloren as condicións deste centros que iso si que o poden facer. Polo de agora, á parte de moita publicidade, fotos e primeiras pedras que logo non se sabe delas nunca máis, o único é que antes se comía empanada e agora polbo pero a partir daí esa é a súa política de servizos sociais cos maiores deste país. Non o digo eu, dino os centos de sinaturas que foron presentadas á Xunta de Galicia por usuarios de Vigo que non teñen onde ir os domingos.

Non estou a dicir que se explote ós traballadores deses centros sociais, non vou por aí. O que digo é que se poñan os medios adecuados e se fai falla contratar

persoal para levar a cabo eses programas os domingos, que se contrate porque vostedes si que teñen medios. Gasten menos cartos en publicidade e menos bombo e que poñan persoal os domingos nos centros sociais.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO. É sorprendente, o Partido Popular non perdeu a capacidade de nos sorprender, polo menos a min, non sei se tamén a outros membros do goberno. Aclaro o que quixen dicir antes. Eu estaba botando a conta de cando estaba Alianza Popular, non o Partido Popular como tal, por iso dicía que estiveran máis anos, non había ánimo de ningún tipo.

Cando nós levemos dezaseis anos gobernando a min me gustaría poder acusar con alegría, como o fan vostedes, ó goberno da ineficiencia logo de dezaseis anos, a política que fixo o Partido Popular que deixou a Galicia como penúltima comunidade en todo tipo de ratios. Falo de que somos a última comunidade en camas para pacientes maiores de 65 anos; a última en centros de día; a última en residencias para maiores; a última en programas para maiores. Iso é como deixou o Partido Popular a este país en dezaseis anos.

Teñen vostedes razón, construíron dezanove centros sociais onde a xente podía estar, etc. Gústame que as persoas maiores, as persoas que agora mesmo teñen ós seus país en residencias do Barco de Valdeorras, de Arzúa e de Bergondo, na Coruña, moita xente que ven pola miña concellería a pedírmonos por favor que asumamos a esta xente aquí, gústame que a cidadanía de Vigo soubese cantas residencias fixo o Partido Popular no seu tempo, por que estamos nesta política para os nosos maiores? Por que temos esta política? Por que cando chegou o actual goberno á Xunta de Galicia nos atopamos que somos a penúltima comunidade?

Miren, precisamente a aposta do goberno nestes momentos, tanto da Xunta de Galicia como deste Concello, é acadar que esta comunidade estea onde debe estar, onde non a debeu deixar o Partido Popular pero temos que triplicar esforzos, cuaduplicar esforzos porque estamos moi por abaixo en todos os ratios.

Nestes momentos o que hai que dicir é que xa están inaugurados e feitos máis centros de día que os que vostedes fixeron durante todo o tempo, sabendo ademais que iamos cara unha poboación envellecida, que neste momento están a se facer residencias e que nesta cidade vaise facer unha residencia máis porque é necesaria para traer a toda esa xente maior que hoxe as familias míranse

obrigados a irlos visitar a outras provincias. Esa foi a súa política.

Non me vendan centros sociais, que son necesarios, que son bos. O que teñen vostedes que ter feito é outra política e non vir dicindo agora o que non foron quen de facer antes. É certo, é necesario que os nosos maiores teñan programas e niso estamos traballando. Agora mesmo neste Concello estase a traballar en todas as parroquias nas que vostedes non foron quen para facer programas de avellentamento activo porque vostedes o centralizaron en determinados sitios. E nin sequera iso, fixeron cursos de tres meses de memoria, iso foi o que fixeron cando se demostraron absolutamente ineficientes.

Non nos veñan botar agora en cara o que vostedes non foron quen de facer e nós si estamos a poñer en marcha.

Coido que vostedes ademais non son quen para nos falar de publicidade logo dos millóns que teñen gastado en publicidade e non en facer obras e non en traballar polos nosos maiores. Nós si o imos facer, imos traballar por todos os nosos maiores e imos conseguir probablemente en bastantes menos tempo o que vostedes non foron quen de facer durante dezaseis anos.

SRA. IGLESIAS BUENO: Gustaríame que a Sra. Méndez se tranquilizase un pouco e se dera de conta que xa non está na oposición, está no goberno e iso de imos traballar, imos facer, é máis ben dun mitin que dun goberno serio dunha cidade.

Leva un ano no Concello de Vigo e tres na Xunta de Galicia e gustaríame que me respondese ó que lle preguntei antes: cantos centros fixeron neste tempo? Contesto eu: cero. Fálame de residencias; mentres estivo a Sra. Porro de conselleira na Xunta de Galicia no Concello de Vigo se puxeron en marcha dúas residencias. Levan vostedes tres anos na Xunta, con don Anxo Quintana como Vicepresidente, e aínda foi hoxe ó Pleno a cesión da parcela do convenio do ano 2006. Iso é xestión, iso é o que vostedes teñen que facer. Deixe esas enerxías para outro momento, non as gaste no Pleno porque a min dáme igual e gásteas en traballar que é o que ten que facer.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez,

Muñoz Posse e Porro Martínez, e catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, relativa ó horario de apertura dos centros sociais da Xunta de Galicia e medios económicos.

22.- (130).- ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. COMESAÑA ABALDE, DE REPARACIÓN DE TAPA DA REDE DE SUMIDOIROS EN BOUZAS.

INTERVENCIÓN DO SR. COMESAÑA ABALDE: Un rogo para o departamento de Servizos Xerais referente a unha tapa da rede de sumidoiros en Bouzas, na rúa Pazo, á altura do número 3, que se rompeu e fai atrancos de desaugadoiros, etc.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 26 de maio de 2008. Consta de 56 folios da serie A numerados do 2141485 ao 2141540, e números do 378 ao 433. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xullo de 2008.

Vigo, a 28 de xullo de 2008
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda